



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 139

Sesión plenaria
20 de novembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.6 57733 (10/PNP-004287)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 22.10.2019

4.7 57969 (10/PNP-004314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

4.8 58344 (10/PNP-004346)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

Punto 5. Interpelacións

5.1 56678 (10/INT-001907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

5.2 57403 (10/INT-001949)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e catro deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019



5.3 57774 (10/INT-001972)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

5.4 58055 (10/INT-001988)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 58748 (10/POPX-000174)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento íntegro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

6.2 58750 (10/POPX-000176)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre o papel que lles vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

6.3 58752 (10/POPX-000177)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas que vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 54158 (10/POP-006445)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e seis deputados/as máis**

Sobre as liñas mestras que está a implementar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



7.2 58730 (10/PUP-000278)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención que se está a dar ás demandas de reparación, ampliación e mellora, así como de equipamento didáctico, presentadas polo Conservatorio Superior de Música de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

7.3 58728 (10/PUP-000277)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas direccións do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Centro Coreográfico Galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

7.4 56756 (10/POP-006720)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre as modificacións aprobadas pola Consellería de Sanidade no calendario vacinal de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.5 57713 (10/POP-006842)**Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

7.6 58174 (10/POP-006900)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías que vai ter por quenda e no cómputo global o novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

7.7 58722 (10/PUP-000276)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para garantirlle unha alternativa habitacional a unha familia residente en Vigo que pode ser desafiuzada do seu domicilio nos vindeiros días por non poder afrontar o pagamento do seu alugueiro cos ingresos da Risga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019



7.8 56256 (10/POP-006653)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración da Consellaría respecto do posible impacto do acordo da Unión Europea con Mercosur para o medio rural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

7.9 57843 (10/POP-006870)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.10 54924 (10/POP-006511)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 528, do 11.09.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento íntegro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o papel que lles vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas que vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 25.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)



Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Villares Naveira (M).* (Páx. 31.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 36.), *Sra. Santos Queiruga (GCE)* (Páx. 38.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 40.)

O señor Villares Naveira (M) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 48.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 50.), *Sra. Solla Fernández (GCE)* (Páx. 52.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 54.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. García Míguez (P).* (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 64.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 65.) e *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE).* (Páx. 69.)

A señora García Míguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 72.)

O señor Pazos Couñago (P) solicita a palabra e intervén ao abeiro do artigo 76.3 para precisar as súas propias palabras dunha parte da súa intervención. (Páx. 73.)



Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino: *aprobado por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución: *aprobada por 67 votos a favor, ningún en contra e 4 abstencións.* (Páx. 744.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda: *rexeitada por 19 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 74.)

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro de Barreras, de Vigo: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 1, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro de Barreras, de Vigo: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación do texto transaccionado dos puntos 1.1, 2.e) e 2.g).4 da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual: *aprobados por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 1.1, 2.e) e 2.g).4, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe de levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

A señora García Míguez (P) intervén para expresar que se chegou a una transacción entre todos os grupos parlamentarios na proposición non de lei presentada por ela. (Páx. 77.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe de levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ninguna abstención.* (Páx. 77.)

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 78.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 85.)

Interpelación de D^a Carmen Santos Queiruga e catro deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Santos Queiruga (GCE).* (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Santos Queiruga (GCE).* (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 95.)



Interpelación de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (GCE)*. (Páx. 97.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (GCE)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 105.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa extracción de berebicho nas rías de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 106.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 109.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 113.)

Pregunta de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas mestras que está a implementar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 118.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que a pregunta co punto 7.2 da orde do día, do G. P. dos Socialistas de Galicia, foi retirada polos seus autores. (Páx. 119.)



Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas direccións do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Centro Coreográfico Galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 120.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as modificacións aprobadas pola Consellería de Sanidade no calendario vacinal de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. Mixto, sobre a data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (M)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (M)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías que vai ter por quenda e no cómputo global o novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 132.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 134.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para garantirlle unha alternativa habitacional a unha familia residente en Vigo que pode ser desafiuzada do seu domicilio nos vindeiros días por non



poder afrontar o pagamento do seu alugueiro cos ingresos da Risga. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 136.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 137.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 138.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Consellaría respecto do posible impacto do acordo da Unión Europea con Mercosur para o medio rural de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 140)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 141.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 142.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 143.)

Pregunta de D. Óscar Vilar Chento e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vilar Chento (S)*. (Páx. 144.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 145.)

Réplica do autor: *Sr. Vilar Chento (S)*. (Páx. 146.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 147.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de 2019. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 148.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 149.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 150.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 151.)

O señor presidente intervén para facerlles dous recordatorios aos membros da Cámara relativos á vacinación e á presentación da colección de arte do Parlamento de Galicia. (Páx. 152.)



O señor presidente abre unha rolda de intervencións para que os distintos grupos parlamentarios despidan o Sr. Fernández Leiceaga (S), nomeado senador polo Parlamento de Galicia. (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios, do Sr. presidente do Parlamento de Galicia e do Sr. Fernández Leiceaga: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 152.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 152.), Sr. Lago Peñas (GCE) (Páx. 153.), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 153.), Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 154.), Sr. presidente do Parlamento de Galicia (Páx. 152.) e Sr. Fernández Leiceaga. (Páx. 155.)

Remata a sesión ás sete e cinco minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto sexto da orde do día, que corresponde a preguntas con resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Antes de facelo, saudamos os alumnos de 1º curso da Facultade de Dereito de Santiago e tamén os alumnos de 1º e 2º de bacharelato do Instituto Enrique Muruais, da Pontenova. A todos eles, benvidos ao Parlamento.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento íntegro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día.

Estamos ás portas dun 25 de novembro e parécenos que é importante que reflexionemos sobre o grave problema político e social que representa a violencia que se exerce contra as mulleres polo simple feito de ser mulleres. Unha violencia que provoca que en Galiza teñamos na última década 55.000 casos denunciados nos xulgados, e sabemos que é só a punta do iceberg; 43 mulleres asasinadas, 3.500 casos activos neste momento de violencia de xénero, e só o ano pasado denunciáronse 1.000 delitos sexuais, cun intento de violación ao día.

A pregunta que se ten que facer vostede, como máximo responsable da Xunta de Galiza, é se están facendo todo o que poden. E a resposta é moi clara: que non.

Eu teño a certeza de que, se en vez de falar de 43 mulleres asasinadas, falásemos de 43 deputados ou deputadas, a resposta sería moi diferente: non se escatimarían medios e non se conformarían con minutos de silencio. *(Aplausos.)*

Eu sei que dicir isto incomoda, é incómodo, si, pero é que estamos fartas, e o que non valen son panos quentes nin hipocrisía cando o que está en xogo é a vida das mulleres. Nin tampouco vale vir ao debate a esconderse en que hai unha lei galega contra a violencia de xénero. Porque si, hai unha lei galega desde o ano 2007, pero é que esa lei galega leva doce anos en vixencia e aínda non está cumprida: non se formou a totalidade dos profesionais; non hai suficientes medidas de sensibilización; non hai educación en igualdade; non hai recursos suficientes. E hoxe seguimos insistindo en que o mínimo que podemos adicar, se queremos situar a loita contra a violencia como un problema grave ao que lle imos dar resposta, é adicarlle o 1 % do orzamento da Xunta de Galiza.

En todo caso, esta deixación de funcións o que delata é que a axenda feminista, a axenda de loita contra a violencia de xénero, non formou parte das súas prioridades. Todo o contrario,



vimos cal foi a axenda do Partido Popular do señor Feijóo desde que chegou á Xunta de Galicia: financiar os grupos antiabortistas a través da RedMadre; recortarlles as axudas ás vítimas de violencia de xénero; suprimir servizos de información ás mulleres; eliminar o programa de acompañamento as vítimas de violencia de xénero Programa Rodela, ou recuperar os concertos cos centros que segregan por sexo. Esta, señor Feijóo, foi a súa carta de presentación ás mulleres deste país nada máis chegar á Xunta de Galiza.

E, ¿sabe vostede cal vai ser a súa carta de despedida? Os pactos con esa extrema dereita antigalega, machista, que ademais está negando (*Aplausos.*) a propia existencia da violencia de xénero e que quere derrogar as leis das que nos dotamos. Vostede pode dicir que eses pactos son inocuos, ou que vostedes non pactan aquí con eles; claro, como non teñen representación, non o fan, pero alí onde teñen oportunidades, avalan eses pactos. E mentres non pidan que se rompan, vostedes son cómplices de ir de ganchete dos que están defendendo os machistas, en vez de defender os dereitos das mulleres e en vez de defender que se necesitan máis medios e máis recursos para loitar contra a violencia de xénero.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Por iso, señor Feijóo, rompa coa extrema dereita e dedique os seus esforzos a loitar contra a violencia machista. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a violencia machista é un problema en cuxa solución estamos todos os presentes; e supoño que todos os presentes estamos implicados.

Lamentablemente, non é un problema da última década; lamentablemente non é un problema só de Galicia, nin sequera é un problema só de España. Por iso, a erradicación da violencia machista seguirá sendo unha prioridade para este goberno, como o foi dende hai moito tempo.

Levamos moito traballo feito, señora Pontón. Sorpréndeme a politización que vostede acaba de facer do problema da violencia machista. ¡Alá vostede! (*Aplausos.*)

Señoría, a primeira lei contra a violencia machista non é do Bipartito, ata iso falsifica. A primeira lei de igualdade, cun capítulo destinado á erradicación da violencia machista, é dun goberno do Partido Popular do ano 2004.

Sorpréndeme a demagogia que fai ao omitir que o primeiro plan de acción contra a violencia machista é un plan aprobado por un goberno do Partido Popular entre o ano 2002 e o ano 2005. Sorpréndeme, señoría, que non poña en valor medidas inéditas en toda España, feitas



por este goberno, como a personación da Xunta en todos os procedementos penais en casos de morte por violencia machista. Sorpréndeme que cando vostede apoiaba o Goberno, vostede non apoiara esta proposta.

Señoría, sorpréndeme que non poña en valor o Observatorio Galego de Violencia de Xénero, por primeira vez instaurado neste goberno, ou a activación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.

Sopréndeme tamén, señoría, que vostede non fale nada do importante, porque o importante, señoría, non é vir aquí botarlles a culpa aos demais. Vostede acaba de facer un plantexamento que lamento en nome de todas as mulleres galegas que sofren a violencia machista, que é politizar a violencia machista e poñela enriba dun partido político (*Aplausos.*) e dun goberno. Si, señoría, a min correspóndeme falar en nome da maioría das mulleres de Galicia, e en nome da maioría das mulleres de Galicia non acepto ese tipo de plantexamentos da minoría parlamentaria de Galicia neste Parlamento. (*Aplausos.*) Por iso, señoría, me sorprende que veña vostede mesturar o dereito a ter fillos das mulleres coa violencia machista. Sorpréndeme que veña vostede mesturar aquí o dereito das nais e dos pais a elixir centro educativo coa violencia machista. Sorpréndeme, lamentablemente, que vostede veña aquí falar e nome das mulleres e da violencia machista cando vén utilizar as mulleres para facer os seus argumentos partidistas.

Mire, señora Pontón, sei que hai 55.000 denuncias en Galicia. Sei perfectamente que hai máis de 10.000 ordes de protección. E vostede debería saber que o único Goberno de España, o único goberno de España que pon axudas periódicas para as mulleres que sofren violencia machista é o Goberno do Partido Popular de Galicia: 37 millóns de euros, señoría; 600 euros de media mensuais. O único goberno de España. (*Aplausos.*) Iso é un goberno que trata de protexer as mulleres vítimas de violencia machista.

Señoría, imos seguir traballando, con vostedes ou sen vostedes, pero leccións sobre como protexer as nosas mulleres, as nosas fillas e as nosas nais contra a violencia machista, ningunha, señora Pontón. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón. (*Fortes murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, as mulleres non temos dono. ¡E moito menos é vostede o dono das mulleres deste país! (*Aplausos.*) Non necesitamos, señor Feijóo, que nos diga que as mulleres temos dono. Esa é unha parte do problema de por que hai violencia de xénero, porque hai quen cre que as mulleres temos dono, e, desde logo, señor Feijóo, as mulleres deste país falan por si mesmas e non o elixiron a vostede de portavoz, e moito menos cando vemos cal é a resposta do seu partido ante o 8M ou ante as denuncias que facemos nas rúas, porque dicimos que faltan medios e faltan recursos. Desde logo, non nos representan os que din que o 8M é o máis machista. O máis machista é pactar con Vox que iso é o que está facendo vostede, señor Feijóo. (*Aplausos.*) Iso é o máis machista que hai.



E non pode poñerse de perfil nin eludir ese debate porque, ¿sabe que pasa? Que este é un tema central, que este é un tema importante. Se vostede está incómodo con eses pactos, diga que se rompan. Pero, ¿a que vostede, cando foi á dirección nacional do seu partido, onde se avalou pactar coa extrema dereita, votou si, señor Feijóo? ¡Ese é o problema de fondo, que vostede é cómplice duns pactos que están agredindo un elemento central! (Aplausos.) E a violencia de xénero é un problema político de primeira orde. ¿Se non por que hai leis, señor Feijóo? Se non é un problema político, ¿por que aprobamos leis no Parlamento? Porque hai un problema político de fondo que é de subordinación e de discriminación das mulleres, e necesitamos políticas para loitar contra ese problema. E nós dicímoslle que hai moito máis que pode facer do que fixo até o de agora, porque hai unha lei, por certo, que é a que garante que mulleres deste país teñan axudas, non o garantiu o Partido Popular. (Aplausos.) O Partido Popular o que fixo foi recortarllas as axudas ás vítimas de violencia de xénero. Hoxe..., (Interrupcións.) (Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Miren, hoxe hai un nivel de renda inferior ao que había en 2009 para recibir esas axudas, e despois de que as recortaran, tivemos que traelas varias veces ao Parlamento para que se incrementara o nivel de axudas, pero a decisión que tomou o Partido Popular de maneira unilateral foi recortarllas as axudas ás mulleres. É verdade, e está o DOG para comprobalo. E nós o que dicimos é que se pode facer moito máis.

Podemos dedicar o 1 % para loitar contra a violencia de xénero. Cen millóns de euros parécenos pouco, cando se está poñendo en risco a vida, a saúde e o futuro das mulleres.

Queremos que haxa formación da totalidade dos profesionais. Queremos unha educación en igualdade. Queremos que se vincule o novo plan de financiamento das universidades a que haxa realmente unha educación transversal, que se forme en igualdade e violencia en todas as universidades do noso país. Queremos, señor Feijóo, que se dote...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato, señor presidente— en atención primaria o persoal necesario para a atención psicolóxica, como di a lei e non o cumpren. Queremos que se supriman as axudas aos centros que segregan por sexo, porque non é libre elección discriminar e segregar por sexo, trátase de machismo puro e duro. (Aplausos.)

Queremos garantir xulgados específicos de violencia de xénero, servizos de información ás mulleres no rural, ampliar as axudas ás vítimas e equiparar as indemnizacións das vítimas de violencia de xénero coas que reciben...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...as vítimas de terrorismo, porque non queremos vítimas de primeira nin de segunda. Queremos máis medios...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: ...máis recursos e, sobre todo, señor Feijóo, que non siga vostede sendo cómplice....

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO:... de quen está cuestionando a existencia... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Efectivamente, señora Pontón, como as mulleres son libres e aquí non hai ningún dono das mulleres, o BNG non é o dono das mulleres de Galicia. Para nada, señora Pontón, para nada. Nin o BNG nin ningún partido político, e moito menos cando unha deputada o que está é utilizando as mulleres que sofren violencia de xénero para facer política da peor, señora Pontón, ¡da peor! *(Aplausos.)*

Señora Pontón, ¿tanto lle custa recoñecer que a primeira lei en favor da igualdade é unha lei do Partido Popular? ¿Tanto lle custa? ¿O seu sectarismo é superior ao *Diario Oficial de Galicia*?

Señora Pontón, a primeira lei e o primeiro plan contra a violencia machista levan a sinatura do Partido Popular de Galicia, gústelle ou non lle guste a vostede, señoría. *(Aplausos.)*

Fala vostede, señoría, de que as axudas periódicas ás mulleres con violencia de xénero foi un invento do Bipartito. Pero, señoría, se cando chegamos á Xunta no ano 2009 cobraban estas axudas 228 mulleres e levamos pagadas 4.165 axudas, a unha media de 600 euros ao mes, e somos a única Comunidade Autónoma de España que o fai, ¡a única! ¿Por que non felicita, señoría, á sociedade galega, que adica 37 millóns de euros a intentar dignificar, como mínimo, o problema que sofren as mulleres da violencia machista dos galegos *(Aplausos.)* ou do resto das persoas que viven en Galicia?

Señora Pontón, é lamentable que vostede me veña falar disto. A escolarización inmediata dos fillos e das fillas vítimas de violencia de xénero, con este goberno; a prioridade na obtención de axudas ao alugamento de vivenda, con este goberno; o acceso das vítimas á tramitación abreviada da Risga, con este goberno; o programa de inserción laboral a mulleres que sofren violencia machista, con este goberno; a personación da Comunidade Autónoma en todos os asasinatos que haxa en Galicia, con este goberno. ¿De que me fala vostede?

Fala de educación. ¡Pero se a primeira asignatura de igualdade se plantexou con este goberno!, e está impartíndose nas aulas de secundaria, no bacharelato. E o Plan de igualdade é asignatura de configuración libre no ensino público de Galicia. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, señora Pontón, mire, o Grupo Popular trouxo a esta Cámara unha iniciativa. Imos seguir falando en serio, dado que a vostede falar en serio non lle gusta.



Vostedes van apoiar o Plan estratéxico de Galicia contra a trata con fins de explotación sexual, ¿sí ou non? Esta é unha proposta que trouxemos á Cámara. ¿Imos fomentar, realmente, calquera actuación en contra desta lacra da trata de mulleres con fins de prostitución?, ¿sí ou non, señora Pontón? Disto é do que estamos a falar, non estamos a falar de pactos nin non pactos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, señoría, cando me fala vostede do 1 %, ¿vostede non sabe que incrementamos en máis do 114 % o presuposto que o BNG dedicaba a igualdade? Hai un 114 % de incremento no presuposto que o BNG dedicaba a igualdade.

Señoría, se computamos todo o presuposto que vostedes computaban cando estaban no Goberno, é dicir, as partidas de igualdade e as partidas de conciliación, temos 138 millóns de euros. Isto supón o 1,36 % do presuposto da Xunta de Galicia. Pero ¿por que as súas propostas non deixan para nada ningún atisbo de realidade e de tomar este tema en serio?

Señora Pontón, empezo a preguntarme se toma vostede en serio as mulleres vítimas de violencia de xénero. ¿Como é posible que veña vostede aquí falar de pactos políticos con partidos políticos? ¿De que me fala vostede, señora Pontón?, ¿de que me fala vostede?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Fálame vostede dun partido político, Vox, que ten practicamente os mesmos votos que o BNG? ¿Fálame vostede de que hai un partido político en Galicia, nas últimas eleccións xerais, que sacou os mesmos votos que o BNG? ¿Fálame vostede diso? Se me fala vostede diso, non imos falar da violencia contra as mulleres, señoría, falemos de pactos e de partidos políticos. ¿Sabe por que o BNG ten un escano en Madrid? Porque, grazas a Vox e á división do voto, o BNG conseguiu un escano en Madrid, señorías. (*Protestas.*) (*Murmurios.*) ¿Saben que é o que une ao BNG e a Vox, señoría?

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O mesmo slogan: botar a Feijóo da Xunta. Por iso, señoría, lle interesa tanto Vox. (*Aplausos.*)

Moitísimas grazas, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o papel que lles vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, tras once anos de goberno á fronte da Xunta de Galicia, todos sabemos que o seu Goberno é un inimigo do público, que fixo de forma constante ataques corrosivos ao Estado do benestar. Sabémolo todos os usuarios da sanidade pública galega, que sabemos das políticas de privatizacións, de precarización do emprego, de falla de aposta pola atención



primaria, de incremento das listas de espera. Sabémolo, señor Feijóo, todos os pais e nais que vemos os recortes na educación pública, a falla de prazas en escolas infantís, que hai que pagar libros de texto que antes eran gratuítos. Sábeno os nosos maiores, que ven as fallas á hora de atopar unha residencia pública para poder atallar os seus problemas de dependencia. Esa é a súa política.

Nós, señor Feijóo, defendemos o Estado do benestar, defendemos o público, e despois de once anos de estar vostede á fronte da Xunta de Galicia, co seu desastre en políticas sociais, preocúpanos que isto poida ir a moito peor. E preocúpanos, señor Feijóo, porque vostede está disposto a pactar con quen sexa (*Murmurios.*) para ver un novo escenario político. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Feijóo, a pasada semana vostede falaba da nosa soberbia, vostede falaba a semana pasada da miña soberbia, e vostede mentiu unha vez máis nesta Cámara parlamentaria. Esta fin de semana vostede xa non falou de soberbia, falou do fracaso do Partido Popular. Vostedes xa o dixeron, non poden estar contentos con noventa escanos, Feijóo *dixit*. Ademais, señor Feijóo, vostede llo dixo tamén ao seu líder con toda claridade: non podemos estar contentos porque perdemos cinco millóns de votos; cinco millóns de votos en España e máis de douscentos mil votos en Galicia. ¡Señor Feijóo, vostede está recoñecendo agora a derrota do Partido Popular, a derrota de Casado e a súa derrota electoral!

Por iso, señor Feijóo, porque eu teño en consideración a súa habilidade e a súa intelixencia, sei perfectamente que vostede sabe que en Galicia non vai haber maiorías absolutas, por iso vostede lles debe aos galegos un exercicio de sinceridade. Recoñeza, señor Feijóo, que vostede ten xa un acordo coa ultradereita para gobernar Galicia. (*Fortes murmurios.*) Recoñeza, señor Feijóo, que o día despois das eleccións, se houberse posibilidade —porque non haberá maiorías absolutas— de que as dereitas sumen, vostede...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...sumaría os seus votos con esa ultradereita á que bendiciu o seu pacto en Andalucía. Xa o dixo vostede, calquera o podería facer, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) calquera podería pactar. Esa é...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...a política: o acordo cun grupo de ultradereita que supón un recorte ás liberdades políticas, que supón un recorte ao Estado do benestar, que supón un recorte ao autogoberno galego... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...que supón un ataque aos dereitos das mulleres e á igualdade real. Esa é a liña do Partido Popular que vostede representa, aínda que o queira agochar de aquí ás eleccións autonómicas, para logo darlles o susto do pacto coa ultradereita ás galegas e aos galegos. Porque vostedes, se poden, suman, e non teñen ningunha limitación para



pactar cunha forza política neofranquista, machista e xenófoba. E ponos nerviosos que fa-
lemos desa ultradereita, ponos moi nerviosos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor Feijóo, o futuro...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...de Galicia non pode estar en mans de quen está disposto a
pactar coa ultradereita.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Eu ás veces creo que vostede pasa por aquí sen darse moita conta do que pasa ao seu arredor.
Creo que todos os alumnos da Facultade de Dereito e do instituto saben que esta pregunta
era sobre que penso eu do que imos facer cos servizos públicos. ¡Que maneira tan lamentable
de denigrar os servizos públicos galegos despois de escoitalo a vostede!

A vostede non lle importan para nada os servizos públicos, nin lle importa Galicia, nin lle
importa o Parlamento. Vostede simplemente vén aquí dar un mitin cada mércores, señoría.
Pero, lamentablemente, os galegos xa nos demos conta diso.

Mire, señoría, vostede é o primeiro responsable do Partido Socialista que se senta nese es-
cano que non foi capaz de facer o debate sobre os presupostos da Xunta de Galicia.

Primeiro, porque non sabe (*Risos.*) — non ría, señor Caballero, ¡non sabe! —. Segundo, porque
non quere traballar. E, terceiro, porque é moito mellor dar un mitin sobre a extrema dereita.

Mire, señoría, de extremas saben vostedes moito. Nós levamos once anos aquí gobernando
honradamente. Hai algún partido político que estivo corenta anos gobernando nunha co-
munidade autónoma e agora sabemos como o fixo. (*Aplausos.*) Hai unha gran diferenza,
señor Caballero, entre este partido político e o seu partido político.

Señoría, eu vou falar de servizos públicos, porque para min os servizos públicos son a co-
lumna vertebral da miña adicación política dende os 29 anos. (*Aplausos.*) A miña columna
vertebral, señoría.

Os servizos públicos necesitan diñeiro para funcionar, e o que temos para o próximo ano é
o maior gasto social da historia da Comunidade Autónoma, e levamos corenta presupostos,



como dicía o outro día o conselleiro de Facenda. Temos 7.401 millóns de euros, o maior gasto social na historia da Comunidade Autónoma.

Temos a sanidade pública mellor valorada polos galegos, segundo as enquisas do Ministerio de Sanidade. Temos a lista de espera media cirúrxica máis baixa dende que hai rexistros. Temos 2.300 profesionais máis traballando na sanidade. Temos o maior investimento en hospitais e en centros de saúde da historia do Servizo Galego de Saúde. O próximo ano, 407 persoas máis traballando en atención primaria e en atención a domicilio e 150 millóns de euros máis en infraestruturas hospitalarias. Temos 18.000 alumnos con libro dixital; 120.000 alumnos en aulas dixitais; e cando chegamos ao Goberno non había ningún. Ningún, ¡cero! Temos 100.000 alumnos en aulas plurilingües e máis profesores por alumno que no resto de España.

Señoría, estes son os servizos públicos. Servizos públicos é multiplicar por dúas as prazas de formación profesional. Servizos públicos é ter as taxas universitarias máis accesibles para as familias galegas de toda España. Servizos públicos, señoría, é ter menos fracaso escolar e máis puntuación cada vez que se nos mide. Servizos públicos é plantexar un plan de choque contra o acoso escolar, unha estratexia de inclusión entre o ano 2020 e 2021. E en canto á prevención do abandono escolar; hoxe temos menos abandono escolar do que propón a Unión Europea para o ano 2020. Como comprenderán, señoría, para min os servizos públicos non é un mitin, é unha vocación e un compromiso con Galicia. *(Aplausos.)*

Servizos públicos é ter 61.000 dependentes cobrando da Seguridade Social. Servizos públicos é multiplicar por 16 as axudas ao fogar, chegando a 24.000 galegos. Servizos públicos —fala vostede dos maiores— é incrementar un 55 % as prazas de residencias. Servizos públicos é conseguir facer 900 prazas de residencias públicas de balde para a comunidade autónoma a través de compromisos coa sociedade civil galega. Servizos públicos, señoría, é ter hoxe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...menos pobreza que cando chegamos ao Goberno no ano 2008.

Como comprenderá, señor Caballero, para min servizos públicos é a gratuidade infantil de 0 a 3 anos para o segundo e sucesivos fillos. Servizos públicos é incrementar un 38 % a tarxeta Benvida, que non existe en ningunha comunidade autónoma. Servizos públicos, para min, señoría, é a vocación política.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Replica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor Feijóo, eu entendo que a vostede non lle guste o meu papel como secretario xeral do PSdeG. E xa llo dixen unha vez, jestou encantado de que non lle



guste o meu papel como secretario xeral do PSdG! Enténdoo ben, porque vostede está perdendo a maioría social en Galicia. Cada vez que vostede vai a eleccións en 2019, batacazo tras batacazo do Partido Popular. Agora xa reconece o batacazo electoral que tivo o Partido Popular en España, e está reconecendo de facto o batacazo que ten tamén o Partido Popular en Galicia.

Señor Feijóo, non me fale do que é a resposta, porque lle vou recordar que a semana pasada, nesta cámara parlamentaria, lle preguntamos polas políticas urbanas da Xunta e non adicou nin un só segundo a responder a este grupo parlamentario, ¡nin un só segundo! Vostede dirixe o debate parlamentario cara a onde quere, e nós non lle seguimos a axenda política das súas estratexias electorais.

Querémoslle dicir con claridade que este partido está liderando un cambio de aposta polos servizos públicos. Do que eu lle falei é da estratexia electoral do Partido Popular, que supón un retroceso e un risco para as liberdades políticas, para o autogoberno de Galicia e tamén para os servizos públicos de Galicia. E os seus socios, os socios do tripartito das dereitas coa ultradereita, son os socios cos que vostede estará disposto a pactar despois das eleccións autonómicas, cando non haxa maioría en Galicia. E dos recortes que vostede leva facendo, despois desa visión idílica que vostede quere trasladar ao país, que non lla cre ninguén porque todos os cidadáns en Galicia saben dos problemas que hai na sanidade pública galega, dende o medio rural ata as cidades: os problemas nas listas de espera, os problemas de pediatria, os problemas en atención primaria, os problemas coas ambulancias... Mesmo houbo casos de tanta gravidade —dos que vostede sabe ben tamén— que chegaron a provocar o falecemento de cidadáns en Galicia sen atención médica. Isto é unha situación de emerxencia sanitaria ante a súa incompetencia, señor Feijóo.

E cando vostedes fan ese relato, ¡claro que fan moitas cousas! Se gastan milleiros e milleiros de millóns de euros, ¿como non van facer moitas cousas? ¡Claro que fan cousas! Pero o cómputo global da súa actuación en políticas sociais é o de afastamento, é o de olvidarse de Galicia, é o de olvidar os maiores, os nenos, os que teñen máis dificultades, nunha Galicia na que máis de seiscentas mil persoas están en situación de dificultade e en situación de risco. Pero vostede vive á marxe diso, e fainos un relato feliz porque vostede quere trasladar esa imaxe feliz que xa non llela compran os galegos. E cando alguén fai un discurso que choca coa realidade, está perdendo a credibilidade e a forza de conexión co seu país.

Moitas grazas, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Recórdolles aos alumnos da Facultade de Dereito onde eu estudei que a pregunta que me formulaba o secretario xeral do Partido Socialista é o papel que lle vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos no que queda de lexislatura. Comprobarán que ao señor Caballero lle interesan moitísimo os servizos públicos en Galicia.



¿Como que non me gusta vostede como secretario xeral? ¡Encantado! (Risos.) ¡Encantado! O problema, señoría, é que eu desde aquí vexo as caras dos seus deputados e a súas deputadas, (Risos.) e a ese grupo parlamentario vostede gústalle pouco, señoría. (Aplausos.) ¡Pouco! Non teña ningunha dúbida.

Mire, adicouse a estar de vacacións cando debería de estar aquí, e agora o presuposto, como non lle interesan os servizos públicos, nin o le. Pero ¿vostede non sabe que os conselleiros están comparecendo no Parlamento para explicar os presupostos dos servizos públicos? ¿A que non o sabía? Pregúnteme, señor Caballero, e intento explicarlle como funciona a Cámara. Pero tome en serio as sesións de control e a Cámara, porque, se non, o seu Grupo Parlamentario non o toma en serio. Eu, encantado, señor Caballero. (Aplausos.)

Mire, señoría, cando chegamos á Xunta, había 983 prazas de centros de día, hoxe hai 3.400. (Murmurios.) Cando chegamos á Xunta, había 200 prazas en centros de alzheimer, hoxe hai 500. Cando chegamos á Xunta había 5.500 prazas en residencias de maiores, hoxe hai 8.000. Isto é o importante, señor Caballero, estes son os servizos públicos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Cando chegamos á Xunta, o Bono concilia non existía, agora hai 4.400 familias que o perciben. Cando chegamos á Xunta, o rural.. ¡que máis dá! O rural, que ten poucos nenos, ¿para que necesita garderías? Ningunha gardería no rural. E agora todos os concellos de menos de 5.000 habitantes poden ter un recurso de conciliación. (Aplausos.) ¡Que máis dá, señoría! ¡Se vostedes non se adican a isto! Vostedes adícanse a outra cousa.

Mire, con todos os respectos, vostede fala de pactos despois das eleccións, ¿pero realmente vostede non pensa gañar as eleccións? (Risos.) Está botando contas de se ao Partido Popular lle faltan uns escanos para conseguir a maioría absoluta. ¿Esa é a proposta alternativa do secretario xeral do Partido Socialista, señoría? (Aplausos.) ¿A proposta alternativa é se o Partido Popular suma ou non suma a maioría absoluta na Cámara? ¿Ese é o cambio do Partido Socialista, señoría?

Mire, volvendo á pregunta. Pregúntame vostede polo papel que lles outorgamos aos servizos públicos: prioritario, esa é a resposta. Para nós, os orzamentos sociais máis importantes dos corenta anos da historia de Galicia é unha honra. Para vostedes, os servizos públicos galegos tradúcense en 700 millóns de euros que non nos queren pagar. os 700 millóns de euros que o Goberno Socialista en Madrid non lle quere pagar á Comunidade Autónoma de Galicia é o maior recorte aos servizos públicos de Galicia que houbo na historia. (Aplausos.) O maior recorte, señor Caballero, fírmalo o Partido Socialista Obreiro Español.

Por respecto a esta Cámara, a persoas que me merecen respecto, non vou falar do Partido Socialista Obreiro Español, pero si vou falar da súa redobrada soberbia. ¡Que veña vostede outra vez falar aquí dos resultados electorais...! Parece que vostede gañou as últimas eleccións xerais en Galicia. ¡Pero se vostede non gañou unhas eleccións xerais dende que existe, señoría! Dende que existe, nunca gañou unhas eleccións xerais. É certo que, grazas ao señor Leiceaga, gañou o Congreso do Partido Socialista. Resposta: o señor Leiceaga a Madrid. . (Risos.) ¡Iso si que está moi ben feito, señoría!

Pero mire, voulle dicir, ¿sabe o que lle importan ao Partido Socialista os servizos públicos galegos? Recórtannos 700 millóns na educación, na sanidade e nos servizos sociais. ¿E en



España? ¡Ah, pois en España está claro, hai que entregarllos a Podemos! Os ministerios sociais para Podemos, (*Murmurios.*) e os ministerios económicos para o Partido Socialista. A prioridade do Partido Socialista nos servizos públicos é: que os xestionen outros.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, non lle vou falar de que hai que construír unha alternativa a ese disparate entre o Partido Socialista e Podemos, onde mandarán o señor Torra e o señor Junqueras dende o cárcere. Non lle vou falar disto, porque para min os servizos públicos neste momento é o obxecto do debate.

O que si lle podo asegurar, señoría, é que non hai un só galego que pense que vostede está á altura dos galegos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. Terminou o seu tempo, presidente. Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, vostede é un ventrílocuo do señor Sánchez. (*Risos.*) Lamentablemente, señor Caballero, eu estou encantado con que vostede siga, se é posible, décadas de secretario xeral do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. Terminou o seu tempo, presidente. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Laméntoo polo Partido Socialista e polos servizos públicos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas que vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Antón Sánchez, portavoz do Grupo Común da Esquerda.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, señor Feijóo.

Eu xa non lle vou preguntar se vostede está disposto a pactar con Vox en caso de ser necesario, porque xa quedou claro que vostede non está disposto a comprometerse aquí a non pactar cunha forza de ultradereita que nega a violencia machista, que reivindica o franquismo, que criminaliza a inmigración e é xenófoba, pero pídlle que non o trate coma unha cuestión menor.

Se na oposición estamos preocupados por isto, é porque estamos preocupados polo avance das ideas da ultradereita que vostedes están axudando a normalizar. (*Murmurios.*) Ideas que, de avanzar, suporían un retroceso democrático enorme.



Onte vostedes pactaron en Madrid rematar coa universalidade da sanidade pública. Cousas coma estas nos xogamos co avance da ultradereita que vostedes están normalizando en España. Vostede é dirixente do Partido Popular de España e non se lle escoitou dicir nin unha palabra en contra disto. É moi grave, e, evidentemente, vostede non o pode tratar como unha cuestión menor.

Nós chegamos a acordos con vostedes e con todas as forzas do Parlamento para avanzar en dereitos, mesmo cando eses avances nos parecían insuficientes, pero temos enormes diferenzas en relación coas políticas de igualdade.

Creemos que a igualdade entre homes e mulleres non se pode dissociar da cuestión laboral, e aí a fenda salarial en Galicia é superior á media estatal. A súa redución evoluciona moi lentamente, por iso un informe recente de Gesta dicía que Galicia necesitaría 615 anos para igualar esta fenda. Pero o máis grave, señor Feijóo, é que esta fenda se ceba coas mulleres cos salarios máis baixos, coas mulleres en máis dificultades. No decil 10, os salarios máis baixos, as mulleres cobran a metade que os homes. Necesitarían un 91 % de aumento para cobrar igual que os homes; e estamos falando de que nese decil as mulleres cobran 6.700 euros, mentres que os homes cobran 11.778, segundo os datos do INE. Terían que duplicar case os seus ingresos para cobrar igual que un home.

Ademais, dende que vostede goberna, esas diferenzas agrandáronse nos salarios máis baixos. Agrandáronse dende o ano 2009, dende o 75 % ao 91 %. E é que a súa aposta por ser o campión da austeridade ten graves consecuencias sobre os máis débiles. Estes datos son consecuencia da feminización, dos empregos peor remunerados, pero tamén da parcialidade e da temporalidade, que sofren máis as mulleres por ter que soportar os cuidados dos nenos e dos maiores. Por iso os recortes seus en servizos sociais públicos, ou a súa privatización, van directamente contra as mulleres que peor o están pasando, precariza as súas vidas.

As súas políticas de vivenda a prol da especulación tamén van, sobre todo, contra as mulleres que menos gañan, que sofren máis desafiuzamentos que calquera outro colectivo. As receitas para loitar contra a fenda salarial son reforzar os servizos sociais públicos, pero vostede recorta máis que ninguén, como dicía un informe recente.

Por outra banda, a Administración galega debe de empezar por dar exemplo e por cumprir. Dígoo pola situación da precarización das enfermeiras eventuais do Sergas, por exemplo. Un colectivo de 10.000 persoas, sobre todo mulleres, que encadean un contrato eventual tras outro, e hai casos, por exemplo, como o de Mónica, que di que despois de once anos de dispoñibilidade do Sergas, asinou 557 contratos e ten cinco anos e medio cotizados na Seguridade Social, señor Feijóo. e non é un caso aillado.

Por iso, vistos os datos, vista esta realidade, señor Feijóo, ¿ten pensado facer outra cousa para loitar contra a fenda salarial de xénero? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, na miña biografía política non encontrarán vostedes plantexamentos ultras. Non me gustan os ultras, nin de extrema dereita nin de extrema esquerda. Por iso non me gusta Podemos, señoría, nin me gustan os plantexamentos políticos do seu grupo, nin dos distintos partidos que conforman o seu grupo, nin todos os disparates que vostedes propoñen, como, por exemplo, comparecer nesta Cámara, dende a tribuna, cunha camiseta: «Chávez, te lo juro, votaremos a Maduro». Non me gusta, señoría. Non me gusta, en nome dos galegos que están sufrindo o réxime de Maduro e o réxime de Chávez, que o sufriron hai anos. Polo tanto, leccións de ultras, ningunha. E vindo da extrema esquerda, tampouco. (*Aplausos.*) Este é un partido galeguista, reformista, de centro dereita, señor Antón. Non me vai dar leccións de sentido de Estado alguén que o que plantexa é destruír o Estado.

Señorías, díxenllelo —e volvo reiterar o dato— na pasada sesión de control. Último índice de equidade de xénero, publicado no ano 2019 pola Real Academia de Ciencias Económicas e Financeiras. Leo: «Galicia é a comunidade con menor desigualdade entre mulleres e homes no mercado laboral». Este é o dato, señoría. Estamos coa menor desigualdade, a menor brecha, de acordo con esta academia. Si, señoría, si. Último dato do ano 2019. Xa sei que non lle importa, porque a vostede os datos non lle interesan.

Fenda salarial, vaíamos ao INE, enquisa anual de estrutura salarial, ano 2017, a última do INE. Dende o ano 2008, dende que chegamos ao Goberno, o salario medio das mulleres medrou en Galicia máis dun 13 %. É a segunda comunidade autónoma con maior ritmo de incremento de toda España. Instituto Nacional de Estatística. Señoría, acabo de falar da academia, do ano 2019, último informe, e do último informe do Instituto Nacional de Estadística. É a segunda comunidade autónoma que máis incrementou os salarios das mulleres neste período.

Se vostede me quere facer responsable de cal era a situación do ano 2008 e de anos seguintes, iso será outro debate, pero se vostede cre que teño algo que ver —e supoño que si— coa situación da fenda salarial, dígolle que, de acordo co INE, é a segunda comunidade autónoma de todo o Estado onde máis incrementaron os salarios das mulleres; máis que a media de España. É a segunda comunidade autónoma do Estado.

Señoría, dou por finalizada esta pregunta. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, que teña que atacarnos a nós para xustificar a súa complicidade coa ultradereita, co fascismo e coas súas ideas... (*Protestas.*) é ben triste. Son vostedes cómplices de cuestións moi graves que están acontecendo neste país, que poden supoñer un retroceso enorme en termos democráticos e que supoñen que sexan vostedes unha anomalía dentro da Europa Occidental, onde as dereitas antifascistas si que se opoñen e fan un cordón sanitario ás ideas xenófobas e machistas. Son vostedes unha anomalía. Cargarán con iso vostedes tamén, porque a sociedade vaino ter claro. (*Aplausos.*)



Señor Feijóo, non manipule as cifras, non minta. O INE di que no 2009 as mulleres cos salarios máis baixos tiñan unha diferenza cos homes dun 75 %; tiñan que incrementar un 75 % para cobrar igual que os homes. No 2017 esa porcentaxe significaba o 91 %. Xa lle dixen a diferenza, máis de 5.000 euros de diferenza, que se agrandou con vostede. A razón é moi clara. Os expertos xa din cal é a receita para loitar contra a fenda salarial, sobre todo, fortalecer os servizos públicos para que as mulleres non teñan que cargar cos coidados familiares e que prexudiquen a súa carreira laboral. É unha receita moi sinxela, e vostede, como é o campión dos recortes, está agrandando esa fenda.

Ademais, as cifras son as cifras, pero hai testemuños a centos de mulleres que traballan para a Administración pública e que están precarizadas, durante máis dunha década, polas súas políticas neoliberais. «Son nai e enfermeira. Ata hai dezasete meses era eventual do Sergas por riba de todo canto estaba na miña vida. Agora levo un ano en suspensión de chamamentos para poder conciliar, porque un bebé de meses non entende de que te chamen ás 2 para estar ás 3, ou porque o meu deber como nai supera o que lle debo ao Sergas». Ou testemuños que din, dende Ourense, que leva catorce anos vinculada ao Sergas; asinou 240 contratos, con dez anos e medio cotizados, e só vinte e un días de vacacións desfrutadas. Isto contribúe a agrandar a fenda salarial.

Empecen por dar exemplo nas administracións públicas, que son as que teñen que liderar este cambio. E non digan que se politiza o debate sobre a violencia machista ou que se politiza o debate sobre a igualdade das mulleres. Politizando este conflito foi como se conseguiron os avances, a pesar da dereita, que sempre estivo a remolque e contra os avances. Contra o divorcio, contra o aborto, contra todos os avances sociais foron vostedes a remolque, e foi porque se politizou o conflito, porque é un conflito político.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Vostede atácanos a nós por un pacto que nunca fixemos, ¿e a vostede moléstalle que eu describa o que vostedes fan? *(Murmurios.)* ¿A vostedes moléstalles que eu describa que unha insigne dirixente do seu grupo compareceu nesta Cámara cunha camiseta que puña «Chávez, te lo juro, votaremos a Maduro»? *(Murmurios.)* ¡E ademais celébrano detrás de vostede! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Polo tanto, que vostede veña aquí falar dun pacto que este partido e este grupo parlamentario nunca fixo... ¿Moléstalle que lle recorde que o seu grupo é un grupo pro chavista? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Moléstalle? *(Murmurios.)*

Mire, señoría, o que é anómalo é que nos países da Unión Europea *(Murmurios.)* poida estar un partido coma vostedes dirixindo os servizos sociais, as políticas laborais, as políticas



de conciliación, as políticas sociais en España. Non recordo que haxa na Europa do euro ningún partido comunista no Goberno; non o recordo, señoría. ¡Pero ¿por que se avergoña?! ¡Se o Partido Comunista era moito máis sensato que Podemos, señoría! (Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.) ¡Non entendo por que se avergoñan vostedes! (Aplausos.) ¡Non entendo por que se avergoñan! (Aplausos.) O Partido Comunista de España foi un partido moito máis coherente do que é a miscelánea de partidos que conforman a desfeita de Podemos. E dígollo eu como estudante de Dereito e como persoa que conviviu co Partido Comunista de España. Bastante máis coherente, (Murmurios.) bastante máis igualitario, bastante máis sensato. E tiñan moi claro que España é unha nación e que España merece a protección de todos os españois. (Aplausos.) ¡Si, señoría, a favor da transición! (Aplausos.) ¡A favor da transición! (Aplausos.) A favor da Constitución. (Aplausos.) Ese era o Partido Comunista que botamos de menos, señoría. Agora vostedes representan un partido comunista que simplemente é unha vergoña para os seus antecesores nese partido. Si, señor Gago, non baixe a cabeza.

Mire, señoría, eu reitero... (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu reitero, señoría, xa sei que lle molesta... (O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señor Vega, silencio. (O señor Vega Pérez e o señor Cal Ogando pronuncian palabras que non se perciben.)

¡Señor Vega e señor Cal! Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Enquisa anual de estrutura salarial. O salario medio das mulleres medrou en Galicia máis dun 13 % dende o ano 2008; a segunda comunidade autónoma onde máis medrou.

Seguimos. A taxa de emprego, desde que chegamos ao Goberno, estaba no emprego feminino no 56 % e agora está no 61,5 %. Creceu a taxa de emprego feminino 4,3 puntos. A taxa de paro —de acordo coa EPA— estaba no 18 % e agora está no 13,3 % no emprego feminino, mellorou 4,7 puntos.

Imos ao paro rexistrado. Cando chegamos ao Goberno, había 116.000 mulleres en paro, agora hai 21.000 mulleres menos. Cando chegamos ao Goberno, había 464.000 mulleres afiliadas á Seguridade Social, hoxe hai 498.000, 32.000 mulleres máis afiliadas á Seguridade Social. ¿Acúsasenos disto, señor Pazos?, ¿de ter menos paro feminino e de ter máis mulleres afiliadas á Seguridade Social? ¿Acúsasenos disto? ¡Asumo esa acusación!

Mire, imos seguir traballando, e eu asegúrolle que non teño máis interese que acertar. Do mesmo xeito que plantexamos xa no ano 2017 un Plan Emprega en feminino, do que se beneficiaron 35.000 mulleres, e que se prestaron máis de 60.000 servizos de orientación e promoción laboral; esa é a nosa tarxeta de presentación.



Igual que o Plan de conciliación e corresponsabilidade. ¿Hai algunha comunidade autónoma que investise máis diñeiro en conciliación? Ningunha. ¡Ningunha, señoría! Ningunha. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ningunha. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ningunha, señoría. Non hai ningunha comunidade autónoma en España que investise máis recursos en conciliación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Reitero, do mesmo xeito que o INE lle reitera que esta comunidade autónoma é a segunda que máis loitou con datos sobre a brecha salarial.

Mire, Galicia é a comunidade autónoma con menor desigualdade laboral que nunca dende que hai rexistros, o cal non significa que haxa unha brecha salarial coa que temos que seguir loitando. Espero que aproben vostedes e apoiem a Lei de impulso demográfico, que ten artigos moi concretos en materia de contratación pública e outras materias para loitar contra a brecha salarial.

Como vostedes negan os datos, non lles están negando os datos ao Goberno, estanlles negando os datos ás mulleres traballadoras, que están traballando máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e están máis afiliadas á Seguridade Social. Estanlle negando vostedes os datos á sociedade civil galega, que hoxe ten máis mulleres afiliadas á Seguridade Social que nunca. Estanlle negando, coma sempre, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) os datos a Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o meu compromiso político son as mulleres —por moito que lles moleste aos grupos da oposición— que sofren violencia machista, que teñen fenda salarial ou que teñen algunha discriminación de calquera tipo desta sociedade. Ese é o meu compromiso, señoría, non teña ningunha dúbida. Vou seguir con ese compromiso, sen plantexamentos ultras e sen pactos ultras...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...como con vostedes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.



Continuamos co punto 4 da orde do día. *(Pausa.) (Murmurios.)*

Continuamos co punto 4 —como dixen—, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 57733)

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado co fin de traballar a favor de acadar un consenso internacional para a reconsideración da participación de mulleres e homes deportistas en competicións deportivas organizadas por países nos que se vulneran os dereitos fundamentais da súa cidadanía, especialmente os das mulleres, eliminando así toda discriminación por razón de sexo nos países acolledores de eventos deportivos».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

O vindeiro día 25 de novembro é a data internacional da denuncia da violencia machista e das súas manifestacións máis extremas e evidentes, a agresión e o asasinato. Pero o universo que xera esta violencia extrema é moito máis amplo, trátase dun problema transversal e cultural asentado aínda en todas as sociedades do mundo: o sistema de dominación patriarcal.

A actitude supremacista do patriarcado, lonxe de desaparecer coa toma de conciencia social sobre a igualdade entre mulleres e homes, permanece presente entre nós, reorganizada politicamente e cunha descarada campaña mediática de branqueo social. E isto, señorías, sucede a dous niveis: ao nivel político estatal e ao nivel político internacional.

A nivel estatal, unha forza de extrema dereita, Vox, negacionista da violencia de xénero, enfrontada ao feminismo como ideoloxía motor da sociedade na loita pola igualdade entre mulleres e homes, unha forza declaradamente machista, que reduce o papel da muller a coser botóns na casa para os homes, busca a súa lexitimidade social na necesidade que teñen outras forzas políticas —que nós consideramos da dereita democrática— de recadar apoios para conformar maiorías parlamentarias e gobernativas. E, ¡ollo!, nós, dende En Marea, non



dicimos que por este feito forzas como o Partido Popular ou como Cidadáns deixen de ser forzas democráticas, pero sinalamos un risco, o risco que para o conxunto da sociedade e para a loita pola igualdade e contra o machismo ten lexitimar e normalizar unha forza política que porta valores que non son democráticos, porque son contrarios aos mínimos estándares de recoñecemento dos dereitos fundamentais, por exemplo, no ámbito internacional coas Nacións Unidas.

Señorías, isto non sucede só a nivel estatal, sucede tamén a nivel internacional. A nivel internacional sucede o mesmo, pero desta vez non con formacións políticas, senón con verdadeiros estados completos e a unha escala atroz. Si, falamos de estados canallas que practican o machismo de forma oficial e xeneralizada, que teñen legalizada a submisión da muller, a súa tortura e o asasinato das formas máis crueis.

Señorías, en 2019, neste planeta no que vivimos todas e todos, hai mulleres que morren apedreadas pola súa orientación sexual, japedreadas! En 2019 hai mulleres que morren aforcadas por desobedecer o destino familiar decidido polos seus parentes cando son nenas. En 2019 hai mulleres que reciben lategazos nas costas e penas de prisión por non levar a cara cuberta. E, por suposto, do carné de conducir, do pasaporte ou de mercar unha propiedade inmobiliaria xa nin falamos. E non digamos o de votar, problema que ás veces comparten con aqueles mesmos que as apedrean.

Destas situacións ocupouse en numerosas ocasións Amnistía Internacional, e creo que hoxe mesmo nos propoñen unha declaración institucional. Leo simplemente dúas pasaxes que creo que son interesantes, unha delas referida a Irán, que nos últimos meses denuncia: «Estamos asistindo a unha forte represión contra persoas que defenden os dereitos humanos das mulleres, en particular, contra quen se opón pacificamente ao uso obrigatorio do *hiyab*, ou o veo islámico». Falan, en concreto, da destacada avogada de dereitos humanos Nasrin Sotoudeh, condenada a 38 anos de cadea e a 148 lategazos por defender a mulleres detidas por quitar o veo en público. E as tamén defensoras Aryani, Arabshahi e Keshavarz foron igualmente condenadas a penas de entre dezaseis e vinte e tres anos de cadea por facer campaña contra o uso obrigatorio do veo. Non é un caso exclusivo de Irán.

Tamén en Arabia Saudí denuncia Amnistía Internacional que durante décadas as mulleres foron e son sometidas a leis represivas que impoñen restricións aos seus dereitos a viaxar independentemente, traballar ou estudar; ou que limitan varios aspectos da vida das mulleres. Ante esta situación, as mulleres que desafían estas leis inxustas reciben como pena a prisión, a tortura, e nalgúns casos a propia morte.

Aínda a maiores faise eco Amnistía Internacional doutro episodio sucedido este mesmo ano. En marzo de 2019, desafiando a prohibición en Irán de que as mulleres entren nos estadios de fútbol, Sahar Khodayari, de 29 anos, vestiuse coma un home e tratou de entrar no estadio nacional de fútbol de Teherán para ver un partido entre o seu equipo favorito, o Esteghlal Tehran, de Irán, e o Al-Ain, de Emiratos Árabes Unidos, durante a Copa asiática de fútbol. Cando os gardas de seguridade do estadio descubriron que era unha muller, impedíronlle entrar. Ademais disto, foi recluída na prisión de Shahr-e Rey, nunha granxa avícola abandonada que alberga a varios centenaes de mulleres declaradas culpables de delitos violentos



en condicións de amoreamento e insalubridade. Khodayari foi citada para comparecer ante un tribunal de Teherán o 2 de setembro de 2019, co fin de ser xulgada en relación co seu intento de entrar nun estadio de fútbol. O tribunal acusouna formalmente de cometer abertamente un acto pecaminoso aparecendo en público sen *hiyab* e de insulto ás autoridades. A vista aprazouse, e tras saír, Sahar asperxeuse con gasolina e prendeuse lume fronte á sede do tribunal. Segundo portavoces do hospital, sufriu queimaduras no 90 % do corpo e morreu o 9 de setembro.

Esta historia recibiu gran atención en Irán, e políticos, celebridades e futbolistas a nivel internacional criticaron a prohibición de que as mulleres puidesen entrar en estadios de fútbol. Como denuncia Amnistía Internacional, Khodayari seguiría con vida de non existir esta prohibición draconiana e o consecuente drama da súa detención traumática, o encarceramento e o axuízamento por tratar de eludila. E entende que a súa morte non debe ser en balde.

O caso de Irán, señorías, garda relación co fútbol, unha actividade deportiva, cultural e de ocio tan arraigada en calquera sociedade occidental que nos parece un relato imaxinario que unha muller poida ser condenada por intentar entrar nun estadio.

O fútbol, señorías, que fai que rivais políticos poidan vestir a mesma camisola, que poidan enarborar a mesma bandeira, o que paraliza o funcionamento normal dun país e polo que cada idea política nacional clama pola existencia dunha selección que a represente.

O fútbol, que mesmo algunhas veces provoca rematar pronto estas sesións do Parlamento para que os seareiros e as seareiras poidan gozar do seu deporte favorito.

O fútbol remove as máis profundas emotividades dunha parte importante da sociedade, tradicionalmente dos homes, pero cunha incorporación crecente das mulleres como afeccionadas e tamén como xogadoras, de base e profesionais. Nas últimas décadas, pioneiras nun mundo de homes que en poucos anos acadaron para os seus clubs, cidades e nacións os máis altos recoñecementos internacionais. Sen ir máis lonxe, a internacional Verónica Boquete, galega de pro, que mereceu o recoñecemento do seu nome no estadio da capital de Galicia, converténdose nunha das primeiras instalacións destas características en todo o Estado co nome dunha xogadora.

Señorías, para a sociedade occidental o fútbol é sinal de normalidade social, e as satrapías de todo o mundo sábeno. E os estados que practican o patriarcado sábeno. E por iso estados como Arabia Saudí ou Qatar emprenderon hai tempo unha cruzada para branquear internacionalmente as súas tiranías por medio do deporte, singularmente por medio do fútbol. A golpe de diñeiro, uns tiranos que viven suspendidos nunha balsa sobre un mar de ouro negro, o petróleo, que todo o compra. Queren comprar a opinión pública mundial aparentando normalidade social, organizando competicións internacionais de fútbol e outras competicións deportivas internacionais coma se nada pasase.

Esta situación foi denunciada hai pouco pola propia Verónica Boquete quen dixo nun congreso sobre deporte e comunicación, mediante unha crítica á decisión de que a Federación española trasladase a Supercopa de España a Arabia Saudí, que «Arabia Saudí é un agresor



e un castigador que vulnera os dereitos humanos». Boquete, tras cualificar de erro grave a designación, afirmou que «a mensaxe é que todo vale e, persoalmente...» —di ela— «...creo que non todo vale». Estamos falando dun país restritivo coas mulleres e con outros moitos dereitos, é un dos países onde non hai ningún tipo de liberdade. Se no fútbol falamos moitas veces de valores, temos que ser coherentes con iso. «A cambio» —di Verónica—, «levamos alí competicións deportivas, pero xa non só a Arabia Saudí senón tamén a países coa mesma liña. Hai que buscar a maneira de castigar ao opresor, ao que fai as cousas mal e, por desgraza estamos facendo todo o contrario», lamentou.

Nesta mesma liña, a Amnistía Internacional, e ante a posibilidade de que a Supercopa de España se celebre en Arabia Saudí, dirixiuse ao presidente da Real Federación Española de Fútbol co obxectivo de trasladarlle as súas inquedañas e a súa denuncia. Antes de decidir a sede, a Federación debería coñecer en detalle e ter en conta o historial de vulneración dos dereitos humanos en Arabia Saudí, que inclúe, ademais da discriminación que sofren as mulleres ou as restricións á liberdade de expresión, a súa participación na guerra de Iemen ou o sostemento da pena de morte ou da tortura e os malos tratos ás persoas detidas.

Señorías, non podemos ser cómplices desta situación. Debemos tomar partido de forma inmediata e *(O señor Villares Naviera saca un cartón vermello que mantén alzado na man esquerda mentres prosegue coa súa intervención.)* sacarlle a tarxeta vermella ao machismo. Debemos sacarlles a tarxeta vermella a aqueles que queren comprar o noso silencio con cartos, sacarlles a tarxeta vermella a todos aqueles que queren normalizar a tiranía co fútbol, aos que torturan ás mulleres, aos que encadean ás mulleres, aos que asasinan ás mulleres, aos que as fustigan, aos que as apedran. Debemos de sacar a tarxeta vermella aos machistas de todo o mundo e dicirlles que non estamos dispostas e dispostos a validar a súa normalidade. Debemos dicirlles que polas que xa non están, porque as lapidaron, polas que sofren condenas inhumanas, polas que esperan sentenzas de condena de morte, polas condenadas dende nenas a sufrir malos tratos, violacións e vidas miserables; por todas elas, que non contan con nós nin sequera para xogar á pelota.

Señorías, marquémolles un gol ao machismo e rexeitemos que toda a comunidade internacional, que as nosas seleccións oficiais, sexan cales sexan, e que os nosos equipos de fútbol xoguen en campos manchados de sangue das mulleres asasinadas a mans dos sátrapas machistas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Eu quero comezar polo texto da propia proposición non de lei do Grupo Mixto, que fala de denunciar —acaba de explicalo moi ben o voceiro— a situación de millóns de mulleres no



mundo en países que vulneran os dereitos fundamentais das persoas e tamén, especialmente, os dereitos das mulleres. Fala tamén de pedir unha denuncia desta situación por parte dos gobernos español e galego, e nós concordamos con esa visión. As mulleres levamos séculos reivindicando o noso espazo e exiximos que esa igualdade teórica, que efectivamente existe, sexa unha igualdade de verdade. E nesa bancada levamos cento corenta anos loitando pola igualdade das persoas; esa foi a nosa orixe. Levamos cento corenta anos loitando polo feminismo sen ningún tipo de complexo. Non feminismo de festa pixama e de salón, senón feminismo que busca a igualdade real, porque o machismo está en todos os lados —é certo—, tamén no deporte, tamén no fútbol.

Diso fala tamén, efectivamente, o último informe de Amnistía Internacional do ano 2017-2018. Di ese informe que se vulneran os dereitos das mulleres e das nenas practicamente en todos os países do mundo: Serra Leoa, Guinea Ecuatorial, Tanzania, Liberia, Malawi, Mozambique, Suacilandia, Sudáfrica, Burquina Faso, Angola, Senegal, Ghana, República Dominicana, México, Nicaragua, Xamaica, Colombia, Cuba, Paraguai, Estados Unidos, O Salvador, Haití, Honduras, Suriname, Arxentina, Uruguai, Venezuela, India, Paquistán, Afganistán, China, Xordania, Líbano, Tunisia, Qatar, Arabia Saudí, Exipto, Marrocos, Polonia, Irlanda, Irlanda do Norte, Malta, Rusia, Croacia, Romanía, Albania, Lituania, Acerbaixán, Usbequistán, Turcomenistán, Xeorxia, Chechenia e moitos máis.

Só Canadá e algúns estados europeos poderían ser sedes de eventos deportivos se fose así, e incluso hai que poñelo en dúbida. Eu vou utilizar literalmente unhas palabras: *retrasada; hija de puta; sinvergüenza; eres una mierda; qué zorra eres; puta; zorra, vete a fregar; zorra, vete a casa*. Iso pasaba en San Lorenzo del Escorial hai escasamente uns días cando pais e nais de nenos e nenas lle berraban estes insultos a unha árbitra de fútbol. Iso quere dicir que o machismo está tamén no mundo do deporte, está na vida ordinaria de todas e de todos.

Pero iso non significa que teñamos o poder nesta cámara, nin sequera no Goberno do Estado, nin sequera na Xunta de Galicia, de poder cambiar esta situación coa petición fundamental que fai esta proposición non de lei, é dicir, negarse a enviar representación deportiva a eventos deportivos. ¿Por que? Pois porque as decisións sobre enviar ou non equipos deportivos non as toman os países, non as toman os estados, tómanas as federacións, neste caso a Federación de Fútbol, as federacións deportivas. De feito, en Alemaña a Federación deportiva de fútbol alemá acaba de decidir precisamente isto que aquí se pide. Si para os xogos olímpicos, onde si son os gobernos os que toman esas decisións.

Xórdennos moitas preguntas: ¿que fariamos coas competicións en España ou en Galicia contra as seleccións de países que non respectan os dereitos humanos? Galicia contra Venezuela en fútbol, por exemplo. ¿Que facemos?, ¿non xogamos?, ¿non as deixamos entrar en Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro... Non, é un exemplo porque foi o último partido que se xogou, non é que non houbese outra selección, é que foi a realidade. (*Murmurios.*)

¿Que pensarán as mulleres e os homes deportistas que adestran a tope para uns xogos olímpicos cada catro anos se non os deixamos acudir só nós e non outros países? ¿Que pensarán os de San Lorenzo del Escorial que están moi orgullosos deses insultos a esa árbitra de fút-



bol? Cremos que realmente o que debemos facer é loitar para eliminar calquera tipo de discriminación neses países, tamén no noso, ¡que boa falta nos fai! O exemplo é San Lorenzo del Escorial, ese partido de fútbol. E esa protección ás mulleres de hoxe non só por parte do presidente Feijóo, senón tamén de Santiago Abascal no debate das eleccións xerais, é outro exemplo.

Debemos loitar para eliminar toda discriminación nos países que van acoller eventos deportivos —cremos nós— e debemos acadar un consenso, potenciar a loita para un consenso internacional nese senso, ¿non? E ese consenso internacional entre estados é o que cremos nós que debería estar nesta proposición non de lei, e precisamente nese senso vai a nosa emenda.

É máis: cremos que o Goberno da Xunta de Galicia, o Goberno do Estado e todos os gobernos das comunidades autónomas deberían traballar para acadar ese consenso internacional non só no mundo deportivo, senón que o que deberíamos facer sería traballar para erradicar toda discriminación a todas as mulleres en todos os países do mundo, acollan ou non calquera tipo de competición deportiva.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Facía mención o señor Villares á proximidade do 25 de novembro. Nós tamén queremos recordala, pero tamén queremos recordar que hoxe é, precisamente, 20 de novembro e que, aínda que algunhas das que estamos aquí non nos tocara vivir o franquismo con Franco, desafortunadamente temos que lamentar que ese franquismo sen Franco segue desgraciadamente vivo, e moi vivo, e alentado, ademais, pola dereita e pola extrema dereita. (*Aplausos.*) E ten unha responsabilidade moi importante en que teñamos retrocedido en moitos aspectos respecto da igualdade das mulleres a respecto dos avances que tiñan conseguido anteriormente as republicanas. Hoxe falaremos tamén do espírito republicano.

Pero antes quería recordar unha cuestión, xa que o señor Feijóo hoxe volveu ser *Fake-jóo* e deixou varias *fake news* respecto da igualdade, non me daría tempo de ir un por un, pero teño aquí comigo —aínda que deixei parte no escano— o *Diario Oficial de Galiza* de marzo de 2009, onde veñen as axudas periódicas establecidas ata un máximo de tres IPREM. Hoxe é aínda inferior esa escala e aumentouse o ano pasado grazas a unha proposta do Bloque Nacionalista Galego (*Aplausos.*) despois dun recorte de máis de dez anos. (*Aplausos.*) Polo tanto, esa é a realidade. Loxicamente, hai máis mulleres solicitantes hoxe que hai doce anos porque a lei se foi desenvolvendo, pero esa é a realidade. Agradecemos que vaian rectificando, pero cando chegaron ao goberno o que fixeron foi recortar.



En todo caso, previamente a esta cuestión da que falamos hoxe sobre o deporte e a tolerancia da violencia machista, eu quero sumarme tamén aos parabéns que xa saían no día de onte ás futbolistas femininas por esa exitosa folga, por histórica, por masiva e por conseguir reivindicacións salariais e referentes á parcialidade; e recordar que iso nos pon diante do espello do machismo que aínda permanece en moitas institucións deportivas e en moitos deportes. Porque tamén hai que sinalar que hai reivindicacións que elas puñan enriba da mesa que nos parecen que son sanguentas que a día de hoxe, pese a que presumimos de ser un país avanzado non estean conseguidas como, por exemplo, algo tan elemental como ter trinta días de vacacións. ¡Que tampouco están pedindo irse seis meses a Bahamas!

Hai que recordar, ou lamentar máis ben, a escasa solidariedade que tivo tamén entre moitos grandes futbolistas masculinos. Unha vez máis, non só vimos a fenda de xénero e a falta de solidariedade nese aspecto, senón que tamén vimos esa fenda de clase. Pois a máis millonarios, eu creo que podemos dicir que menos solidariedade.

En todo caso, centrándonos na cuestión da que falamos hoxe, máis concretamente, nós cremos que a futbolista galega Verónica Boquete deu no albo da cuestión cando dixo que «xogar a Supercopa nun país como Arabia Saudí era premiar o agresor». Esa é a cuestión de fondo. Podemos buscar cal é a mellor formulación, o mellor método para evitar que iso pase, pero a realidade é que favorecendo este tipo de iniciativas o que se fai é premiar os agresores, premiar a normalidade da violencia contra as mulleres nun país no que hai escasamente un ano que se lles permitiu ás mulleres poder conducir. Iso dá idea da barbaridade da que estamos falando, e dá idea tamén de pequenos pasos que non son suficientes para unha sociedade que se queira chamar «democrática», e que son aumentados moitas veces por quen ten intereses neses países para disfrazalo dunha democracia que non é tal.

É importante que poñamos o acento nos eventos deportivos, e nós concordamos con moitos dos aspectos que recollía aquí o señor Villares ou a señora Vilán. Pero tamén hai que falar claro doutro elemento moi importante, que tamén ten moitos focos comunicativos e que tamén envía unha mensaxe igual ou máis negativa que facer eventos deportivos neses países e que concorrer a esas competicións, que é seguir permitindo que eses señores que cobran salarios dos nosos impostos, como é a monarquía, branqueen permanentemente países como este. (*Aplausos.*)

E o da Monarquía española con Arabia Saudí xa é delirante. (*A señora Presas Bergantiños le un documento.*): «Felipe VI recibe en Zarzuela al príncipe heredero de Arabia Saudí». Aquí temos ao rei anterior tamén (*A señora Presas Bergantiños le outro documento.*): «El rey Juan Carlos y Salman, la foto de la vergüenza». Isto dio incluso *El Mundo*, que non é un xornal cunha liña editorial particularmente bolxevique, pro comunista e pro Venezuela. Pero que despois de que se recoñeza xa que foi o artífice intelectual do asasinato dun xornalista que vaia alí este señor, pagado por todos e todas nós, sen que o teñamos escollido ademais nas urnas, fotografarse con esta xente é lamentable. (*Aplausos.*)

Como é lamentable que viramos tamén nas últimas semanas cuestións como esta (*A señora Presas Bergantiños le outro documento.*): «El rey evitó dar al régimen saudí los consejos de democracia formulados en Cuba». ¡Manda truco que vaia un monarca español a Cuba presumir de democracia! (*Aplausos.*) Un señor que non escolleu ninguén e vai presumir de dereitos das mulleres a un país como Arabia Saudí...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Desde logo, é francamente lamentable. É o síntoma de que nos queda moito por avanzar.

En todo caso, estamos de acordo con buscar un consenso respecto de que haxa un pronunciamento político contra ese tipo de eventos, que ao final é iso. Porque é certo que non vai cambiar o mundo porque o digamos no Parlamento galego ou porque o diga Verónica Boquete. Ao final, é poñer o foco na cuestión e poñer o foco en que non se pode tolerar esa política de amiguismo cos agresores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Común da Esquerda, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas.

Bo día, señor presidente.

Señores deputados e deputadas.

Dende o noso grupo concordamos en que temos que condenar de xeito claro e rotundo calquera tipo de práctica política ou calquera tipo de acción que vulnere ou que dea apoio dalgún tipo ás agresións e á vulneración dos dereitos humanos, sobre todo das mulleres, que sufrimos en absolutamente todos os países do mundo, aínda que é certo que en distinta gravidade ou en distinta virulencia.

Por iso, nós queremos poñer de manifesto dúas cuestións concretas. En primeiro lugar, estando totalmente de acordo coa exposición do señor Villares, no fondo e na proposición que fai, queremos manifestar que non só debemos ver a palla no ollo alleo, porque parece coma se na desigualdade no deporte feminino respecto do deporte masculino no mundo máis occidentalizado... — parece que queremos poñer só o foco neses países... ¡con toda a razón!, dende logo nós non o imos obviar— ...non existen prácticas que denigran as mulleres tamén neste eido do mundo do deporte.

Por iso, eu quero comezar, en nome do noso grupo, felicitando as mulleres do fútbol, que conseguiron, tras unha folga histórica —como xa se dixo—, por fin ter un convenio colectivo, no que pedían nin máis nin menos que un salario mínimo, xornada laboral digna e poder conciliar. Parece inadmisibile que teñan que reclamar isto facendo folga e que non saia dunha normativa legal que garanta a súa igualdade tamén neste eido.

De feito, como mostra da gravidade da situación que sofren as mulleres tamén no noso país, no mundo deportivo, vemos as desigualdades salariais (*A señora Santos Queiruga le un documento.*): setecentos euros para eles e catrocentos para elas. Un exemplo é a atleta Paloma



Salas, que renunciou a participar nunha carreira popular por esta situación; algo que tamén pasou na Coruña cunha bandeira de traíñeiras, na que recibían dous mil cincocentos euros eles e mil euros elas, ou no campionato de surf en Cantabria, onde o gañador recibía dous mil euros e, na mesma posición en categoría feminina, as mulleres recibían cincocentos euros.

Isto hai que aseguralo mediante as leis. E si que hai unha responsabilidade por parte dos executivos e das federacións, porque en todas as competicións organizadas, financiadas, subvencionadas ou patrocinadas polas administracións públicas, ou por entidades de dereito público vinculadas, deben de tratarse de xeito igualitario homes e mulleres, sen escusas. Cando hai cartos públicos non hai escusas.

Actualmente, as leis no noso país non protexen a igualdade. Temos unha lei do deporte do ano 1990 que exclúe sistematicamente a muller da profesionalidade neste ámbito, e nin sequer a contempla. Trátase o deporte feminino como un subxénero e é hora xa de que o home deixe de ser o baremo de todas as cousas, tamén no deporte; porque ser diferentes e ter categorías diferentes non significa ser inferiores en salario, nin en condicións, nin en valoración social. Ese anteproxecto de lei que se quixo impulsar antes de que rematase a lexislatura quedou no tinteiro, pero non debe de ser unha asignatura que quede no tinteiro.

Pero non só é unha cousa de España. En Francia vimos perplexas como estaba unha sala de prensa baleira ante a gañadora do Tour de Francia feminino e chegou un só xornalista. Francia, un país que presume de vangarda e que de feito é vangarda en moitos temas, tamén ten unhas grandes eivas nisto. A comparecencia dunha deportista brillante, cun palmarés excepcional, non foi cuberta polos medios de comunicación.

Dito isto, nós tamén sabemos a gravidade da situación que viven as mulleres nestes países de oriente próximo que teñen outros réximes políticos —citouse un listado—, e estamos absolutamente a favor de que exista unha condena tanto en España coma en Galicia, como unha condena internacional. Hai que poñerse a traballar. Efectivamente, isto transcende o que faga o Goberno do Estado.

Nós cremos que hai que buscar un consenso internacional e que habería que levar esta cuestión directamente a Europa ou aos organismos internacionais como a ONU para facer un pacto conforme non se aceptará, por parte de ningún país, a participación neste tipo de lugares onde non se cumpra a lexislación internacional, a declaración de dereitos humanos, e que este se faga desde os organismos pertinentes. Unha proposta que directamente afecta as federacións mundiais, para que non poidan aceptar nin propoñer ir a estes países para realizar este tipo de eventos. Unha aposta forte, comprometida coa causa, que non poida ser tachada de inútil ou que non se poida levar a cabo abrindo un escenario de «van todos menos España».

Como exemplo do que se pode facer, dende o noso grupo presentamos unha emenda aos orzamentos dun millón de euros para fomentar o deporte feminino. Creemos que por parte do Partido Popular —e vou ir rematando— non deben de ter medo nin buscar escusas para non apoiar algo que é unha cuestión internacional e que se debe buscar o apoio internacional.



Medo nos dá —comentábame un compañeiro, un deportista federado, campión federado internacional— que chegue calquera día (*A señora Santos Queiruga diríxese cara á súa dereita.*) o socio do Partido Popular —do seu partido, o señor Abascal— ao Congreso dos Deputados por cuestións como estas denunciando que as feministas queremos prohibir os nosos heroes nacionais, sobre todo os do fútbol, como o señor Andrés Iniesta, porque xa sabemos que ao señor Gerard Piqué o seu socio, o señor Smith, lle nega o saúdo porque despreza España. Calquera día a vostedes tamén os botarán, ou instarán o señor Casado para que os bote do Partido Popular por separatistas e ao señor Feijóo por ser separatista e nacionalista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Non é unha cuestión de representar con orgullo patrio o noso país nin os nosos deportistas, nin limitalos, nin roubar emblemas, nin o noso sinal de identidade, nin o noso carácter ibérico e grandioso, senón que é unha cuestión de dereitos humanos e de pelexar pola igualdade cos mecanismos que temos nas nosas mans.

Entón, instamos os señores do Partido Popular a que elixan ben de que lado están e que apoiem iniciativas que apoiem non vulnerar os dereitos das mulleres. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu quérome sumar tamén á felicitación aos futbolistas polo convenio colectivo acadado..., (*Puntualízanlle ao señor Pazos Couñago desde as bancadas da súa esquerda que o xénero é feminino, «as futbolistas».*) ...ás futbolistas, perdón, ¿non se me entendeu?, ás futbolistas polo convenio colectivo acadado, que lles levou menos tempo negociar que o que tardaban as vítimas de violencia de xénero en recibir as axudas periódicas daquel marabilloso Bipartito, entre oito e dez meses, señora Presas. (*Aplausos.*)

O señor Villares presenta hoxe unha proposta ben intencionada, sen dúbida, pero eu creo que desafortunada, porque pretende converter a inxustiza con máis inxustiza. Esta proposta obrigaría os nosos atletas, mulleres e homes, a renunciar a competir en función do país que resulta elixido como sede dun determinado evento deportivo. Nós cremos que as nosas deportistas entrenan duro e que o que están a pedir é que se mellore a elección das sedes das competicións e non que se lles impida participar na alta competición.

A segunda cuestión que nos chama a atención é que o señor Villares aposta polo bloqueo internacional como fórmula para democratizar países que vulneran os dereitos humanos. ¡Vivir para ver!, a esquerda pedindo bloqueos internacionais. Pero esta proposta privaría a poboación deses países dos efectos beneficiosos da denominada «diplomacia deportiva». Hai que recordar exemplos como o do Berlín de 1936, cun heroe olímpico, un afroamericano, Jessy



Owens, converténdose no gran triunfador das olimpíadas no corazón mesmo da Alemaña nazi. Nós cremos que estas cousas teñen moito valor.

O PP defende o dereito das nosas atletas a competir en calquera país e con maior fortaleza imos defender o seu dereito a denunciar calquera situación inxusta que se atopen, con total liberdade e co amparo e o respaldo dunha das democracias máis consolidadas do mundo, a española. *(Aplausos.)* E, por iso, compartimos a actitude valente de Ana Peleteiro, que acudiu a competir a Doha e denunciou alí a discriminación que sofren as mulleres en Qatar. E, por suposto, defendemos o dereito de Vero Boquete a denunciar que celebrar a Supercopa en Arabia Saudí é un premio ao agresor. O que non defendemos son os exercicios de hipocrísia do socialismo, que antes de que se elixira a sede, a elección de Arabia Saudí, negouse a retransmitir a Supercopa en Radiotelevisión española, pero, polo medio, asinou un convenio coa Real Federación Española de Fútbol para desprezar a súa axenda promocional internacional, incluído este evento. *(O señor Pazos Couñago mostra un documento ante a Cámara.)* A asinante é a secretaria de Estado da España global, tamén coñecida por ser autora do manual de resistencia do señor Sánchez.

O PP leva moitos anos traballando, conxuntamente con outros partidos, pola igualdade real e estamos dispostos a seguir por ese camiño, pero non imos aceptar certificados de boa conduta por parte dunha esquerda que basea a súa autoproclamada superioridade moral nun permanente exercicio de desmemoria. Señorías, ¡menudo pleno!

Hoxe deron leccións de feminismo os que gastaban os cartos dos parados en prostitución *(O señor Pazos Couñago mostra un documento ante a Cámara.)*, os que azoutaban periodistas mulleres ata que sangrasen; *(Protestas.)* os que cabalgaban contradicións como que che financie a televisión un réxime autocrático que obriga... *(Interrupcións.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio.! ¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, señora Santos, eu non teño culpa de que ese comentario... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non podo chamar á orde a un deputado porque faga uso dun comentario que se fixo. ¡Como o vou chamar á orde...! Vostedes están protexidos. Eu non podo chamar á orde a ninguén que fai uso... Non podo. Alá cadaquén co que di. Non me pregunte a min. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.) (Murmurios.)*

Señora Santos, xa está. Non, vergoña ningunha. Señora Santos, terminou a discusión. ¡Silencio!

Señor Pazos, continúe.

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, cando mo permita a señora Santos.

Repito, os que azoutarían periodistas mulleres ata que sangrasen, os que cabalgaban contradicións como que te financie a televisión un réxime, o iraní, que obriga a que as presen-



tadoras deban taparse a cabeza cun pano aquí, en España, porque o aiatolá paga e o aiatolá manda, señora Santos. *(Aplausos.)*

Hoxe fálannos de democracia os defensores da Cuba de Castro, os defensores da Venezuela de Chávez e Maduro, os defensores da Nicaragua de Ortega. Hoxe disertan aquí sobre dereitos humanos os que envexaban os españois que vivían en Venezuela, os que pedían para Europa «*un poco de ese cálido viento latinoamericano que lleve a tanto canalla*», os de «*Chávez vive, la lucha sigue*», os de «*Chávez, te lo juro, votaremos a Maduro*». Hoxe acúsannos de totalitarios os que celebraron o Centenario da Revolución Rusa, porque debe haber algo que celebrar nun réxime que causou máis de cen millóns de mortos en todo o mundo. Por certo, a Europa occidental recomenda a prohibición da exhibición pública dos seus símbolos.

Hoxe, señorías, atrévense a criticar o pacto con Vox, que serviu para rematar coa corrupción sistémica de Andalucía, os mesmos *(Interrupcións.) (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben)*, señoría, que están buscando un pacto co señor Torra, o Le Pen catalán herdeiro da corrupta converxencia do 3 por cento...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor PAZOS COUÑAGO: ...os que están buscando un pacto co moderadísimo señor Otegui, os que están buscando un pacto cos condenados por secesión. Hoxe critican os pactos con outras forzas políticas os que xuraron que nunca pactarían co populismo, porque o final do populismo «*es la Venezuela de Chávez, la pobreza, las cartillas de racionamiento, la falta de democracia y la desigualdad*», Pedro Sánchez dixit. Señores, ¡canta desmemoria! ¡canta desmemoria! *(Aplausos.)*

Voulles recordar o que din, a ver se se acordan disto, señorías: «*non somos nin de esquerda nin de dereita, somos os de abaixo que van contra os de arriba*». ¡Que dano fixo unha mudanza! Xa non son os de abaixo, son os do lado, os do chalé do lado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Agora abrazan a corrupta casta socialista, con dous presidentes do PSOE condenados por facer clientelismo político *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)* con 687 millóns de euros dos parados, dos pobres, dos máis necesitados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Santos...

O señor PAZOS COUÑAGO: E, ¿cal é a súa escusa, señora Santos, que teñen que buscar este abrazo para lograr un pacto entre progresistas?

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Pazos. Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa, presidente.



Pero, ¡home!, que me veñan aquí os do abrazo para buscar o pacto entre progresistas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PAZOS COUÑAGO: Miren, señorías, os progresistas son ao progreso o que os carteiristas son ás carteiras. Eu preguntome se se pode ser máis cínico, e cando miro a esa bancada teño a resposta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Si se puede! (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Villares.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)

Espere, señor Villares, espere. Espere a que se soseguen os ánimos.

¡Un pouco de tranquilidade, por favor! Todo isto vai en detrimento do horario. Non poderá falar unha persoa con este intercambio que se está tendo.

¡Señor Vega e señor Cal, silencio! Son sempre os mesmos. ¡Silencio! ¡Sempre disparo para o mesmo lado! Sempre son os mesmos. ¡É que é unha cousa...! Hai que cambialos de escano; se non, vai ser imposible. ¡Silencio!

Señor Villares, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Ponme, por momentos, triste, e ata sinto algo de compaixón polo señor Pazos na súa intervención, pola frivolidade con que tratou un tema que é tan difícil e tan complexo. Eu estou seguro, ademais, de que vostede non sente todo o que dixo desde esta tribuna. Algunhas cousas si, pero outras estou seguro de que non. Porque estamos falando de algo que non é que teña complexidade, non é que teña complicacións para a vida da xente. Estamos falando de cousas que lle custan a vida á xente. E se vostedes queren formular outro tipo de iniciativas que vaian noutro sentido para defender a vida —e xa non digo outros dereitos, senón a vida, que é o primeiro dos dereitos—, por favor, preséntenas e estaremos dispostos a debatelas e aprobalas. Pero intentar desviar un debate que é tan importante coma este, onde hai xente —hai xente, non; hai mulleres, porque estamos falando concretamente dos dereitos das mulleres, das vidas das mulleres—..., pois parécenos unha frivolidade absolutamente innecesaria. Poden gañar vostedes a votación igualmente sen ter que dicir algunhas



cousas. Entón, respecten coa palabra desde a tribuna certas cousas, que é volver a contextos esenciais dos valores que todos defendemos, incluído vostede, estou seguro.

Ben, en relación coa proposta que fai o Partido Socialista e o seu discurso, nós entendemos que non é equiparable o que pasa no estadio de San Lorenzo do Escorial co que pasa en Arabia. Igual que calquera outra situación entre particulares non é comparable cunha situación de dominación estrutural, explícita, do exercicio da tortura, do asasinato. Por suposto que non, xa o sei. Entón, por iso chamo a diferenciar planos e por iso chamo tamén a recuperar o que é a idea orixinaria desta propia iniciativa. Estamos falando dunha denuncia de casos que son tan, tan, tan sangrantes e que desbordan calquera límite do aceptable polo ser humano que estamos pedindo, como dixo Verónica Boquete, simplemente que non sexan premiados con esas competicións. Estamos pedindo que non os premien, que sexan sinalados, que lles digan que nós non podemos aceptar isto nin para xogar. E por iso estamos falando diso.

Nós pensamos que paga a pena buscar un espazo de encontro arredor da defensa dos dereitos fundamentais. Somos conscientes —e ademais xa se dixo aquí desde a tribuna— que o fútbol é unha cuestión central porque é unha cuestión simbólica que ten moitísimo poder emotivo, que ten moitísimo poder de xeración de empatía e que tamén transmite moitísima normalidade.

Quero rematar con dúas ou tres referencias aos últimos informes de Amnistía Internacional sobre Arabia Saudí, nos que se denuncia como se clasifica o feminismo, o ateísmo e a homosexualidade. E clasifícase como delito, no caso concreto, ademais, do ateísmo, castigado coa pena de morte polo simple feito dunha declaración sobre as propias crenzas; igual que o feminismo e a homosexualidade, que poden xustificar penas que poden acabar coa vida da forma máis atroz posible.

Quero recordar de novo a memoria de Nasrin Sotoudeh, condenada a 38 anos de cárcere e a 148 lategazos por defender os dereitos das mulleres en Irán. E quero lembrar —e dígoo tamén para que ninguén teña medo de ser valente nesta Cámara— que o Parlamento Europeo emitiu en maio de 2018 unhas resolucións sobre a situación das mulleres en Arabia Saudí nas que se pedía liberdade inmediata e incondicional de todos os defensores e defensoras dos dereitos das mulleres nese país. Aquí, neste Parlamento, non imos inventar nada hoxe nin con esta proposta nin coa declaración institucional que propón Amnistía Internacional. Nesa resolución tamén se pedía unha resposta máis firme por parte de Europa, por parte das súas institucións. Nós somos unha institución europea, aínda que non teñamos a bandeira da Unión aí onda as outras dúas. Esta resolución debería de servir —di Amnistía Internacional— de catalizador para que os estados membros da Unión incrementen a presión sobre as autoridades saudís para que poñan fin á represión contra as activistas e os activistas dos dereitos humanos no país.

Imos aceptar a emenda do Partido Socialista, porque queremos buscar un consenso hoxe nesta Cámara para que saia unha resolución que poida ser apoiada de forma unánime e porque nos parece que, por riba do que se puidera dicir hoxe neste debate, con outras finalidades que temo que son alleas ao que era o obxecto da propia proposición non de lei, para nós o importante é que saia un apoio desta Cámara...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...a esta problemática concreta, e unha denuncia concreta ante esta situación de intento de branqueo do que son as satrapías machistas que existen hoxe en tantos países do mundo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e todas.

Plantexamos hoxe un debate no que verán os deputados que leron a iniciativa que pon un exemplo, que é o Hospital de Verín. Pero parécenos que encadra perfectamente coa descrición do que pasa con todos os hospitais comarcais de Galicia. Ten que ver cunha cuestión de modelo sanitario.

Para nós o debate sobre os hospitais comarcais e os servizos que teñen asignados, e que lles permiten aos cidadáns telos á disposición máis proximamente, ten que ver coa planificación da estrutura do noso sistema sanitario. Hai probablemente dous modelos no que corresponde á estrutura destes servizos. O Partido Popular defende un, e dende os socialistas defendemos outro, que ten que ver cunha posición probablemente non antagónica por completo pero si bastante discrepante.

Por intentar contextualizalo, dende o Goberno do Partido Popular trabállase na concentración de servizos. Os hospitais comarcais ceden servizos para os hospitais universitarios, para os complexos hospitalarios das cidades. E, ademais de facer esta concentración horizontal —como lle poderíamos chamar—, hai tamén unha concentración vertical que prioriza algúns tipos de servizos, especialmente aqueles de alto rendemento, a medicina de últimos avances, respecto da medicina máis sinxela, de atención primaria. «Máis sinxela» enténdase en termos de «máis fáciles». Pasa igual cinematograficamente, pero non podemos preferir *Doutor House* que *Médico de Familia*. E ese é basicamente o modelo do Partido Popular.

En todo caso a nosa proposta, a nosa idea, ten que ver con que os servizos deben estar máis próximos. E esta estrutura poboacional que temos en Galicia, a dispersión poboacional, este



envellecemento do que sempre falamos pero que especialmente se dá no eido rural, ten que ver coa nosa proposta de que os servizos teñen que estar máis difuminados, máis dispersos. E temos que darlles máis competencias aos hospitais comarcais.

Isto é o que din basicamente —permítanme a paréntese— os expertos en atención primaria, nese documento que circula e que plantexa algunhas concrecións, que fala basicamente —como todos puideron coñecer, seguro— de descentralizar os servizos. E fala de darlles, no caso dos centros de saúde —por iso digo que é unha paréntese—, máis competencias e máis capacidade de decisión propia. Nós plantexamos o mesmo, parécenos tamén unha boa idea no caso dos hospitais, e pola mesma razón: para que os hospitais comarcais teñan máis capacidade de decisión e de autoxestión. Pasa en Verín, pasa no Barco, pasa no Salnés ou pasa en Cee que, para solicitar ou para ter algún recurso material máis —os máis sinxelos incluso—, hai como que pedir permiso ao irmán maior. E o irmán maior, o hospital grande, pode incluso conceder ás veces ata unha impresora, por poñer un exemplo moi vulgar.

O Partido Popular prefire esoutro modelo de concentración, este que temos agora, que coas áreas sanitarias existentes xa non cubría todos os hospitais comarcais. O de Verín, que é o caso que máis poñemos de exemplo hoxe, xa non estaba nesa dispersión, pero si os que si a tiñan, como en Valdeorras, en Lemos, na Mariña e no Salnés, que xa foron perdidas esas áreas sanitarias na última reforma. E, por tanto, agora, con esas sete perdemos a capacidade de que os sete hospitais comarcais teñan máis capacidade de autoxestión.

E aí ocorre —dende o noso punto de vista— que de aí vén ese modelo que ao final ten algunhas repercusións directas. En servizos concretos —dos que falaremos agora— tamén; pero, por exemplo, tamén noutros que non son eses servizos básicos aparentes pero si o son no día a día. De aí vén o problema da hemodinámica, que, coa necesidade de concentrar servizos, perde a capacidade de atender, como penso que pasou en Lugo e en Ourense —nestes casos falando incluso de centros de cidades de Galicia—, que non tiñan ese servizo de hemodinámica e que chegou —se é que chegou por completo, que nin sequera está claro— a través de moitas reivindicacións e negado sistematicamente polo Partido Popular ata que o puideron anunciar en campaña electoral.

De aí naceu a concentración pediátrica que está en proceso e que o Partido Popular quere implantar a través das decisións do Goberno da Xunta de concentrar os pediatras como única solución ante un problema moito máis xeral que tería algunhas outras vías de poder resolverse —non por completo pero si con grandes avances—.

Aí chega a nosa proposta de servizos básicos, porque basicamente o que estamos propoñendo é garantir ou anclar servizos no eido rural. A gran proposta do Partido Popular é esta dos impostos cero. Por trasladalo ao eido da sanidade pública, impostos cero..., que, valla a redundancia, é absolutamente mentira, salvo que lle vaian a non cobrar o IVE na barra do pan a todo aquel que o compre fóra das cidades. Porque é absurdo falar de impostos cero. É un bo slogan publicitario, pero calquera experto en impostos pode saber que impostos cero é pouco menos que falar por falar. Pero, en fin, aquí o presidente pode contar incluso que temos 407 profesionais máis, aínda que sexan practicamente todos de consolidación, que, mentres fai iso, se outros dicimos que alguén mente, nos chaman a atención. E, mentres,



dende a mesa rinse dos outros. Pero, en definitiva, poden falar do que sexa, pero os impostos cero —que é unha mentira, en realidade, é mentira— contribuirían a non facer en realidade o que debemos de facer, que é facelos efectivos para, precisamente, ter unha certa atención e discriminación positiva cara a ese rural.

Por traducilo: a nós o que nos preocupa é que, por exemplo, falando de Verín, a xente que está en Castrelo do Val ou en Vilardevós ou en Monterrei teñan nun hospital moitas veces case a unha hora e media. E parece que ao Partido Popular lle parece ben que a xente teña o hospital a unha hora e media. Pero, iso si, quítanlle os impostos para que poidan ir en Ferrari. Pois trátase moito máis de achegar os hospitais a que poidan ir en Ferrari ou en Harley-Davidson, porque se trata diso, de facer efectivos os impostos para que os servizos estean no eido rural, e esa é a nosa proposta, que temos que ter unha certa discriminación positiva co eido rural, e en especial, neste caso, cos hospitais comarcais.

No exemplo de Verín, que vostedes coñecerán, hai problemas nalgúns servizos concretos. Hai algunhas demandas clarísimas no servizo de dermatoloxía ou no de pediatría, e existe a posibilidade de anclar alí servizos, como podemos anclalos nos outros hospitais comarcais, que teñan que ver co funcionamento máis cotiá. Non se trata, evidentemente, de levar todo a todos os sitios porque si, nin de encher todos os servizos de todas as poboacións de Galicia —iso non o está propoñendo ninguén, e ademais non ten lóxica ningunha—, pero si un catálogo de servizos mínimos.

¿Que é o que propoñemos? Propoñemos que existan algúns servizos determinados, aqueles que máis se usan, aqueles que son máis esenciais, aqueles que teñen, evidentemente, máis naturalidade para estar en todos os lugares, que estean anclados. ¿Que significa «anclados»? Que teñan os recursos materiais e humanos para que sexan propios dos hospitais. Hai que dar máis competencia aos hospitais, hai que dar un persoal máis estable, hai que evitar que o persoal dos servizos dos hospitais comarcais rote. Porque ao final —sábeno os profesionais específicos da sanidade que están aquí— ao cidadán que vai ao médico unha das cuestións que o axuda moito é ter o mesmo médico sempre. E isto non ocorre nos hospitais comarcais, onde moitas veces é persoal rotatorio.

Xa sabemos que hai algunhas dificultades que se poñen, como que o persoal non quere ir. Pois non sabemos entón como ocorre cos policías ou cos mestres, que preferirían probablemente, nun punto inicial da súa carreira, estar noutro lugar. Pero ¿por que ocorre con eles? Porque existe discriminación positiva, facilidades á hora da promoción interna, melloras nas condicións laborais. E iso pódese facer, está na man. O que pasa é que non se quere facer, porque a intención ao final é converter os hospitais comarcais en ambulatorios grandes. É unha Galicia de dúas velocidades, tamén sanitariamente.

¿Que propoñemos? Que exista un catálogo de servizos básicos. Nós, no momento do debate da Lei de saúde, fixemos unha proposta, que foi criticada porque era imposible levar iso aos hospitais comarcais. Bueno, é curioso, porque a todas as propostas que fixemos dese catálogo de servizos a Xunta dicía que o tiña xa nalgúns hospitais comarcais. Ou sexa, que ou a Xunta asume que o que están dicindo que teñen é imposible ou en realidade estaban usando un argumento que non tiña ningún sentido. Pero, bueno, a iso estamos acostumbrados.



En todo caso, tratemos de acordar un catálogo de servizos. ¿En que se debería basear? Naqueles servizos que son máis demandados. E evidentemente é moito máis demandado un servizo de cardioloxía en todos os hospitais que algúns outros de medicina de precisión. Non ten sentido, como dicimos, todo en todos os sitios, pero si un catálogo de servizos básicos. Porque permitiría que os nosos maiores —sobre todo porque son os que máis usan os hospitais, especialmente os comarcais—, teñan cardiólogos, teñan pneumólogos, teñan un servizo de trauma, que os poidan atender e que non teñamos que vivir, como pasa nalgúns hospitais comarcais e tamén no caso de Verín, que persoas que teñen que ser atendidas en traumatoloxía e logo en rehabilitación teñan que empezar a facer desprazamentos a Ourense, que lles leva moitísimo tempo. E iso podémolo resolver. Non se trata de todo en todos os sitios, pero si do fundamental en todos os lugares. Non é todo para todos, pero si que teñamos equidade no acceso aos servizos fundamentais. Basicamente é un principio bastante lóxico na distribución de servizos: que o básico e o fundamental estea en acceso en equidade para todos. E, despois, o que é máis especializado, o que necesitamos que estea máis especializado, é obvio que non vai estar en todos os lugares, pero debemos facilitar o seu acceso en todo caso.

Pero si plantexamos este catálogo de servizos básicos, e ¿en que está o fundamento da proposta basicamente? Non é en dicir que están, porque se un entra nas webs ou atende ás resolucións ou atende ás declaracións, todos os servizos están en todos os lados. ¿Que é que un servizo estea nun hospital? Que teña persoal propio, que o persoal estea alí, que non sexa persoal que vaia só os martes ou só os xoves, e para algúns da comarca, e que á semana seguinte vaian outros. Porque as persoas tamén demandan que sexan os mesmos profesionais. A partir diso, cremos que é posible facelo, dotar os hospitais de certa capacidade de autoxestión para que teñan profesionais propios e para que eses servizos, eses precisamente, poidan estar con persoal que coñeza mellor a poboación, que coñeza o entorno e que poida ter unha atención máis continuada.

A partir diso poderemos dar un servizo moito máis equitativo e, en vez de falar de impostos cero para o rural —que ademais é mentira—, poderemos falar de servizos fundamentais para o rural —que é do que agora non estamos falando, e no eido sanitario especificamente—.

Aproveitando a posibilidade de que poida ser votado a favor, ou de que se poida falar deste catálogo no futuro, ou no máis presente, e para deseñalo entre todos, solicitamos a votación a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.



Ben, o modelo sanitario do Goberno galego vese claramente como a día de hoxe é un exemplo de desmantelamento do que tiña que ser un servizo único e un servizo público. Medios e recursos diminuíron para toda a poboación, pero onde máis se ve ese abandono de xeito contundente é nas dotacións que existían antes no medio rural. Os hospitais comarcais, dos que falou aquí o señor Torrado, están sufrindo un desmantelamento enorme e brutal, e estanse recentralizando medios que antes estaban máis preto da cidadanía, co trastorno que isto xera, entre outras cousas, en canto á mobilidade das persoas, aos desprazamentos, á accesibilidade a servizos e ao incremento de custos económicos por eses desprazamentos, etc.

Exemplos claros e reais —e aquí pídolles ás señorías, sobre todo ás do Partido Popular, que por favor non mos neguen, porque somos moitas as damnificadas que sufrimos os recortes do Partido Popular na sanidade no rural— son, no macizo central, o desmantelamento de servizos no Hospital Comarcal de Valdeorras e as continuas ausencias do pediatra de Trives. Agora súmaselle a falta de médico na Teixeira, o que exemplifica o exterminio ao que as políticas do Goberno de Feijóo abocan as nosas comarcas. Pois a falta de investimento en sanidade leva aparelado incrementar moitas veces o devalo demográfico ao que se enfronta a propia zona.

Durante os meses de verán, no concello da Teixeira dispuñan de médico dúas horas ao día. Estamos falando dunha época na que triplican a súa poboación, porque o meu facultativo cubría as vacacións do médico de Parada do Sil e de Chandrexa de Queixa, minguando considerablemente a atención ás poboacións destes concellos.

Este é un novo chanzo do exterminio da sanidade no rural, con exemplos que se suman á habitual falta de pediatras. En Castro Caldelas só hai servizo xa dúas horas á semana os martes, sendo habitual que se substitúa por un médico de cabeceira para cubrir ausencias; ou en Trives, onde só acode os xoves ao centro de saúde, tamén dúas horas e non todas as semanas, xa que moitas veces se atopa mal e está de baixa e non cobren as prazas, nas vacacións non dan cuberto as prazas, co que moitas familias teñen e temos que levar as crianzas a Maceda ou á Rúa cando se atopan enfermas.

E a isto tamén temos que sumar o desmantelamento continuado do Hospital Comarcal de Valdeorras no que se refire á perda de servizos en uroloxía, rehabilitación preventiva e cardioloxía —agora tamén temos que engadir dermatoloxía—, así como graves problemas en quirófano ao pretender, se non directamente eliminar as propias intervencións cirúrxicas, si deixalas baixo mínimos, pois só quedará unha cirurxía en activo das tres que tiñamos antes. Ao igual que vai suceder co servizo de traumatoloxía, ao fomentar que para calquera intervención a cidadanía teña que desprazarse ata Ourense. E dende O Barco hai máis dunha hora e media de viaxe.

O Hospital de Verín, tamén o nomeou aquí o señor Torrado, está sendo nos últimos anos obxecto de recortes na propia atención. En pediatría non sempre se garanten as gardas de 24 horas, co cal hai datas nas que se deriva a atención xa directamente a Ourense, con máis dunha hora de viaxe e o custo económico, e mais o neno ou a nena que vaia enferma, que iso é algo que moitas veces non é cuantificable. Houbo modificacións de citas en cardioloxía nos últimos meses, temendo as persoas usuarias que este servizo remate ou que o vaian finiquitar e vaia ser derivado a Ourense.



En canto ao que xa non atinxe só ao médico, ao servizo de cociña, que xa está externalizado, ten a mesma empresa concesionaria para a cociña que a para a cafetería, compartindo persoal. Neste momento está previsto tamén que saia o concurso, e a nova concesionaria tería que subrogar o persoal de cafetería pero non o de cociña, co cal hai preocupación con estes postos de traballo.

En canto ás anestesistas, tamén xa só hai tres das catro prazas que había; unha está de baixa e non a cobren. E hai escasos celadores.

Dicía moi ben o señor Torrado que, claro, a Xunta nos di que todos os servizos están en todos os lados. Si, pero ¿como están?, ¿en que horario non se atende e como nos atenden? E por iso co dos impostos cero no rural igual era mellor que non tiveramos eses imposto cero que tanto vende a Xunta, pero que si tiveramos os mesmos servizos que teñen outras persoas nas cidades.

O ano pasado —isto foi un caso real— un pai foi poñerlle unha vacina da hepatite a unha nena, foi ao pediatra de Trives. Pero o pediatra ese día non estaba, entón derivárono a Maceda. Chegou a Maceda e a vacina non estaba. Entón, tivo que volver para Manzaneda e ao día seguinte tivo que ir a Ourense a poñer unha vacina. Así é que perdeu dous días enteiros, e foi un caso como os que se nos están dando sen parar no rural.

Polo tanto, nós, dende o Grupo Parlamentario Mixto, dende En Marea, defendemos esta iniciativa. Imos votar a favor porque pensamos que temos que ter unha sanidade única, pública e universal.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Un obxectivo fundamental dun sistema sanitario que realmente tivera como obxectivo ter o doente no centro da súa atención tería que ser garantir a equidade no acceso, que todos os galegos e galegas, no caso de Galiza, teñamos os servizos que precisamos para a curación, para a protección da saúde, e que os teñamos cerca e accesíbeis. E para iso non chega co discurso oficial do Partido Popular de que todos os galegos e galegas van ter ao remate da lexislatura ou un hospital novo ou remozado e un centro de saúde novo ou remozado. Non chega con iso, do que se trata é de que eses centros tamén teñan os recursos, os medios, os profesionais precisos, para prestar a atención. E do que se trata non é de que a falta deses recursos signifique chegar ou non chegar a tempo, evitar secuelas ou que estas secuelas sexan moi elevadas. Trátase da diferenza entre a saúde ou a non saúde; e incluso en moitos casos entre a vida e a morte.

Durante o debate da modificación da Lei de saúde, que aprobou en solitario o Partido Popular, advertimos por activa e por pasiva de que o modelo ía na dirección de afastar a atención



da poboación e do desmantelamento progresivo dos hospitais comarcais. Bueno, pois a realidade vai sendo teimuda, e podemos falar da Mariña, onde os marcapasos se facían antes no Hospital da Costa e agora en Lugo, que está a 100 quilómetros deste hospital —coas súas revisións e os seus cambios de pila, que hai que facelos en Lugo—. As intervencións cirúrxicas de traumatoloxía estanse derivando pois masivamente tamén a Lugo —insisto, a 100 quilómetros—. E por falta de persoal suficiente moitos dos partos con algunha dificultade xa se derivan tamén a Lugo. E o mesmo pasa desde o Hospital de Verín.

Podemos falar de Monforte, onde estiveron máis dun ano agardando por un dixestivo, no que se están substituíndo estes especialistas por médicos de medicina interna por falta destes especialistas. Podemos falar do Hospital do Salnés, no que se eliminou a unidade de parto natural; neuropediatría, androloxía, cardioloxía e neuroloxía soamente son para algúns veciños e veciñas da comarca, non para o resto, soamente para veciños de Vilagarcía e Vilanova. Podemos falar do Barco —o cardiólogo xa pasa consulta en Ourense, e non hai rehabilitación—. E, efectivamente, en Verín, con pediatría, con cardioloxía, con dermatoloxía, levan durante meses con problemas.

É dicir, estamos falando de que, dende logo, non hai equidade no acceso cando hai moita poboación do noso país que, dependendo de onde teña a súa residencia, ten uns servizos ou non os ten. Respecto da trampa do Partido Popular de dicir que é que hai moitos profesionais que non queren ir a estes hospitais comarcais e demais, todos sabemos que está inventado como se fai para dotar e facer atractivos estes destinos: con plus, con máis puntuación para os procesos selectivos ou para os traslados. É que xa está inventado, a cuestión é querer, o que non se pode é usalo como escusa para non dotar de profesionais. E logo hai determinadas especialidades nas que hai profesionais suficientes e non se dotan. Estamos dando nos últimos tempos debates neste Parlamento respecto dalgunhas profesións, como son a terapia ocupacional ou como é a logopedia, nas que a non equidade ao longo de Galiza é total e absoluta. Hai hospitais onde non existe ningún logopeda, absolutamente ningún logopeda, ou onde a terapia ocupacional está dotada de profesionais dun xeito pois máis ou menos aleatorio —non sabemos cales son os criterios para isto—. E nestes casos non sabemos cal é a razón de que unha persoa que ten un dano cerebral adquirido ou que ten un ictus pois non teña dereito a que o atenda un logopeda ou un terapeuta ocupacional porque non exista —a pesar de que están na carteira de servizos e é entón unha obriga—. Podemos falar de que isto pasa no Hospital do Salnés, que non hai nin logopedia nin terapia ocupacional, e non as hai practicamente en ningún dos hospitais comarcais. En Ourense no hospital non hai logopedia, en toda a área. ¿As razóns? Pois aleatoriamente.

Podemos falar de pediatría. ¿Por que non hai cirurxía pediátrica no Hospital de Ourense e hai que desprazarse a Vigo? Desde logo hai unhas faltas de equidade inxustificables, que fan que a poboación de Galiza, dependendo de onde viva, ten uns servizos ou outros, ou que non teña absolutamente ningún. Isto é solucionable con vontade política, querendo dotar a poboación deses recursos. Agora, é evidente que o Partido Popular non está nesta liña. E evidentemente imos apoiar a iniciativa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, a señora Solla.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Como cuestión preliminar, e con permiso do señor Torrado, son comunista, militante e dirixente, e síntome absolutamente orgullosa do meu partido e da miña militancia. *(Aplausos.)* E quero trasladar neste Parlamento que escoitamos esta mañá absolutas ignominias. O que lle importa ao señor presidente non é o contido da camiseta, porque el e mais eu sabemos que non estamos de acordo con ese contido. O que lle importa é que neste Parlamento poidamos ter liberdade de expresión e que comunistas, socialistas e nacionalistas poidan expresarse neste Parlamento, porque consideran que todo isto é deles. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

E eu voules dicir unha cousa. Vostedes deberían ser un pouco máis... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...vostedes deberían ser un pouco máis humildes... *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! E vaíamos á cuestión. *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Non, aquí deixouse intervir a outros deputados trasladando absolutas ignominias e estiven calada. ¡Vou intervir!

Vostedes están aquí e deberían ser un pouco máis humildes, porque militantes comunistas e outros militantes antifranquistas aguantaron corenta anos de represión e de ditadura. ¡Sexan humildes e agradezan poder estar sentados nun Parlamento democrático! *(Balbordo.) (Aplausos.)*

E eu dígolles unha cousa —e vou ir á cuestión xa—, eu non teño ningún problema en expresar a miña ideoloxía. Estou absolutamente orgullosa. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Aquí os que levan semanas intentando fuxir de non apoiar a Vox son os señores e as señoras do Partido Popular. E dígolles outra cousa máis —e remato xa con este tema—.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Aquí deslizouse na anterior intervención que se deberían prohibir os símbolos comunistas. ¡Coidado!, porque por aí entra a porta do fascismo. *(Balbordo.)* Estanse vostedes achegando á peste parda que está invadindo Europa. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Á cuestión, señora Solla.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ¡Coidado con este tema, porque o noso país vaino lamentar!
(Balbordo.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Si, grazas, señor presidente, vou ir á cuestión.

(Fortes murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Vou ir á cuestión porque, evidentemente, o tema da non equidade nos servizos sanitarios é un asunto absolutamente importante... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Prado.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ¿Impórtalle, señora Prado, respectar a democracia e os turnos de palabra? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, ¡silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: A falta de equidade...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

¡Veña, por favor!

¡Silencio! (Murmurios.)

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: A falta de equidade no sistema sanitario é un problema. Temos un goberno que leva toda unha lexislatura trasladando que esta vai ser a lexislatura do rural e, sen embargo, mantén uns hospitais comarcais que cada vez teñen menos servizos. Explicouse aquí e ten sido froito de debate na Comisión de Sanidade e neste Pleno, nesta



Cámara. É un elemento importante e eu creo que aquí se pon un exemplo que é acertado, que é o Hospital de Verín.

A semana pasada estivemos reunidas tamén cos traballadores e as traballadoras do Complexo Hospitalario de Ourense, e xa nos dicían a dificultade que existía incluso para atender os propios partos no Hospital de Verín. Porque, como ese pediatra ao que se lle prorrogou ata tres veces a xubilación xa non está en condicións de atender ese servizo, hai absolutas dificultades. Este é un exemplo, pero é un exemplo da falta de equidade. E ao final o que acontece é que as persoas que viven no rural porque viviron sempre alí ou porque queren e deciden vivir alí teñen un problema no acceso aos servizos. E, de feito, a provincia de Ourense é un paradigma da eliminación de servizos. Poderíamos falar —que xa o fixemos, e non só na atención hospitalaria senón tamén na primaria—, da ausencia de matronas suficientes, da ausencia de logopedas —xa se nomeou aquí, creo que foi a voceira do BNG—. É dicir, hai unha serie de elementos que se están a trasladar, por unha banda, dende a modificación da Lei de saúde de Galicia e tamén dende a perda das áreas, pero tamén dende o inicio da aplicación das taxas de reposición e dos recortes nos diversos servizos. Parece razoable —e ademais esta proposta do Partido Socialista xa veu a debate e nós xa a apoiamos— que se traslade que, como mínimo, se faga unha previsión dos servizos sanitarios dos que poden desfrutar os cidadáns de Galicia en todos os concellos nos que viven.

Neste actual momento a realidade —triste realidade— é que, por listas de agarda nalgúns sitios, ou porque se foron deteriorando ou desaparecendo os servizos, non existe equidade no noso país. E ademais temos un tema evidente que escapa da índole sanitaria pero que ten bastante que ver, que é a ausencia de vertebración territorial, a ausencia de transportes que faciliten tamén o desprazamento a algúns centros sanitarios. E, polo tanto, hai unha asignatura pendente de carácter moi elevado dentro da Consellería de Sanidade, que é intentar traballar para corrixir esta fenda entre o rural e o urbano. Por certo, os servizos do urbano, evidentemente, tamén están deteriorados, pero o que nos trae hoxe aquí é un elemento no que hai moita diferenza entre o rural e o urbano.

Remato porque non teño máis tempo.

A nós parécenos perfecto que se deseñe ese plan. E cremos, ademais, que, se o Partido Popular fora intelixente, se sentaría a facer este traballo aínda que só sexa porque o ano que vén hai autonómicas. E realmente convén tamén que se plantexe para modificar a actual estrutura de servizos que ten o sistema sanitario de saúde.

Grazas. *(Aplausos.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señora Solla, parece sorprendente que vostede non comparta o que poñía na camiseta. *(A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non sei se está arrepentida pero



realmente non son capaz de entendela. E, desde logo, creo que no Partido Popular somos intelixentes, non o dubide. Polo menos hai algunha xente tan ou máis intelixente ca vostedes.

Señor Torrado, vostede contradíse inmediatamente ao rematar a súa iniciativa. Di que os servizos que vostede pide están contemplados nos hospitais. Entón ¿para que queremos ese catálogo? E moito caso os voceiros e voceiras da oposición non lle fixeron, porque evidentemente ningún deles se referiu ao catálogo do que vostede fala.

E, señora Prado, os médicos de medicina interna son especialistas, non se substitúen os especialistas por médicos de medicina interna. Os médicos de medicina interna son tamén especialistas. (*Murmurios.*)

Ben, repetimos un debate que tivemos no pasado mes de febreiro en relación co Hospital de Valdeorras, e que hoxe vai referido ao Hospital de Verín, coa dificultade que existe para a cobertura de determinadas prazas. Eu no debate do mes de febreiro afirmei —do que cada día estou máis convencido— que o cambio de estrutura territorial da modificación da Lei de saúde de Galicia o que fixo foi beneficiar, e é realmente o que está permitindo cubrir en moitos casos os servizos deses hospitais comarcais. Eu naquel debate referíame a Teruel —Teruel, capital de provincia—, onde tiñan que facer os cidadáns 350 quilómetros ata Zaragoza e volver para ser atendidos de dermatoloxía, de reumatoloxía ou de otorrinolaringoloxía, e onde tiñan problemas múltiples en cantidade de especialidades. E unha das medidas que adoptou o Goberno aragonés —que non é do Partido Popular—, ¿saben vostedes cal foi? Crear contratos mixtos para traballar en Zaragoza e en Teruel, nos dous hospitais. Esa foi unha solución que se adoptou. Segundo as autoridades aragonesas, o problema excedía a comunidade autónoma. E o presidente Lambán culpaba da situación á falla de profesionais.

E eu podería citar moitos máis exemplos. Miren, todo isto é a hemeroteca a dobre cara: Asturias, Andalucía, Cataluña e Extremadura, con pediatras de primaria para cubrir hospitais; déficit de especialistas en hospitais comarcais; falla de médicos; cobertura de especialistas por profesionais doutras áreas sanitarias. Isto, que ocorre en todas estas comunidades autónomas, ¿é culpa do presidente Feijóo? ¿É culpa do Partido Popular? Pois non, porque non goberna nesas comunidades.

O propio Ministerio afirmaba, nun informe entregado ás comunidades autónomas en xaneiro deste ano, que «a la sanidad pública le faltan 4.000 médicos especialistas». Ademais dos problemas das especialidades de primaria, hai escaseza en anestesia, uroloxía, radiodiagnóstico, anatomía patolóxica, cirurxía xeral ou traumatoloxía, entre outras.

E, señorías, a situación do Hospital de Verín non é allea á que se está a producir no resto de España. ¿E cal é a realidade a día de hoxe do Hospital de Verín —que é ao que se refería na iniciativa o señor Torrado—? Mire, pediatría estase a cubrir co desprazamento diario de especialistas dende Ourense. Convocáronse dúas prazas de interinidade e quedaron desertas, non se presentou ninguén. Había unha dermatóloga interina que pediu o traslado a outra área sanitaria, exactamente cun contrato idéntico ao que tiña, idéntico. Marchou para outra área sanitaria. Está convocada a praza, e con dificultades para cubri-la. E ¿como se está a resolver o tema da dermatoloxía? Pois con teleconsultas co Hospital de Ourense e coa colabo-



ración inestimable dos médicos de familia da zona. Traumatoloxía ten a día de hoxe catro especialistas e ten convocada —ou estase a convocar— a quinta praza interina. E paliativos —que tamén se cita na iniciativa— está a funcionar con total normalidade coa mesma profesional de medicina interna dende hai anos.

E ¿que fixo a Consellería para solucionar ese problema? Pois a Consellería solicitou ao Goberno —por exemplo, para pediatría— a convocatoria dun MIR extraordinario de pediatría, que foi rexeitada. E nós tamén solicitamos a eliminación da taxa de reposición. Tampouco se soubo máis, nin aparece en ningún programa do Partido Socialista nin de Podemos. Non se fala da taxa de reposición en sanidade.

Esas serían solucións de verdade, señor Torrado, e non a súa teima do catálogo no que vostede insiste dende o debate da modificación da Lei de saúde con aquela emenda de corta e pega que incluía cuestións tan peregrinas como alergólogos, bioquímicos clínicos, coidados intensivos neonatais e obtención e implantación de tecidos en todos os hospitais comarcais. Escoitándoo hoxe, parece que vostede tamén vai demandar a creación de unidades de hemodinámica en todos os hospitais comarcais. Non o sei. Dende logo, un catálogo como o que vostede propuxo naquel momento —ou aínda que fose máis razoable que o seu— non solucionaríase para nada o problema diante da escaseza de profesionais en distintas especialidades.

Eu non sei se, como medida necesaria —e que vostede pide no seu terceiro punto—, vostede prohibiría os traslados do persoal que traballa nos hospitais comarcais, ou se obrigaría a especialistas a incorporarse *manu militari* a esas prazas de difícil cobertura. Iso sería, evidentemente, moi bolivariano e consonte coas súas novas compañías para o futuro goberno. No canto de «exprópiese» vostede diría «incorpórese». En moitos casos a escaseza —como lle dicía— estase a resolver coa modificación da Lei de saúde. Eu non sei se vostede vai arranxar os problemas da sanidade galega co 1,13 % co que incrementaba o orzamento no debate do pasado luns.

Señorías, o Grupo Popular está a favor de calquera medida que poida paliar esta situación, pero con solucións reais: eliminación da taxa de reposición, homologación de médicos extracomunitarios ou a modificación do Decreto de formación de especialistas, para favorecer a incorporación de profesionais a prazas de difícil cobertura. Estas medidas foron postas sobre a mesa nos consellos interterritoriais pero o cambio de goberno a partir da moción de censura fixo desaparecer estes temas da axenda. Traballen vostedes nesta dirección e insten o Goberno Sánchez a avanzar nesas medidas. Axudarán a mellorar a sanidade pública.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.



Aproveitando as interferencias sobre o debate, permítanme facer unha. Eu non son comunista pero lin no seu día a Bertolt Brecht, e paréceme unha boa apreciación a de «cando veñen a por un veñen a por todos». (*Aplausos.*) E hai xente neste país que vén a por todo. ¡Fai falta unha dereita sensata! (*Aplausos.*) E aínda están a tempo, aínda están a tempo. (*Aplausos.*)

Eu quero agradecer o apoio dos grupos que así o manifestaron e discrepar nalgunha cuestión que dixo o señor Núñez Centeno. En primeiro lugar, con que fai falta un servizo de otorrino bo, un servizo de otorrino bo —e seguramente tamén de logopedas para ensinarnos a nós a falar e explicarnos mellor—. Non se trata —e dixémolo todas as veces— de incorporar todos os servizos a todos os lugares. E ademais non se trata de dicir que xa estaban, porque iso si que é incoherente. Non se trata diso. Trátase de dotar de persoal específico os hospitais para garantir un catálogo de servizos básicos. Por exemplo, que teñamos cardioloxía, neuro, trauma, rehabilitación... Por certo, se hai un problema en incorporar alergoloxía a algún hospital comarcal, podémolo falar; pero empecemos por falar, se lles parece unha aberración ter alergoloxía nun hospital comarcal, de por que o Sergas di que o teñen no Hospital da Mariña. É que iso si que é incompatible, (*Murmurios.*) pretender rirse dun parlamentario que di que hai que facer un catálogo de servizos mínimos e que digan: É que vostede propón alergoloxía nos comarcais. ¡Pero se vostedes din que xa o teñen!

Pero, bueno, seguen repetindo, porque o escribiron unha vez, que aquí propuñamos onte —o luns— unha incorporación do 1,13 % —creo que é o número que inventaron—. Bueno, está en máis do dobre, pero, en fin, dá igual o que poidamos dicir. (*O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben.*) Se non lle importa deixarme acabar...

E pon o exemplo de Teruel. Mire, imos coller o exemplo de Teruel, porque, cando hai percepción cidadá de que hai perda de servizos, pasan cousas como que se apoian partidos que defenden localidades ou territorios locais. De aí, por exemplo, pode ser —penso eu que pode ser— que nazan partidos que reivindiquen unha defensa explícita de Teruel, por exemplo. Porque entenden que non teñen unha atención. E hai cidadáns que os votan. ¡Algo de razón deben de ter!

E, si, eu estou de acordo con que o Ministerio diga que faltan especialistas. ¿Sabe o que dixo a última ministra do Partido Popular? Que non había problema de médicos en España. E agora vostede quéixase: É que o Ministerio nos dá a razón, porque di que faltan 4.000. Pero é que Dolors Montserrat dicía: Non faltan médicos. Xa hai unha discrepancia.

Polo tanto, xa que temos discrepancias, nós o que defendemos é que non existan servizos públicos de dúas velocidades. E si defendemos este catálogo. ¡Claro!, con persoal para facelo estable. Non se trata de ter en neurocirurxía pediátrica en todos os hospitais, pero si de ter cardiólogos en todos os hospitais. E non se trata de *manu militari* —a ver se somos capaces de debater con seriedade—. ¿Como se cobren as prazas de policías, de gardas civís, de mestres...? ¿Están sometidos a un sistema bolivariano en España para que teñan que ir ás comarcas? ¿Están sometidos? Non. ¿Por que? Porque teñen algunhas discriminacións positivas en termos de condicións laborais. Páguenlles ben aos profesionais, non lles fagan contratos de quince días, non teñan que ir á xustiza a ver como lles pinta a cara dicindo que contratan



«fraudentamente». ¡Porque é que se contratamos fraudulentamente a xente non quere ir! ¡E ese é o problema, que estamos sometendo a sanidade á contratación fraudulenta! E así, por exemplo, podemos dicir que hai alergoloxía na Mariña e vir aquí rirse de que alguén propoña facer alergoloxía nun hospital comarcal. ¡É que vostedes son un pimpampum consigo mesmos! ¡Non teñen nin idea do que están propoñendo! Están criticando cousas que di a Xunta que ten só porque as propoñemos nós. E iso chámase sectarismo.

(Aplausos.)

E volvo ao inicio: cando se traballa no sectarismo olvídanse as razóns, e cando se olvidan as razóns pasan cousas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...como que se di que os servizos públicos «moi, moi, moi» pero ao final, cando hai que apostar polos servizos públicos, xa sabemos o que pasa na sanidade.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Mixto, Bloque Nacionalista Galego e Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas de adición a esta proposición non (10/PNP-004346)

Emenda núm. 1, de engádega.

Débese engadir ao remate do punto 1. o seguinte texto:

«, con cronograma e plan orzamentario para o seu desenvolvemento, impulsando encontros coas asociacións, persoas expertas e axentes sociais implicados na loita contra esta lacra para incorporar ao Plan as súas achegas e experiencias.»

Emenda núm. 2, de engádega.

Débese engadir, ao remate do punto 2, o seguinte texto:



«, especialmente no que ten que ver coa trata de mulleres e nenas, vítimas principais, aumentando os fondos da Xunta destinados a campañas de promoción da igualdade nos concellos.»

Emenda núm. 3, de engádega.

Débese engadir, ao remate do punto 4, o seguinte texto:

«, trasladando ao Parlamento, no prazo máximo de tres meses, un informe sobre o número de mesas constituídas e o seu grao de efectividade.»

Emenda núm. 4, de engádega.

Débese engadir un punto 6. co seguinte texto:

«6. Presentar, no prazo máximo de 3 meses, un informe específico ante o Parlamento Galego sobre o desenvolvemento e execución do Obxectivo 2.3. do VII Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes (2015-2020) en relación á atención integral de mulleres e nenas vítimas de trata.»

Emenda núm. 5, de engádega.

Débese engadir un punto 7. co seguinte texto:

«7. Impulsar formación específica en materia de trata de persoas con fins de explotación sexual entre todos os axentes implicados no seu tratamento e erradicación (Xustiza, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Sanidade...).»

Emenda núm. 6, de engádega.

Débese engadir un punto 8 co seguinte texto:

«8. Crear recursos públicos de acollemento para vítimas de trata con fins de explotación sexual.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 58344)

Emenda de modificación

Modificar o punto 1 da parte resolutiva coa seguinte redacción:

«1. Elaborar o primeiro Plan Estratéxico de Galiza contra a trata con fins de explotación sexual previa actualización do Informe: Estudo exploratorio da trata de persoas en Galiza de 2013 e da avaliación do Protocolo sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual (2012).

O Plan deberá incluír, entre outras cuestións:



- *Protocolos de actuación onde se definan con claridade as actuacións e responsabilidades dos distintos axentes implicados na identificación, atención, apoio e acompañamento de mulleres en situación de prostitución e trata.*

- *Formación específica dirixida ás forzas policiais así como a todo o persoal que directa ou indirectamente traballa con mulleres en situación de prostitución e trata con fins de explotación sexual.*

- *Incluír unha planificación temporal das accións e medidas que integren o plan; indicadores e medidores que permitan a súa monitorización así como a verificación do seu grao de cumprimento.* - *Incluír unha planificación temporal das accións e medidas que integren o plan; indicadores e medidores que permitan a súa monitorización así como a verificación do seu grao de cumprimento.*

- *Orzamento.>>*

Emenda de adición

Engadir nas accións dirixidas á Xunta de Galiza como punto 4 bis) o seguinte texto:

<<4 bis). Incrementar para 2020 a contía das axudas destinadas ás entidades e organizacións que atenden as mulleres en situación de prostitución e vítimas de trata con fins de explotación sexual.>>

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-004346, doc. núm. 58344)

Emenda de modificación

Débase substituír o punto 3 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

<<3. Amosar o apoio á Fegamp para que se cumpra e se execute de maneira inmediata a medida nº 77 do Pacto de Estado, relativa ao estudo xurídico que está a desenvolver a FEMP sobre as reformas que se deberían levar a cabo nas ordenanzas municipais para rematar coa tolerancia na publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas.>>

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

<<4 bis. Impulsar a realización dun estudo sobre as novas realidades da Trata e as respostas operativas que se deben implementar en Galicia para que as actuacións policiais teñan maior facilidade á hora de intervir en espazos de alto nivel de control por parte dos proxenetas, incluídas as vivendas, dando resposta ó cumprimento da medida 264 do Pacto do Estado en materia de violencia de xénero.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora García Míguez.



A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días.

Simplemente por facerlle unha aclaración, señora Solla: onte fixéronse 86 anos do histórico 19 de novembro de 1933, ano no que as mulleres neste país puidemos ter dereito a voto. Os socialistas opuxéronse a este dereito, ao voto das mulleres, e o Partido Comunista de España tamén se opuxo. E o que dicía... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, déixeme falar.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: E o que dicían os socialistas e o Partido Comunista de España naquel intre era que a muller é histerismo; co cal, leccións de democracia a nós, nin unha, señorías. Nin unha. *(Aplausos.)*

A Federación Republicana Galega —que tamén imaxino que a coñecerán os da bancada da esquerda— propoñía que o sufraxio universal e que o feito de as mulleres podermos votar fose permitido despois da menopausa. Así que o agradecemento creo que é ningún, e leccións en materia de igualdade, ao Partido Popular, nin unha. *(Aplausos.)*

Para comezar co tema de debate, que é un tema moi importante de cuxa aprobación nesta Cámara están pendentes moitas organizacións e moitos especialistas, eu quero comezar a miña intervención facendo un agradecemento; un agradecemento a todas as persoas, a todos os colectivos, a todas as entidades que traballan contra a trata, a explotación sexual e a prostitución no noso país, tanto en Galicia como no resto de España; á Rede Galega Contra a Trata e concretamente a todas as entidades como son Accem da Coruña, a Fundación Amaranza de Ourense, Aliad Ultra de Lugo, Asociación Faraxa de Vigo, Cáritas Lugo, Cáritas Ourense Alumar, Ecos do Sur da Coruña, Médicos do Mundo de Galicia que fan un traballo importantísimo dentro dos clubs facendo educación afectivo-sexual —que parece que aquí non se fai nada—, e que son ademais entidades que están subvencionadas a través da Xunta de Galicia con máis de catrocentos cincuenta mil euros. Iso tamén é importante: saber que teñen o Goberno da Xunta de Galicia da man.

Continúo porque non quero deixar ningunha atrás: as Oblatas de Ferrol, Amencer, Oblatas Santiago, Vagalume e a socióloga Silvia Pérez Freire, que nos trasladaron o seu desexo de que esta iniciativa se aprobe.

Doulle as grazas tamén especialmente a Ana Míguez, no seu momento presidenta de Alecrín, unha desas tolas «*muy cuerdas*», como di sempre Carmen Avendaño, a presidenta de Érguete. Ana Míguez percorría polas noites as rúas de Vigo cunha furgoneta axudando a mulleres e loitando contra a prostitución en primeira liña de fogo en momentos nos que facer visible a problemática da prostitución non estaba ben visto e non estaba tan de moda a nivel social. Hoxe en día avanza moito, pero non é suficiente para rematar con esta lacra e por iso estamos aquí.

E como me dixo onte unha investigadora da Universidade de Vigo, a sociedade non é suficientemente madura para loitar contra a prostitución. Moitas veces levamos a cabo inicia-



tivas porque son reivindicacións sociais, reivindicacións de moitos colectivos que nolas trasladan aos políticos, aos representantes públicos. Pero neste caso estamos por diante, neste caso imos adiantándonos ás necesidades que a propia sociedade está amosando, e somos os políticos os que imos dar un paso máis. Recoñeceu esta profesional, esta experta da Universidade de Vigo, que dende o Goberno do Partido Popular se puxeron en marcha medidas pioneiras na loita contra a trata e a explotación sexual. Despois relatarei un pouco máis especificamente que quero dicir con isto.

Xa dende o ano 2002 dende Alecrín facían esta reflexión que creo que nos compete a todas. Señora Rodil, atenda, que é moi importante isto: (*Murmurios.*) «Nena ou muller, soamente a casualidade evitou que ti e mais eu fósemos escravas sexuais e que o noso corpo fose mercado ou vendido ao mellor postor».

Quero recordar e enviarlle unha aperta dende o Grupo Popular á presidenta de Faraxa, que despois de exercer a prostitución, como ela mesma informa e relata, adicouse a axudar e a loitar tanto nos clubs como nos pisos e nas estradas para darlles unha oportunidade a moitas mulleres a atopar unha nova vida, e moitas delas atoparon esa nova vida. É unha muller valente, recoñecida por todos os galegos e recoñecida coa medalla Castelao de Galicia fai escasamente dous anos.

Á actriz, escritora e directora de medios audiovisuais Mabel Lozano, por visibilizar e introducir os dereitos humanos nun mundo que pode parecer tan frívolo e que está hipersexualizado. Moitísimas grazas, Mabel, polo teu traballo. (*Aplausos.*)

Á Asociación Apramp, coñecida polo seu labor en todo o país e á entidade Vagalume, ¡como non! Rosario Carracedo Bullido, avogada, coñeceraa ben o Partido Socialista porque a súa organización, a Plataforma Estatal de Organizacións de Mulleres pola Abolición da Prostitución, da que ela é responsable, forma parte da Asociación de Mujeres Progresistas. Non a coñece, señora Blanco. Pois a verdade é que merece a pena coñecela porque as súas achegas son fundamentais. (*Murmurios.*)

A Silvia Pérez Freire, profesora da Universidade de Vigo, persoa moi implicada, cunha tese doutoral premiada pola Delegación do Goberno como a mellor tese doutoral do pasado ano contra a violencia machista. A tese indica unhas conclusións que eu creo que son moi acaídas e que debemos resaltar. Fala de vaivéns normativos —de aquí o noso traballo— e fala da falla dunha posición clara como parte substancial do problema. Nosoutros temos unha posición clara, que nos indica que debemos centrar o obxectivo na atención ás vítimas, con cuxo futuro a Xunta de Galicia se compromete. Isto é algo que se está a facer e que se seguirá a facer.

Esta tese tamén fala das medidas de prevención que hai que levar a cabo e de que hai que desalentar a demanda de prostitución. Non podemos, señorías, mirar para outro lado; estamos aquí para tentar darlle solución a problemas sociais tan importantes como son a prostitución, a trata de persoas e a violencia sexual. Debemos deixar de ser parte do problema para ser parte da solución. Así, animo todos os grupos a dar un paso adiante, tal e como nos piden os expertos e como onte dicía o propio fiscal de estranxeiría, que corroboraba que faltan medidas legais para abordar o problema da escravitude sexual. E para iso estamos nós aquí.



Se falamos de lexislación, que é a base para facer fronte a esta realidade que temos diante, eu creo que hai moitos avances pero aínda son moi pequenos. Foi no ano 1997, cunha lei de don Manuel Fraga, unha lei do Partido Popular, cando se recolleu por primeira vez a prostitución nun documento normativo na nosa comunidade autónoma. Fai diso moitos anos, pero fíxense o paso tan importante que se deu nese momento; un paso pequeno pero moi importante. Era na Lei galega de familia, infancia e adolescencia onde se recollía e amparaba a disuasión da mendicidade, da delincuencia ou da prostitución nos nenos e nas nenas do noso país que estaban nunha situación moi complexa. E foi na Lei galega do ano 2004 para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, tamén aprobada por don Manuel Fraga, onde se recollía por primeira vez a prostitución nun documento normativo.

É moi importante resaltar que no ano 2007 na nosa Lei galega contra a violencia de xénero aparecen referidos, nalgún apartado específico, dentro do seu artigo 3, dentro das formas de violencia de xénero, a violencia sexual e os abusos sexuais. E houbo unha modificación normativa no ano 2016 para incluír a trata e a explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Non é así —como ben saben— na Lei orgánica do ano 2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; non é así, hai que facer unha modificación lexislativa. Estamos á espera de que o señor Sánchez considere formar goberno e deixa de simplemente facer acenos e de poñerse detrás da pancarta. Estamos á espera de que traballe onde ten que facelo: na reforma lexislativa que o Pacto de Estado así nos recomenda. (*Próncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Os expertos indican que en Galicia somos innovadores por diferentes motivos que paso a relatarlles:

No VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres 2017–2020 hai medidas específicas recollidas para a atención, para a formación, para a prevención e para a integración. Hai convenios con diferentes entidades; hai, dun xeito pioneiro, a elaboración e aplicación de protocolos e tamén unha rede galega de acollemento para todas e cada unha das persoas que queiran denunciar.

Xa para rematar, señorías, coa aprobación desta proposición non de lei facemos fronte á indiferenza de cando pasamos polas estradas e vemos clubs con reixas nas súas ventás. Non sabemos se é para protexer a casa do que hai no exterior ou para acuartelar as mulleres e nenas que están no interior.

Coa aprobación desta proposición non de lei, señorías, podemos mirar aos ollos de todas estas mulleres que están nas carreteras, no bordo das beirarrúas das nosas cidades, dos nosos pobos, semiespidas... Estaremos con elas da man...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...coas brasileiras, coas africanas, coas de Europa do leste, coas transexuais, coas españolas... Sexan de onde sexan, van ter o Goberno da Xunta de Galicia ao seu carón.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Señorías —xa remato—, a pesar dos seus avances, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos máis; queremos que se sumen, queremos unidades e queremos que teñan altura de miras. Deixen as súas siglas partidistas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora García.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...a un lado e vaíamos na boa dirección contra o tratamento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...da prostitución e a explotación sexual...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Grazas. *(Aplausos.)*

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, quero comezar cun comentario. Repasen o *Diario de Sesións* das Cortes e verán que os socialistas non votaron en contra do voto feminino; votaron a favor. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Vega, silencio.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Comezo sinalando e apelando ao que temos de bo, ás veces, como sociedade; e é que o noso país estivo á vangarda no recoñecemento da trata con fins de explotación sexual, contra mulleres e nenas, como unha forma de violencia de xénero. Esa modificación citada do 2016 incluía de forma específica na nosa lei a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Xa a propia redacción orixinal da lei recollía a trata de mulleres e nenas con fins de explotación, pero especificouse máis no 2016. Sumámonos ao agradecemento de todas as asociacións e profesionais que traballan directamente con vítimas de trata.

En canto ás causas, e dado que o 94 % das vítimas son nenas e mulleres, é evidente que hai unha cuestión de xénero, unha causa estrutural de machismo; pero tamén outros elementos, presentes na proposta de declaración institucional que nos trasladaron sobre o trata e cos que concordamos, como son a pobreza, o cambio climático ou as migracións. Porén, hai que ir un pouco máis alá —¿non? — e ver o que sucedeu, a nivel histórico, con este delito tremendo de trata de persoas con fins de explotación sexual. En certo modo, na historia sempre existiu a trata con fins de explotación sexual, pero as dimensións do fenómeno que a converte na escravitude do século XXI teñen lugar cando se produce a desregulación brutal do capitalismo desde os anos setenta. Este é un feito constatable tanto pola consideración da vida humana como mercadoría como polos efectos das desigualdades que provoca o sistema de comercio internacional. Así pois, a desestruturación territorial dos estados máis pobres, coas conseguíntes migracións e as redes de tráfico que se forman ao alento desa desregulación, é unha das causas, para nós, do aumento exponencial deste delito. É tamén patente



que, coa caída do muro de Berlín, as transicións aceleradas de Europa do leste ao servizo dos capitais europeos fomentaron a conversión desa fronteira antes chamada «telón de aceiro» nun coladeiro de circuíto de tráfico de persoas con fins de explotación sexual.

Isto a nós parécenos unha explicación histórica rigorosa, non fai falta ser comunista, e tam-pouco hai nada de malo en selo. Parécenos moi evidente a relación da trata con fins de ex-plotación sexual coa desregulación brutal do capitalismo nas últimas décadas. Detrás da trata —dicíao tamén a propoñente— hai historias de infancia roubada, traumas de por vida, verdadeiras historias de terror.

Nós iamos apoiar —xa llo adiantamos— esta iniciativa aínda que non se tiveran en conta as nosas emendas. É importante elaborar ese plan galego de loita contra a trata con fins de ex-plotación sexual, pero facendo tamén lembranza de que aquí houbo un caso que o Partido Popular e o propio Feijóo considerou que non tiña moita preocupación sobre el, en que o ex-líder de Xóvenes Agricultores era cabecilla dunha trama de trata de mulleres con fins de ex-plotación sexual. Cómpre que a concienciación se leve a todos os fenómenos que se dan.

As nosas emendas ningunha ten que ver coa prostitución. Na súa iniciativa, na redacción nada fala sobre a prostitución. Podíamos abrir ese debate, e considerabámolo importante. De feito, na pasada lexislatura houbo un debate moi interesante sobre prostitución, que res-cataremos, e houbo acordos nese sentido. Pero as nosas emendas van esencialmente a po-ñerlle prazos a ese plan estratéxico e a poñerlle fondos; a aumentar eses fondos —valla a redundancia— con campañas específicas no concello; a facer un informe do número de mesas constituídas de coordinación interinstitucional, que imos moi atrasados. E xa digo, nós iamos apoiar esta iniciativa independentemente do ton que tivera despois na súa réplica, porque cómpre lembrar que neste pleno nós estamos polo consenso, pero o ton das inicia-tivas do Partido Popular foi comparar a Podemos con Vox; acusar o BNG de non condenar o terrorismo; a toda a oposición de darlle ás á ultradereita; a nós nun debate acusounos —por estar en contra da lei da RedMadre— de non querer que as mulleres discapacitadas e vul-nerables tivesen fillos. Entón, se apelamos ao consenso, non se movan vostedes del. E pre-cisamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...contra a trata con fins de explotación sexual, que afecta moi especialmente a mulleres estranxeiras, os discursos neomachistas e racistas fanas aínda máis vulnerables. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fer-nández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.



As siglas da miña organización lévoas comigo todo o tempo. Creo que sería unha hipocrisía absoluta que renunciásemos ao que representan os nosos proxectos políticos e as nosas ideoloxías, e creo que o teño dito en máis ocasións. Fraco favor nos facemos se o que cuestionamos é a existencia mesma deses proxectos políticos e desas ideas, (*Aplausos.*) das que deberíamos sentirnos orgullosas, vostedes das que vostedes representan, e eu polo menos das miñas.

Sumámonos absolutamente ao agradecemento ás entidades que traballan neste país, desde moitos e diversos ámbitos, na axuda, no apoio, no acompañamento e na intervención con mulleres en situación de prostitución ou mulleres en situación de trata con fins de explotación sexual. Pero o que máis necesitan as entidades son recursos económicos, recursos materiais, recursos humanos e, sobre todo, formación para atender unha realidade complexísima, poliédrica, atravesada por múltiples variables, e que eu creo que non se pode ventilar apenas nun simple agradecemento.

Falábase do debate que se ten producido na anterior lexislatura. Esta é unha cuestión que se remonta xa —por non ir moito máis lonxe— á sexta, na que houbo un acordo naquela altura por parte da Comisión de Igualdade para adoptar determinadas decisións políticas e normativas que permitisen ir intervindo sobre esa realidade —insisto— complexa como é a da prostitución e a das mulleres en situación de trata con fins de explotación sexual.

Nós estamos de acordo con que ten que actuar e intervir a Administración pública, e todos os axentes que a compoñen, para rematar con esta realidade. Imos centrarnos no que se fala nesta iniciativa, que ten que ver coa trata con fins de explotación sexual, pero sobre todo para que remate de ser cómplice como ten sido moitísimas veces. Eu veño de Lugo, Lugo está atravesado por unha realidade como foi o caso Carioca, no que se destapou unha rede absolutamente corrupta e cómplice, por exemplo, por parte de forzas e corpos de seguridade do Estado que estaban absolutamente ligadas a esas redes de explotación sexual, e que aínda hoxe segue nos xulgados e non foi resolta por enteiro. Por iso é importante formar, por iso é importante ter recursos, por iso é importante ter unha normativa clara.

Eu non coincido con que houbera un vaivén normativo. Aquí até o ano 2007 non se consideraba como unha forma de violencia machista a trata con fins de explotación sexual, tanto de mulleres como de nenas, e de feito até hoxe practicamente houbo moi pouco texto normativo, xa non digo leis, que abordase esta situación. Si que é verdade que houbo —vou empezar a explicar a nosa emenda—, por exemplo, un informe-estudo exploratorio da trata de persoas en Galiza do ano 2013, que se fixo coa Xunta de Galiza, financiado con fondos europeos, que facía unha primeira aproximación a esa realidade tan complexa, tan poliédrica, atravesada por tantas variables, como é a trata no noso país, e nunca máis se volveu facer nada a partir dese estudo.

Unha das cuestións que se pide nas conclusións dese estudo, no ano 2013, é precisamente ese plan estratéxico do que hoxe falamos aquí. Asíñase no ano 2010, por exemplo, un protocolo entre a Administración galega, a Xunta de Galicia, e a Fiscalía que se renova con cambios normativos que houbo no marco estatal no ano 2012. Nós propoñemos, e seguímolo mantendo coa man tendida para chegar a un acordo, que é absolutamente necesario que in-



tentemos aproximarnos o máis posible a esa realidade e á realidade que temos hoxe, no ano 2019, no noso país.

Nós coincidimos en que é necesario ese plan estratéxico que se propón, pero ese plan ten que incluír protocolos de actuación para todos os axentes que interveñen nesta complexísima realidade, desde as forzas e corpos de seguridade, a xente que traballa en estranxeiría, ata tamén, por exemplo, todo o ámbito sanitario, que é un dos espazos para a detección das situacións de trata e de explotación sexual máis importante.

Remato cunha última cuestión, que é a emenda de adición que nós presentamos e poñer outra vez o foco nesas axudas dirixidas ás entidades e organizacións que atenden as mulleres en situación de prostitución e vítimas de trata.

Vostede falaba de que no ano 2019 eran 450.000 euros. Non, eran 449.997. E no ano 2018 eran 34.282 euros máis.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Recortáronse as axudas para esas entidades entre 2018 e 2019. Nós o que queremos é que se incrementen eses recursos orzamentarios para este ano 2020 porque necesitamos iso: formación, recursos económicos, materiais e humanos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Míguez, é importante que cando un fala da historia saiba primeiramente do que está a falar. O dereito ao voto feminino saíu grazas ao voto de oitenta deputados socialistas e á proposta de Clara Campoamor. E nós non imos negar que parte dos liberais deste país tamén o apoiaran. Esa é a historia, sexa xusta e non terxiverse a historia. *(Aplausos.)* E se non a sabe, recomendámoslle a lectura do libro *Feminismo socialista*, de María Cambrils, con prólogo de Clara Campoamor.

Nós celebramos, en todo caso, que teña interese en lembrar hoxe o aniversario do voto feminino, e pediríámoslle tamén que fixera o exercicio de lembrar que hoxe hai corenta e catro anos da morte do ditador Franco; un fito que deu lugar á entrada de España na democracia, a etapa máis esperanzadora para este país. *(Aplausos.)*

En todo caso, permítanme que comece por deixar claro o posicionamento claro e firme do Partido Socialista na loita pola erradicación da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, así como da abolición da prostitución. E sorpréndenos que hoxe defendamos isto parece que cun mesmo espírito por parte de todos os grupos e onte, ante unha das violencias que é unha das causas que subxace baixo a trata sexual, como é a violencia económica sobre as mulleres —insisto, onte mesmo—, as medidas plantexadas foron rexeitadas e in-



cluso vapuleadas polo Grupo do Partido Popular. Absolutamente incomprensible, e non porque o diga este grupo, senón incomprensible porque as mulleres que compartiron as súas historias con este grupo durante estes días onte non entendían como pode ser que o grupo do goberno non comparta sen reparos o compromiso co seu drama. Como pode ser que ante a petición de articular medidas que están na man deste goberno, como se ten realizado precisamente con outros colectivos, non acceda a contemplalos con elas. Para nós, ten difícil explicación, pero entendo que esa lles vai corresponder a vostedes.

O Partido Socialista, como partido —repito— profundamente feminista, profundamente convencido do necesario dunha sociedade igualitaria, non queremos unha sociedade na que as mulleres sexan dominadas, que sexan submisas, cosificadas e, por suposto, mercantilizadas. Queremos mulleres libres, libres, sen ser prostituídas nin explotadas. Por iso sempre, desde as responsabilidades como oposición e goberno, temos traballado contra o lastre da trata de persoas. Así, o último goberno socialista aprobou o primeiro plan integral de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual da nosa democracia, abordando de forma integral o problema, tratándoo na súa dimensión transnacional e poñendo no centro a defensa, o apoio e a recuperación das vítimas.

Como complemento ao mesmo, aprobou tamén en 2011 o primeiro protocolo marco das vítimas da trata, no que articulou a coordinación necesaria entre todos os actores da loita contra a trata; no 2010 a reforma do Código Penal; e no 2011 a aprobación do Regulamento de estranxeiría; todos pasos para reforzar os instrumentos de loita contra a trata de seres humanos.

Desde o socialismo aspiramos a unha sociedade —como dicía— sen explotación sexual, por iso mesmo cremos que é preciso mudar o modelo social, de dominación e desigualdade, que fai posible a prostitución, incidindo en reducir a demanda, concienciando a sociedade de que a compra de servizos de prostitución contribúe ao establecemento no noso país de mafias que se lucran das mulleres, ás que secuestraron os seus dereitos.

É preciso crear un clima de rexeitamento social e de tolerancia cero fronte á explotación sexual. Así o afirmaba no propio informe de integración dos dereitos humanos da muller e a perspectiva de xénero a relatora especial de Nacións Unidas sobre os dereitos humanos das vítimas de trata, Sigma Huda. A demanda é unha das causas profundas da trata de seres humanos, e este ten que ser un dos principais obxectivos, reducila desde a concienciación. E esa demanda, señor Pazos, señora Míguez, non sabe de reproches partidistas. Lembren que con vostedes e o señor Granados coñecemos todos os españois a existencia dos volquetes de putas, así como co señor Jaume Matas e o seu equipo coñecemos o interese do Goberno balear do PP por estreitar lazos con Rusia no club de alterne Rasputin. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Insisto, hai que reprochar a demanda e o uso da prostitución veña de quen veña, ¡veña de quen veña!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PIERRES LÓPEZ: Por parte do Goberno do Estado xa se teñen iniciado...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio!

A señora PIERRES LÓPEZ: ...nestes meses os traballos conducentes a aprobar esa Lei integral contra a trata de seres humanos con fins de explotacións sexual e tamén contra a prostitución. Esta futura lei contemplará mecanismos axeitados para a prevención e persecución da trata. Evitará a publicidade de servizos de contido sexual e reforzará os servizos e programas de protección social e recuperación integral das persoas que teñen sido explotadas...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...con atención específica a menores.

E remato.

Por isto, por todo o que está xa en marcha, e máis alá das emendas que temos presentado, que pretenden aclarar ou engadir obxectivos xa iniciados ou previstos tamén no Pacto de Estado, o noso grupo vai apoiar esta iniciativa, sobre a que temos firmes conviccións, sen reparos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Común da Esquerda, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Sinceramente, leccións de democracia do Partido Popular, ningunha, porque ¡vir aquí falar de democracia e mencionar a Fraga...! O problema é que non romperon de ningunha maneira os seus lazos co franquismo (*Murmurios.*) e eses lazos vense, a día de hoxe, (*Protestas.*) nos pactos coa extrema dereita de Vox..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...porque non entenden de democracia...,

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade. ¡Silencio!

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...queren facernos retroceder ás mulleres, ás comunistas, ás independentistas, ás migrantes, ás socialistas, a todas as que entenden que non son como vostedes, a todas esas. Esa é a súa maneira de entender a democracia.

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade. Xa estou tratando de poñer orde pero é complicado. Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Póñense moi nerviosos, pero, sinceramente..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...antes de empezar a falar desta cuestión, temos que falar da lamentable intervención que tivemos que escoitar hoxe por parte do presidente Feijóo, porque foi lamentable. A verdade é que tratar de apropiarse da voz da maioría de mulleres galegas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é un comentario totalmente machista que deberían rectificar —teñen a oportunidade agora de vir a esta tribuna—.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Por favor, silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ¡Claro que a violencia machista é un problema político! ¡Claro que é un problema político! O que non entendo é como queren quitarlle a importancia que ten á emerxencia feminista que vivimos. *(Murmurios.)* Non partidista, político. Ás veces teñen dificultade para entender os conceptos.

¡Claro que é un problema político!, e as mulleres levamos moito tempo poñéndoo xustamente no centro da esfera política. Pero ¿que imos esperar deste goberno, cando nin sequera cando falan de temas que nos afectan especificamente ás mulleres poden nomearnos? ¡O mesmo Goberno que ten que estender a aplicación da linguaxe inclusiva! ¡Home!, pois claro, é difícil crer que o van facer cando temos estes representantes que para falar das mulleres noméanos como todos, e non foi unha vez nin dúas, nin só hoxe.

Hoxe quedounos clara a súa hipocrisía cando escoitamos a súa intervención, porque, despois de estar durante todo o día de onte negando os seus pactos con Vox, por fin o señor Pazos recoñeceu que si, que hai pactos con Vox para facernos avanzar en Andalucía *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* contra a corrupción.

Indo xustamente ao tema que nos ocupa e á súa tremenda incoherencia, e só por darlle dous exemplos. No caso Carioca, que xa se mencionou, ¿por que non se persoaron como acusación particular? ¿Por que miran cara outro lado no caso Carioca? ¡Oh, sorpresa!, resulta que todos os casos non son similares. Ou ¿por que lle desexou sorte o señor Feijóo ao señor Miramontes, acusado de financiar unha rede de explotación de mulleres, de trata de mulleres? É o mesmo Partido Popular que nesta mesma tribuna, cando viñemos preguntarlle... *(Murmurios.)* Eu pediría un pouco de silencio, porque, se fora do outro lado, habería xa tres chamadas á orde. Dende que estou intervindo... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, silencio. Non, acusou ao señor Miramontes. Silencio, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Cando ti teñas turno de palabra, véas aquí e falas, porque se fora dese lado o ruído que hai hoxe nesa bancada do Partido Popular, xa habería cinco chamadas á orde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ¿Pero eu que acusei ao Partido Popular diso?



O señor PRESIDENTE: Non, non, non dialoguen, non dialogue por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Dixen que lle desexaron sorte a unha persoa acusada de trata de mulleres, e iso está aí, é público, nos medios de comunicación, non o invento eu. E tamén podemos vir aquí ler a intervención do señor conselleiro cando lle preguntamos sobre esta cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, chámoo á orde. *(Aplausos.)*

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Moi ben, pois alégrome porque...

E temos que dicir que a pesar... E por suposto queremos saudar o traballo que fan moitas asociacións, pero a Administración non está facendo o suficiente co tema da trata de mulleres, que non é máis que a escravitude de mulleres. A pesar de que hai moitos mandatos internacionais, moitas directrices, non se está a facer o suficiente. As cifras de concesión de asilo, por exemplo, son totalmente baixas, e cremos que ata o momento non houbo un compromiso real de ningún goberno por esta cuestión.

E cando falamos de trata de mulleres, tamén temos que sinalar a dobre moral do Partido Popular. A dobre moral do Partido Popular é —volvo repetilo— pactar coa xente que está insultando, coa xente que está indo contra as persoas unicamente por ter outro lugar de orixe, contra as migrantes. Están facendo iso sistematicamente. E as concertinas, os balados cada vez máis altos, ou mirar cara a outro lado coas mortes do Mediterráneo, esa tamén é a dobre moral, e vir aquí dicir que se preocupan das mulleres migrantes cando despois todo o tempo están facendo estas outras cuestións.

E non temos ningún problema en apoiar esta proposición non de lei porque, a diferenza de vostedes, se cremos que a proposición non de lei pode servir de algo, apoiáremola, o problema é que non temos ningún tipo de confianza en que vaian aplicar o que vostedes mesmos aproban, porque —e só como comentario— están utilizando esta data concreta para branquear o discurso que levan e as medidas que fai o Partido Popular. Utilizan unha iniciativa para branquear todo o que están facendo, e, sinceramente, despois de ver todo o pleno, quedounos moi claro que, sinceramente, ningún tipo de compromiso coa igualdade, ningún tipo de respecto polas mulleres. Sobran os comentarios ofensivos cara a moitas mulleres deste país. Sobran os comentarios neste pleno. Neste pleno viuse por primeira vez, dende hai tempo, a verdadeira cara do Partido Popular. Ponos moi nerviosos que lles saquen o tema de Vox porque, en realidade, se fai visible o que son realmente. Igual que os pon nerviosos que lles falen do franquismo. Ponos nerviosos porque tamén se ve realmente o que son.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ese é o verdadeiro problema. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señora García Míguez.



A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días outra vez.

O resumo está claro, espectáculo bochornoso. ¡espectáculo bochornoso o que acaban de dar agora mesmo os grupos da oposición! *(Aplausos.)* A nós non nos van vir aquí dar carnés de boas feministas ou malas feministas, a dicir que son vostedes as que defenden os dereitos das mulleres. Sorpréndenos enormemente non ter escoitado absolutamente nada da maior trama de corrupción deste país, onde membros do Goberno do Partido Socialista de Andalucía gastaban cartos do diñeiro público dos desempregados, que tanto se lles enche a boca, en prostitución, drogas e alcohol. *(Aplausos.)* E non escoitamos aquí absolutamente nin unha soa crítica. *(Murmurios.)*

E se votaron que as mulleres puidésemos votar, foi arrastrado, pero opuxéronse no debate considerando que non era o momento axeitado, xa que as mulleres nese momento estaban moi influenciadas pola igrexa e iso non era bo para a República, señorías... *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Silencio. ¡Silencio!

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Dende logo, señora Quinteiro, que veña aquí... Emerxencia feminista é que unha escolta de Podemos demande á señora Irene Montero por obrígala a facer de recadeira, mecánica e chófer da familia. *(Protestas.)* Di a escolta de Podemos: «*Me ordenaba llevarle la cena, la comida a ella, a Pablo y a los perros*». Co cal debería facer algunha reflexión sobre o que é a emerxencia feminista... *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Igual non saben que no caso Carioca a Xunta de Galicia fixo de custodia de moitas probas xudiciais e de protección a moitas vítimas dos proxenetas. A verdade é que o resumo das súas intervencións é moi claro, e non estiveron á altura das necesidades que temos en Galicia con respecto á trata e ás vítimas de explotacións sexual.

Creo que o Partido Socialista tivo unha oportunidade moi importante aquí para denunciar, para rexeitar e para condenar e pedir perdón a toda a sociedade pola gran trama de corrupción da que está sendo obxecto o seu partido coa coalición dos seus socios de goberno, de Podemos e do Bloque Nacionalista Galego. Convértense en cómplices e perden toda a credibilidade para falar de igualdade e de todo o traballo que se ten que facer en materia de violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos ás votacións das proposición non de lei.

Pechen as portas, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Agora preguntarei, preguntarei nas votacións.

(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)

Primeiro vou ler... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, cando cheguen. ¿É relacionado con iso? Pero ¿por que é? ¿Por que artigo do Regulamento pide a palabra? ¿Sobre que vai o asunto? Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Para pedir unha cuestión de orde ao amparo do artigo 76.3 por imprecisións vertidas sobre unha intervención miña, señor presidente, na que se falou de que eu facía alusión á posibilidade de prohibir ideoloxías ou que cuestionaba as aportacións do comunismo democrático á chegada da democracia á España.

Quero tranquilizar á persoa que fixo tales afirmacións. Non é certo. Recoñecemos as aportacións do comunismo democrático. Hoxe mesmo as recoñeceu o presidente na súa intervención. Simplemente fixemos alusión á celebración do Centenario da Revolución rusa e á Resolución de data 19 de setembro deste mesmo ano do Parlamento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, silencio. Silencio, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...Europeo, que cito literalmente, que sostén que Rusia segue sendo a maior vítima do totalitarismo comunista... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Xa está, señor Pazos, terminou. Terminou, terminou. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non. Xa está, non ten a palabra. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Pazos, xa non ten vostede a palabra. Estamos na votación. Silencio. *(Protestas.) (Murmurios.)*

Xa non ten vostede a palabra. Señor Pazos, non se lle escoita. Non se lle escoita. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señor Pazos, non quero volvelo chamar á orde! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero é que xa lle dixen que terminara. Xa está, terminou. Terminou a intervención. Xa pasou o tempo. Considerarei que xa terminou.

Grazas. O tempo é así, xa terminou. *(Risos.)* Grazas, grazas. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Terminou. *(Aplausos.)*

Comezamos votando a proposición do Grupo Parlamentario Común da Esquerda, por iniciativa de dona Luca Chao.

Eu aquí teño anotado..., e perdoen porque ao mellor con estas cousas pode estar confundido. Vostedes entenderán que isto lle crea confusión a calquera. Vou ir preguntando.



Eu aquí teño que non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto e que se acepta a do Grupo Parlamentario Popular. (*Asentimento.*) Entón, non me trabuquei aínda tanto. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Gonzalo Trenor.

Non se aceptan as emendas. ¿Acéptalle vostede a votación por puntos, señor Trenor? (*Negación.*) Non. Non acepta a votación por puntos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67; abstencións, 4.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Non hai emendas pero o PSOE solicitou a votación por puntos.

¿Acepta a votación por puntos, señor Bará? (*Negación.*)

Non. Pois entón votamos tal como está.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Os servizos da Cámara fanme unha proposta de transacción, ¿coñécena todos os grupos? (Asentimento.)

(A señora Rodríguez Rumbo pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra? ¿Acepta a votación por puntos?

¿Cales queren separar? ¿O punto 1? (Asentimento.)

Votamos, en primeiro lugar, o punto número 1.

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro de Barreras, de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade este punto número 1.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora... ¿Cantos puntos hai? Non sei cantos hai. É para dicir o segundo ou o resto. Pois o resto. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 1, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro de Barreras, de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

Hai aquí unha transacción que me fan chegar e que coñecen.



Tamén parece ser que se acepta a votación por puntos.

Entón, en primeiro lugar, sería votar os puntos 1, 2.e) e 2.g) (*O señor presidente pronunciou o nome da letra en castelán.*) (*Risos.*)... Non, perdón; é que esta letra non a entendo. Non, ía dicir... Ben, entón, repito: o punto 1.1, o 2.e), o 2. (*O señor presidente debuxa no ar a letra que.*) de Galicia e o subapartado 4 dentro dese apartado.

Votación do texto transaccionado dos puntos 1.1, 2.e) e 2.g).4 da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade este texto.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto dos puntos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 1.1, 2.e) e 2.g).4, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de don Luis Villares.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegán ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobado por unanimidade este texto

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe de levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Ángeles García Míguez.

No barullo que houbo non sei se hai transacción, acordo ou se acepta as emendas. Vostede dirá.

Si, déanlle voz ao escano da señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Chegamos a unha transacción todos os grupos e, polo tanto, quero agradecer o traballo entre todos para chegar a un acordo unánime do Parlamento neste tema contra a trata de violencia sexual.

O señor PRESIDENTE: Se nos fai chegar a transacción, perfecto. Grazas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez, sobre as actuacións que debe de levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade este texto.

O señor PRESIDENTE: Rematou a votación.

Abran as portas, por favor.



Continuamos co punto 5 da orde do día, de interpelacións.

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Benvida, señora conselleira.

Señorías, hoxe é o 20-N —non podemos dende este grupo obvialo— e cúmprense corenta e catro anos do falecemento do ditador. Pero hoxe é tamén o Día dos Dereitos dos Nenos e das Nenas, señora conselleira. E nós, desde o PSdeG, ante o rexurdimento da xenofobia e do racismo que estamos a vivir no noso país, que en moitos casos fai referencia a ese novo termo acuñado pola propia RAE, «aporofobia», relativo ao desleixo coas persoas pobres, queremos amosar o noso rexeitamento a esas forzas políticas de extrema dereita que estigmatizan e mesmo criminalizan os menores estranxeiros non acompañados. A nós gustaríanos tamén, señora conselleira, que hoxe, aproveitando este día e esta comparencia, amosara o rexeitamento co que ten ocorrido estas últimas semanas nalgún destes centros.

Hoxe —como lle dicía tamén— interpelámola a respecto do estado da pobreza en Galicia. Coñecemos recentemente dous informes que nos resultan alarmantes: o informe Foessa de Cáritas e o da Rede galega contra a pobreza. Estes informes dinnos que hai repuntes da taxa AROPE, que sobe un punto a respecto do ano anterior, e que hai nestes momentos en Galicia máis persoas a respecto do ano 2008 que cobran menos de trescentos setenta euros ao mes; son exactamente trinta e catro mil persoas máis que no ano 2008. Sobe tamén o número de persoas que están en exclusión severa, aqueles que peor o están pasando. E algo que nos resulta rechamante e curioso é que aquelas persoas que están integradas, ou ben o están dunha maneira tan feble, ou ben tan precaria que o propio informe de Cáritas alerta de que estas persoas, case trescentos mil galegos e galegas, ante calquera tipo de crise económica tamén poderían caer en situación de risco de pobreza por carecer dese colchón social que temos reclamado e pedido en tantas ocasións.

Isto é, en resumo, debido a eses empregos precarios, á inestabilidade laboral en moitas ocasións, que provocan que non sexa necesaria —como lles dicía— unha crise moi profunda para que se sumen todas esas persoas aos xa un de cada cinco galegos e galegas que se atopan nesa situación. O emprego é unha das dimensións que máis afecta a pobreza para caer en risco de pobreza ou exclusión social. Ter emprego hoxe en día non é unha garantía de estar fóra deste colectivo, máis do corenta por cento dos fogares galegos que están en exclusión social teñen polo menos unha das persoas, un dos seus membros incorporados ao mercado de traballo.



Non soamente o emprego, é tamén a vivenda. Hai na nosa comunidade autónoma cincocentas once mil persoas que viven en situacións de insalubridade, con humidades, con cheiros, con sucidades, e unhas trescentas sesenta persoas con discapacidade que viven nun fogar con barreiras arquitectónicas. Pero o problema é que non imos a mellor, como dicía hoxe o presidente da Xunta de Galicia, que incluso chegou a afirmar que as políticas sociais son a columna vertebral do seu goberno. Nós cremos que esa columna vertebral está partida, que imos costa abaixo e sen freos, porque, por exemplo, hai hoxe a respecto do ano 2013 en exclusión da vivenda un corenta por cento máis de galegos e galegas segundo di o propio informe de Cáritas; hai hoxe en Galicia comparado co 2013, non estamos comparando co ano 2008, senón co 2013, máis persoas que viven en situacións de insalubridade, con barreiras arquitectónicas, con deficiencias graves na construción das súas vivendas, en contornas degradadas ou en barrios conflictivos, ou incluso en situacións de amontoamento. Nós queremos preguntar que están facendo para reverter esta situación, estes problemas gravísimos de vivenda que hai.

O caso máis extremo de exclusión por vivenda é o «senfogarismo», di a enquisa do INE sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar. A enquisa do ano 2018 revela que o gasto medio nestes centros en Galicia está máis dun trinta por cento por debaixo da media estatal.

Vostedes puxeron en marcha un plan ou publicaron —imos dicir— un Plan de atención de persoas sen fogar co horizonte do ano 2023, puxérono en marcha ou publicárono moito máis tarde —como soe ser habitual— do que o anunciaron. Non hai na actualidade en Galicia nin unha soa vivenda do programa *Housing First*, ese programa que se denomina «Vivenda primeiro». Precisamente porque para sacar a esas persoas do risco da pobreza e da exclusión social considérase prioritario, antes de calquera outro tipo de intervención ou de actuación no eido social, ofrecer unha vivenda, ao contrario do que viña ocorrendo ata o de agora.

Neste programa vangardista e pioneiro, Galicia está a cero. Pero, claro, ¿como imos ser vangardistas, como imos ser pioneiros se nin sequera se fan os deberes que contemplan as propias leis da nosa comunidade autónoma? E refírome a ese decreto de desenvolvemento da Lei de inclusión social —señora conselleira, vexo que sorrí— que chegou con case cinco anos de retraso. Vostede sorrí pero iso trouxo graves consecuencias para os galegos e para as galegas, trabas administrativas, problemas de percepción desta renda de integración para persoas que residían no mesmo fogar, para compatibilizar esa renda con empregos precarios no peor da crise económica que sufrimos. Descoordinación entre as administracións, sen que vostede ata o de agora dera unha soa explicación de a que se debeu ese atraso e nin sequera pedira perdón.

E tanto esperar para acabar tendo unha Risga que nin é suficiente nin é digna, que segue excesivamente burocratizada, que non garante a percepción con baixos salarios, que segue sendo das contías máis baixas de todas as comunidades autónomas de España —a segunda máis baixa—. Ademais, é unha renda que non está chegando a todas as persoas que o precisan; hai un reducido volume de solicitudes destas rendas mínimas de inserción, que son moi inferiores á media estatal —que quero recalcar que xa é baixa—, segundo se reflicte nese propio informe de rendas mínimas do ano 2008 do Ministerio. No caso de Galicia, é



tan só o 7,2 por cento da poboación no limiar da pobreza o que está recibindo estas axudas. Isto colócanos practicamente á cola —os décimos de todas as comunidades autónomas—, catro décimas por debaixo da media estatal e, ademais, a moita distancia doutras comunidades autónomas como Navarra e Euskadi, onde a cobertura chega ata o sesenta e un e o sesenta e seis por cento das persoas que peor o están pasando.

E o número de perceptores da Risga—a pesar dese repunte da taxa AROPE que lles dicía ao principio da miña intervención, deses alarmantes datos que estamos vendo nestes últimos meses— está descendendo. Hai corenta e sete concellos na nosa comunidade autónoma onde non se solicitou nin unha soa Risga. Houbo no 2018 cinco mil oitocentas solicitudes menos; o ano con menos peticións dende o 2013. E nós queremoslle preguntar: ¿vostede cre que non se piden porque non se necesitan, señora conselleira?

Nós, pola contra, dende o Goberno de España, respondemos a este incremento da taxa de pobreza con máis integración e máis xustiza social. Puxemos en marcha, dende que chegamos ao Goberno de España, medidas tendentes a reducir esa taxa de precariedade, de pobreza, de exclusión dos colectivos máis vulnerables. Non teño tempo para relatalas todas, o cal é bo sinal: a suba do salario mínimo, a suba das pensións, ese Plan de emprego digno, e tamén estamos tomando medidas para poñer en marcha un ingreso mínimo vital; unha das encamiñadas a este obxectivo é a mellora das prestacións por fillo ao cargo. Son medidas en moitas ocasións contempladas neses obxectivos que veñen na propia Axenda 2030.

En resumo, señora conselleira: seis anos de crise e catro anos de recuperación económica só teñen como consecuencia máis fragilidade social en Galicia; hai máis galegos e galegas —a pesar do que diga o presidente da Xunta— na corda frouxa fronte ao abismo da pobreza. Porque as políticas de emprego, de vivenda, pero sobre todo as políticas do departamento que está xestionando vostede, o de Política Social, levan dez anos en servizos mínimos. Levan dez anos que, como se está vendo cos resultados que estamos obtendo, acaban sendo pan para hoxe e fame para mañá.

Señora conselleira, ademais de responder —e vólvollo repetir, remato como comezaba a miña intervención— as preguntas que veñen reflectidas na iniciativa e as que levo formulado ao longo da intervención, dende o PSdeG gustaríanos, de verdade, escoitar hoxe un rexeitamento claro a esas posicións xenófobas e racistas, pero, sobre todo, a esa aporofobia que vimos nestas últimas semanas por parte dos que xa son os seus socios de goberno.

Nada máis e moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputados e deputadas, señora Blanco, moi boas tardes a todos.



É certo, señora Blanco, que hoxe conmemoramos o Día Mundial dos Dereitos da Infancia e trinta anos da Convención dos nenos e das nenas. Por iso, eu hoxe tiveron a gran fortuna e a grande honra de compartir con máis de trescentos nenos e nenas no edificio administrativo de San Caetano, que é a sede central do Goberno, pero tamén a sede central de todos os galegos e das galegas, este día tan importante no que precisamente eles son os protagonistas.

Calquera administración que queira serlles realmente útil aos cidadáns debe de contar sempre coa sensibilidade necesaria e entender e afrontar as situacións de necesidade que viven algunhas familias. A loita contra a exclusión social é unha das principais prioridades deste goberno, e por iso as galegas e os galegos contamos hoxe en día cun setenta e tres por cento máis de fondos destinados a combater a pobreza que hai unha década. Falamos, señora Blanco, de cento vinte millóns de euros para o ano 2020, e isto —como eu sempre digo— non significa que todos os problemas estean solucionados, porque desgraciadamente hoxe segue habendo moitas familias que viven situacións dramáticas. Tampouco significa que poidamos quedarnos de brazos cruzados, porque hoxe segue facendo falta continuar traballando polas persoas que máis o necesitan. Pero creo que é necesario ter este feito como punto de partida: os fondos para inclusión social practicamente se duplicaron dende o ano 2009.

Informes como o de Foessa —ao que vostede fai referencia na súa pregunta— cumpren a necesaria función de manternos sempre alerta para seguir traballando. Pero como ben sabe, señora Blanco, cando falamos de inclusión social, hai unha ampla variedade de índices, unha ampla variedade de estatísticas que é necesario utilizar con gran rigor e con gran precisión para asegurar que a imaxe que se proxecta á sociedade se corresponde sempre coa realidade.

Por exemplo, entre os datos do Instituto Nacional de Estadística, na Encuesta de condiciones de vida, a “carencia material severa” é o indicador que mide as situacións de necesidade máis acuciantes, as que mellor se corresponden coas da poboación que se entende como persoas pobres. Se no ano 2016 o 4,1 por cento da poboación estaba en situación de carencia material severa, en 2017 reduciuse ata o 2,4 por cento, e en 2018 —último ano do que hai datos— reduciuse nunha terceira parte máis, ata o 1,6 por cento. Falamos pois de que a poboación galega que peor o está a pasar se reduciu nun sesenta por cento no que levamos de lexislatura. E tamén —para poñer os datos sempre en contexto, como dicía— fronte ao 1,6 por cento de galegas e galegos que están en situación de carencia material severa, a media española sitúase no 5,4 por cento. A situación de estabilidade económica e tamén de estabilidade política das que goza Galicia benefician directamente a poboación que máis o necesita. Esperemos pois que as turbulencias esas que se anticipan cando miramos cara a Madrid non supoñan aquí en Galicia un cambio a peor.

Doulle máis datos, señora Blanco, neste caso, do Instituto Galego de Estatística, da última enquisa conxuntural a fogares, correspondente ao terceiro trimestre deste ano: o número de fogares con moitas dificultades para chegar a fin de mes descendeu unha vez máis ata o 5,2 por cento; unha baixada de máis de tres puntos respecto do trimestre anterior, e o mellor resultado de toda a serie histórica. Repito: isto non significa que estea todo feito, pero si significa que nunca antes houbera menos familias que o pasan mal para chegar a cada día trinta do mes.



Seguimos, señora Blanco: taxa AROPE, baseada fundamentalmente na ratio de pobreza económica. Este indicador —do que vostede tamén falou— cómpre collelo sempre coa necesaria prudencia, porque se compón maioritariamente do volume de persoas que se sitúa por debaixo do sesenta por cento da mediana de ingresos a nivel nacional. Isto significa que nos prexudica ás comunidades que temos un custo de vida inferior á media nacional.

Por exemplo, en Extremadura, comunidade gobernada polo seu partido, a taxa AROPE é do 44,6 por cento, pero isto non significa que o 44,6 por cento dos extremeños non teñan para comer. A taxa AROPE de Galicia está bastante lonxe destas cifras: nun vinte e tres por cento. E é un dato bastante mellor do que se rexistraba no ano 2008 —nun contexto de bonanza económica de xenerosidade orzamentaria—, cando a taxa AROPE se situaba por riba do vinte e cinco por cento. Co vinte e tres por cento do 2018 que se rexistra en Galicia, situámonos tamén tres puntos por debaixo da media nacional.

Eu podería hoxe seguir dándolle máis cifras e máis datos que ilustren, afortunadamente, que cada vez son menos as galegas e galegos que peor o están a pasar, pero gustaríame tamén deixar tempo para referirme a todo o que está a facer a Xunta de Galicia para continuar reducindo as taxas de exclusión social.

O número de beneficiarios da renda de inclusión social de Galicia está a reducirse porque, afortunadamente, cada vez menos persoas precisan desta axuda: un quince por cento menos dos que había ao inicio da lexislatura. O investimento na Risga triplica o que facía a Xunta do Partido Socialista, e en 2020 será ademais de sesenta e catro millóns de euros.

Neste ano aprobamos un decreto de enorme importancia para mellorar as condicións de acceso á Risga, e moi especialmente tamén para facilitar aos seus perceptores que non sexa unha percepción de por vida, senón que atopen canto antes un traballo. E para iso introducíronse dous novos tramos: o tramo de inserción e o tramo de transición ao emprego. O tramo de inserción, cun complemento duns douscentos euros para as persoas que sigan formándose e que sigan facendo prácticas laborais. E o de transición ao emprego, que permite ás persoas que atopen un traballo seguir percibindo unha porción minguante da Risga que lles sirva como ponte para a súa necesaria incorporación ao mercado laboral. E estas contías non son incondicionais, senón que, para acceder aos dous novos tramos da Risga, a persoa perceptora debe de asumir os compromisos e a súa intención de saír desta situación. Os últimos datos que temos lévannos a un contido optimismo: máis de cento cincuenta persoas aceptaron as condicións para acceder ao tramo de inserción e unhas trescentas persoas xa están a saír progresivamente da Risga para pasar a ter un contrato de traballo e a percibir un salario.

Señorías, Galicia está a avanzar, e as persoas que máis o precisan están a beneficiarse destes avances, pero por suposto que hai que seguir sempre traballando para levar o benestar social a todos os fogares galegos, sen excepción. E por iso seguiremos sempre traballando e seguiremos sempre esforzándonos, en coordinación, por suposto, co resto de administracións públicas e tamén en colaboración e en contacto permanente con todo o tecido asociativo, para continuar fortalecendo aínda máis a nosa rede de protección e de apoio ás persoas que máis o precisan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Eu non sei, señora conselleira, se vostede con iso das turbulencias que veñen de Madrid se refire ao que pasou o outro día da presidenta de Vox de Madrid nun centro de menores en Sevilla chamándolles «manadas» aos nenos e ás nenas. ¡É a súa socia, señora conselleira! Non sei se as turbulencias se refiren a iso, á súa actitude, a chamarlles «manadas» a eses nenos e nenas desamparados. Non sei se se refire a esas turbulencias, que son as que veñen dende Madrid, porque nós temos claro... *(Aplausos.)* —e vólvollo repetir— que rexeitamos completamente ese tipo de comportamentos, e vostede ten a oportunidade de facelo hoxe aquí. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, está moi ben que vostede hoxe se xuntase con trescentos e pico —non sei cantos— nenos e nenas, pero estaría moitísimo mellor que protexese coas súas actitudes, coas actitudes do seu partido, os nenos e nenas que máis o necesitan, poñendo un auténtico cordón sanitario a aqueles partidos que fomentan e que incluso atacan e marxinan eses nenos e nenas. Estaría moitísimo mellor que o xesto que fixo hoxe vostede.

Porque a respecto deses menores estranxeiros non acompañados, quero lembrar hoxe aquí que o Goberno de España, por primeira vez, vai dar unha partida ás comunidades autónomas de corenta millóns de euros. Si, a Galicia vanlle corresponder catrocentos vinte e seis mil euros. Dígoo porque a conselleira anda dicindo por aí que somos moi solidarios, pero vaino facer cos cartos, *(Murmurios.)* co orzamento do Goberno de España. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora BLANCO GARCÍA: Por certo, comunidade autónoma que..., *(Murmurios.)*

A señora BLANCO GARCÍA: ...evidentemente, como é lóxico, acolle menos menores que as comunidades do sur; iso é lóxico. Pero tamén que as do norte, señora conselleira; menos que Cantabria, menos que Navarra e menos que Euskadi tamén.

A respecto da evolución co que pasa no resto do país, eu vou citar textualmente o que di o informe Foessa: «A negativa evolución dos indicadores de exclusión fai que a situación actual en Galicia resulte, en termos comparados, algo menos positiva que a que se observa no conxunto de España. Nese sentido, Galicia distínguese por rexistrar unhas taxas sensiblemente menores de integración plena e sensiblemente maiores de integración precaria, un modelo de integración social máis débil que no conxunto de España.»

Vostede non adicou nin unha soa palabra, nin unha soa verba, a falar de vivenda, a pesar de que é unha dimensión das dimensións que máis preocupa ás entidades sociais. Nós preguntámoslle tamén por este tema. Poño un exemplo: ese Plan RehaVita que vostedes poñen a disposición soamente para os concellos de menos de dez mil habitantes —cando todos e



todas sabemos que hai un problema tremendo nos extrarradios das cidades —, cunha partida orzamentaria que ten baixado ata os douscentos mil euros este ano no que soamente se atenderon dezanove concellos da nosa comunidade autónoma e no que só se puxeron en marcha trinta e catro fogares.

Canto ao Plan de atención ás persoas sen fogar —que me imaxino que deixa para a segunda quenda—, nese punto da estratexia dise que, efectivamente, Galicia vai poñer en marcha vivendas de *housing first*. Pero é que di «trinta» ata o 2023: non chegan a unha por mes en catro anos. E voulle dicir que Comunidades Autónomas teñen xa este programa vangardista e pioneiro implementado, segundo datos do INE: Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castela e León, Cataluña, Comunidade Valenciana, Comunidade de Madrid e Comunidade de Murcia. Algunhas xa teñen case tantas como as que van facer vostedes ata o ano 2023.

En materia de vivenda, tamén eu lle preguntaba o outro día á señora Pierres como estaba o tema da vivenda pública, e resulta que o número de solicitudes se incrementaron o ano pasado a razón de dúas mil cincocentas. ¿Cantas fixo a Xunta de Galicia nun ano? Oito. Non cubriron nin a demanda dun só día e deixaron baleira a do resto dos días do ano.

Considerar un éxito que o orzamento da Risga se multiplique por tres parécenos, de verdade, un auténtico insulto, señora conselleira. Porque, de feito, as persoas que a perciben por estar en situación de exclusión social ou en risco de padecela aumentaron, segundo os datos oficiais nestes últimos dez anos, en case un cento cincuenta por cento, señora conselleira. ¿Como non se van incrementar as axudas a favor da inclusión social se hai un maior reponte da pobreza?

A respecto do tramo de transición de emprego —non veña aquí presumir—, foron trescentas as persoas que se incorporaron; un orzamento en dous meses de cincuenta e catro mil euros, señora conselleira. Eu creo que non é para vir aquí tirar foguetes cos primeiros resultados que temos dese decreto de desenvolvemento, desa lei que chegou con cinco anos de retraso.

É un fracaso, ademais, porque a propia Risga non está funcionando. Soamente un 16,1 % dos que saíron do listado de preceptores da Risga tivo outro recurso económico. Ante os seus fracasos, ante o fracaso da política social do Goberno da Xunta de Galicia, do Goberno do señor Feijóo, para paliar esa fragilidade da integración social —non soamente o dicimos nós, que están dicindo e recoñecendo as propias entidades— no seguinte pleno achegaremos dende o PSdG propostas para poñer en marcha unha verdadeira estratexia de loita contra a pobreza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...e a exclusión social.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.



Peche da interpelación, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Blanco, como lle indiquei na miña primeira intervención, seguiremos dende o Goberno galego traballando sempre mentres haxa unha soa persoa en Galicia que o estea a pasar mal. *(Aplausos.)*

Pero, aínda así, cada vez os datos lévannos a ser máis optimistas. Vólvolle recordar agora: somos a segunda comunidade autónoma de España con menos poboación en situación de carencia material severa, o número de fogares con moitas dificultades para chegar a fin de mes baixou ata o 5,2 %, o mellor resultado de toda a serie histórica do Instituto Galego de Estatística, a taxa AROPE de Galicia sitúase no 23 %, unha cifra mellor que o 25,1 % que se rexistraba dez anos atrás.

Fala vostede tamén de pobreza infantil. Que haxa familias con nenas e con nenos sen os ingresos necesarios para vivir é algo que, por suposto, nos preocupa a todos; e traballamos, por suposto, para dar resposta a todas estas situacións. Un organismo tan autorizado para falar sobre a infancia como é Unicef —que vostede tamén coñece— di que somos a sexta comunidade autónoma con menos nenas, nenos e adolescentes en risco de pobreza e exclusión social.

Pero a pesar diso segue habendo familias en Galicia que teñen grandes necesidades; por iso, señora Blanco, a min, a verdade, indígname bastante que o Goberno central nos recortase precisamente este ano catrocentos mil euros dos fondos destinados á loita contra a pobreza infantil. ¡Si, señora Blanco, o seu Goberno socialista! ¡Catrocentos mil euros! *(Murmurios.)* Si, recortounos da loita contra a pobreza infantil. Polo tanto, o Goberno central quítanos, quítanos; non nos dá, quítanos. E, polo tanto, señora Blanco, o Goberno galego non se esquece nin se esquecerá nunca das persoas sen fogar, cuxas necesidades son absolutamente urxentes e son tamén necesidades prioritarias.

Como sabe, neste ano aprobamos o primeiro Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia, que está centrado principalmente en garantirilles un teito a partir do cal poidan emprender o seu proceso de reinserción. Señora Blanco, o *housing first* non é un programa; o *housing first* é unha perspectiva dende a que a Xunta de Galicia está a actuar. E, por iso, entre as principais medidas deste plan está a posta a disposición dun centenar de vivendas que sirvan como punto de partida para o seu acompañamento social, e que se multipliquen por catro o número de prazas públicas en centros de inclusión social.

Vostede di que non, pero as primeiras once prazas xa están habilitadas no centro que ten Padre Rubinos na cidade da Coruña. E nos vindeiros anos continuaremos, por suposto, avanzando nesta liña. *(Aplausos.)*

Para que os esforzos da Xunta de Galicia en materia de inclusión cheguen de xeito efectivo ás persoas que o precisan —é dicir, para que os cento vinte millóns de euros que investimos en 2020 multipliquen o seu valor— é imprescindible a implicación tamén de todas as enti-



dades sociais de Galicia —ás cales lle estamos sempre agradecidos polo seu traballo— e é necesaria sempre a implicación dos concellos. Por iso este Plan de Atención de Persoas sen Fogar se deseñou da man das entidades sociais de Galicia e dos concellos e agradézolles sempre a súa plena implicación e a súa plena disposición. Por iso en 2020 duplicaremos o investimento nas axudas de inclusión social destinadas aos concellos e lanzaremos —tamén lle avanzo— unha convocatoria récord dirixida ás entidades sociais.

E do mesmo xeito, señora Blanco, tamén hoxe —aínda que confrontemos nalgúns aspectos— lle quero agradecer ao Grupo Socialista a resolución que aprobamos durante o Debate do Estado da Autonomía para a actualización da Axenda Social Única. Porque foi a través dese mesmo consenso que conseguimos no ano 2016 trazar a folia de ruta que nos levou aos datos de inclusión social aos que me refería na miña primeira intervención. E será tamén —considero— a través dese consenso que seguiremos loitando sempre contra as desigualdades durante a vindeira década.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D^a Carmen Santos Queiruga e catro deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bo día, señor presidente.

Señores deputados e señoras deputadas.

Señor Rueda, levamos tres días falando de orzamentos e levamos falando tres días, en concreto estes dous últimos, da situación das mulleres no noso país e da situación de violencia e de todas as casuísticas derivadas e de todas as propostas e de todas as medidas que se deben adoptar e dos compromisos legais que debemos adoptar as que realmente estamos comprometidas —máis alá de pornos lazos e dos minutos de silencio— coa loita contra a violencia machista e contra a desigualdade. Dende logo, eu digo con pena que creo que moitos dos membros desta Cámara non estiveron á altura deste debate, dado que fixeron afirmacións, ataques e distorsións arredor dunhas cuestións tan serias que, dende logo, deberían avergoñarnos como deputados e deputadas. Pero eu non vou entrar nisto; para min é moi serio este debate, eu non vou entrar no ruído e na falta de respecto ás vítimas e ás mulleres, falando de cousas aquí que nada teñen que ver coas cuestións que temos que tratar.

Coincide que nós traemos estas iniciativas hoxe aquí, aínda que non nos limitamos a presentar estas iniciativas e preguntas nas vésperas do 25 de novembro nin do 8 de marzo —a pesar de que son datas fundamentais para reivindicar e centralizar os problemas que temos as mulleres e as desigualdades e os maltratos que sufrimos—. Pero onte vostede, señor Rueda, tivo unha comparecencia tamén neste sentido e explicou unha serie de medidas exis-



tentes e outras que queren vostedes implementar como parte do desenvolvemento do Pacto contra a Violencia Machista; unhas medidas que nós consideramos tan necesarias como xustas, pero que sempre precisan ser acompañadas de recursos suficientes. E nós, por iso, sempre intentamos incrementar as partidas nos orzamentos para poder pelexar contra a violencia machista e a desigualdade.

Por iso a miña compañeira onte explicaba moi ben, pese ás acusacións da deputada voceira do seu grupo, como se traballou arreo e con profundidade nos traballos do Pacto de Estado contra a Violencia Machista. Sabendo, precisamente, deses traballos e da profundidade deses traballos, abstivémonos, porque —como vostede saberá— para executar o pacto de estado e as medidas alí propostas, coas que se comprometían, non hai recursos. E vostede mesmo algo citou con respecto aos xulgados exclusivos en violencia machista, os cales non se poden levar a cabo. E por iso nós vamos seguir insistindo no mesmo: que os pactos sen recursos non poden levarse a cabo.

Botamos de menos que vostede manifestase, precisamente, esa falta de recursos; porque dende o seu grupo —vostede mesmo e o señor Feijóo— reclaman, e nós estamos de acordo, os setecentos millóns que se lle deben a Galicia por parte do Goberno do Estado. Pero botamos en falta que reclamasen os recursos dos que deben dotar ese Pacto de Estado para poder levalo a cabo, e que se poñan en marcha as medidas ás que se comprometeron nese Pacto de Estado.

De feito, é aí onde se recolle que ten que interferir o Poder xudicial. E este Poder xudicial xa desde xullo anunciaba e estudaba como estender os xulgados de violencia de xénero; porque non é unha cuestión só de Galicia, senón de todo o Estado, xa que hai trinta e unha cidades que non teñen salas específicas para os delitos e as agresións contra as mulleres. Entón, para nós, está claro que ten que ser así; dous anos despois de que se aprobara o Pacto de Estado, encargouse un informe para determinar, en función da carga de traballo, cantos xulgados do penal máis deberían asumir en cada capital estas competencias segundo a nota deste Consello.

A presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero puxo de manifesto o contido deste informe. E tamén a necesidade de que sexan especialistas quen xulguen as agresións sexuais e que é un cambio que hai que facer e que o piden as principais autoridades xudiciais sobre a violencia machista, incluída a propia presidenta deste observatorio, tras as sonadas discrepancias que existiron nas distintas instancias xudiciais, por exemplo cos casos como o da Manada, que nunha primeira sentenza —como vostede sabe— foi considerado un «abuso sexual». Isto non mudou ata que o Supremo acordou, tres anos despois, que era unha «agresión» cunha xove, unha moza, que foi violada en grupo por cinco homes nun ambiente claramente intimidatorio.

Por iso é fundamental a existencia de xulgados específicos. ¿Cal é a situación de Galicia? Actualmente existen corenta e cinco órganos xudiciais con competencias en violencia contra a muller e sobre a muller, en todos os partidos xudiciais de Galicia, dos que só dous teñen competencia exclusiva, como vostede sabe: A Coruña e Vigo. O resto téñena compartida con outras funcións de instrución; nas cidades son mixtas, de instrución e instancia nas vilas.



A nosa posición política é clara: pedimos a especialización dos órganos xudiciais — máis alá dos datos que indican a necesidade dunha maior dedicación dos existentes— onde a carga de traballo, segundo os parámetros do propio Consello Xeral do Poder Xudicial, exceda notoriamente o 100 % da forma estrutural. E non o dicimos só nós: en Galicia imos mal; imos mal pese ás reclamacións que existen na rúa, nas asociacións e por parte das mulleres. O propio xuíz decano compostelán que tomou posesión do seu cargo fai escasos meses —o señor Andrés Lago Louro— dicía xa que Santiago necesita un xulgado exclusivo de violencia de xénero que englobe Padrón e Ribeira, e explicaba que era absolutamente necesario telo. Cito textual nunha entrevista en *La Voz de Galicia*: «*Si le damos la importancia que hay que darle —decía—, porque es muy importante, no puede ser que hoy día un juzgado de instrucción tenga que llevar, aparte de todos los demás delitos, la violencia de género. No es viable, no al menos en Santiago, más allá de datos estadísticos, porque la justicia no es un dato estadístico, es un fin que no es otro que mejorar la sociedad y que el ciudadano reciba una respuesta adecuada, y en un juzgado como el mío es muy difícil hacerlo, con todas las demás causas encima*».

Explicaba que por iso el propuxo crear en Santiago un xulgado exclusivo de violencia de xénero, igual que o da Coruña e o de Vigo, que sabe vostede todos os colapsos e toda a problemática que houbo cos xuíces substitutos e que debe ser a tendencia, e non hai escusas posibles.

É por iso que nós lle preguntamos, señor Rueda: ¿Trasladou a Xunta de Galicia a demanda ao Goberno central para incrementar os xulgados de violencia contra a muller? ¿Cando, en que termos, cal foi a resposta? Igual que reclama os 700 millóns, ¿reclamaron isto?

Despois, máis alá das instalacións e dos xulgados exclusivos, nos xulgados que non son exclusivos hai outros aspectos concretos que tamén queremos sinalar e onde en Galicia imos moi mal, que son a situación das instalacións xudiciais. Sabe que nós presentamos iniciativas e fixemos preguntas nestes aspectos en reiteradas ocasións, non é de hoxe.

Os xulgados sabe vostede que son lugares onde discorren momentos fundamentais no proceso de reacción fronte ás vítimas da violencia machista, tanto das mulleres como dos fillos menores. É o lugar onde se fai a denuncia; en moitas ocasións é onde se fai a ratificación xudicial; a obtención de información relevante das persoas declarantes en calquera condición procesual; a investigación do feito; a exploración da vítima; o desenvolvemento do proceso coa proxección de todas as garantías institucionais; a realización material dos dereitos da vítima ou das vítimas; por iso hai que dar unha atención integral aos espazos xudiciais, para que sexan uns verdadeiros espazos de garantías de seguridade, de confianza e de protección para as vítimas e se lles poidan recoñecer e exercer os seus dereitos.

Unhas instalacións inaxeitadas vostede sabe que provocan efectos adversos moi significativos no proceso penal e social, e ademais pódese producir unha dobre violencia sobre as vítimas.

En primeiro lugar, o encontro fortuíto, aínda que sexa previsible, entre a vítima e o agresor ou os agresores nas instalacións xudiciais, no corredor, na entrada, nas escaleiras, iso provoca medo, pánico, sentimento de coerción, que a Administración ten que evitar. Que con-



corran ao mesmo tempo, no mesmo espazo e na mesma sala, as vítimas e os agresores é algo que ten que tomar en conta a Administración para poñer os medios físicos e arquitectónicos para que isto non aconteza.

Non pode darse unha dobre situación de violencia sobre as vítimas; é unha situación que determina, ademais, unha segunda vitimización das mulleres e dos menores e un sufrimento innecesario. E nisto, señor Rueda, sabe que imos moi mal. Nin uns tristes biombos temos a día de hoxe nas instalacións xudiciais para poder facer fronte a esta dobre violencia e a estas situacións que non poden darse nun xulgado ante as vítimas e os agresores.

É obrigado que exista unha parte das instalacións de cada edificio xudicial que garanta o traslado seguro e non mesturado de vítimas, agresores e o resto das persoas que estean alí nesas instalacións; que se acondicionen as salas de espera e as instalacións xudiciais; que existan incluso salas de declaración por sistema de videoconferencia que permita a interacción coa sala onde se produce a declaración do denunciado sen necesidade da confrontación visual directa.

¿Imaxínase vostede como se poden sentir? Falaba vostede onte das vítimas últimas, que en moitos casos tiñan unha denuncia previa e que foron asasinadas en asasinatos terribles, horrorosos. ¿Como se poden sentir as vítimas co seu agresor ao lado, mantendo un contacto visual ou topándose con eles por un pasillo? ¿Imaxina o horror que pode ser?

Por iso lle preguntamos, ¿adoptou algunha medida a Xunta de Galicia para mellorar as condicións para a protección das vítimas nas dependencias xudiciais e cales son? Porque a constancia que nós temos é de que imos moi mal.

E, por último —remato—, está tamén o persoal dos servizos complementarios do Imelga. Sabe vostede que trasladaron en innumerables ocasións a situación de eventualidade deste persoal específico de apoio, que cambia permanentemente, cada seis meses están cambiando, que dá atención psicolóxica e apoio emocional ás vítimas e que non poden dar continuidade ao seu traballo porque esta temporalidade, esta eventualidade, o impide, e é algo de puro sentido común.

E a última pregunta, ¿adoptou o Goberno da Xunta de Galicia algunha medida para mellorar as condicións laborais e formativas do persoal dos xulgados de violencia contra a muller, para incrementar o persoal e para o Imelga?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas e seguimos na réplica. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señorías, señora Santos, dicía vostede ao principio —ademais creo que o cumpriu, agradézollo moito— que quería facer unha intervención construtiva, e, polo tanto, por respecto ás mulleres vítimas, paréceme moi ben, e creo que teño que corresponder facendo o que é a miña obriga e o que vostede me pregunta. Fai unha serie de preguntas concretas na súa interpelación, e entre este turno —se son capaz— e o seguinte intentarei contestarlle a todas.

Desde logo, é un asunto relevante o que trae vostede hoxe aquí, sen ningunha dúbida, a atención ás vítimas. Ademais, é unha atención integral, dende que son vítimas e non o denuncian, e mesmo non son plenamente conscientes.

Falabamos onte na comparecencia de facer todo o posible para que presenten a denuncia e rompan con esa situación, e a partir de aí empeza un camiño que durante moito tempo foi moi penoso, que xa o é polas circunstancias que supoñen e por todo o que implica, pero a nosa obriga é intentar facérllelo o máis fácil posible, acompañalas e facilitarlles a vida a partir dese momento o máximo posible, e moitas veces darlles unha segunda oportunidade. Iso tamén implica, loxicamente, todo o que ten que ver —que entendo que é o obxecto desta interpelación— coa fase relacionada coas actuacións xudiciais e co ámbito xudicial.

Polo tanto, voulle intentar responder, dentro do espírito que onte dicía, ademais, do primeiro ano e medio de aplicación integral do Pacto de Estado e dos recursos que iso implica, intentando escoitar e intentando mellorar onde sexa necesario, sen darlle máis importancia que a que ten ao que é rectificar e ir mellorando sobre a marcha. Neste sentido, eu quero tomar esta comparecencia e todo o que aporte o Parlamento. Sinceramente, dígolle que eu escoitei aquí algunhas cousas interesantes e outras que creo que non ten tan claras, por iso lle quero dar os datos para que queden meridianamente claras, ou polo menos intentalo.

En canto á primeira, vostede pregúntame, respecto da creación de xulgados de violencia de xénero, se trasladamos os acordos do Parlamento e as inxerencias de Galicia ao Goberno central. Dada a situación, efectivamente, hai dous exclusivos, outros mixtos, e despois repártense entre os diferentes partidos xudiciais —os moitos partidos xudiciais que hai en Galicia— as competencias nos restantes xulgados.

É certo que hai un acordo aquí —vouno ler literalmente—: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno do Estado que se incremente o número de xulgados necesarios en materia de violencia de xénero, de xeito consensuado na Comisión mixta co Tribunal Superior de Xustiza».

Sabe vostede que cada ano... Perdón, non cada ano, porque hai anos que non, nós reclamamos que fora sempre, que se dera todos os anos; houbo anos que non se nos ofreceu dende o Ministerio de Xustiza a posibilidade de crear novas unidades xudiciais en Galicia. Sempre que se nos ofreceu, todas as que se nos ofreceu, dixemos que si. E tamén dixemos que se algunha comunidade autónoma —como así foi— algún ano non estaba disposta a asumir ese gasto, que nós, desde logo, o fariamos sen ningún problema.

Pero sabe vostede tamén que o sistema que nós seguimos é consensuar cos máximos representantes do poder xudicial en Galicia, no seo da Comisión mixta, aqueles órganos que son



máis prioritarios, dentro de que hai moitos prioritarios. Vostede dicía que a xustiza —dicíao tamén o xuíz decano de Santiago e eu estou de acordo— non é unha cuestión de estatística. É unha cuestión de estatística tamén, para intentar dar o mellor servizo e o máis eficiente, pero tamén de máis cousas. Aí reunímonos cos que máis saben deste tema, que son os representantes que están na Comisión Mixta do Tribunal Superior, e intentamos consensuar as necesidades. Dicíao porque en Santiago sabe vostede que este ano se creou un xulgado do social que tamén era moi necesario.

¿Que estamos facendo e que trasladamos nós ao Ministerio de Xustiza? Que claro que fai falta mellorar as unidades xudiciais que se ocupan da violencia machista en Galicia, pero nós o que queremos é dar un paso máis e que esas unidades sexan comarcalizadas. Non entendemos por que a día de hoxe houbo resistencia nos gobernos anteriores, e segue habendo neste, a comarcalizar estes xulgados, que darían unha atención exclusiva ás vítimas e permitirían, dende logo, axilizar todos os trámites que se levan nestes xulgados e que non se teñan que compartir, como está pasando agora, noutras unidades xudiciais con outros asuntos que nada teñen que ver.

Polo tanto, nós é o que dicimos, que se permita a comarcalización. O que eu lle podó asegurar é que, inmediatamente, estou seguro de que os propios representantes do Tribunal Superior na Comisión Mixta poñerían estes órganos como prioritarios. Polo tanto, imos seguir insistindo en que esta comarcalización se permita. Porque o argumento que se deu ata o de agora, se é que nalgún momento se deu, é que isto obrigaría as mulleres a ter que facer desprazamentos xeográficos máis alá do seu lugar de residencia, pero eu creo que ás veces son desprazamentos moi pequenos, vostede mesmo citaba o caso de Santiago para atender toda a súa área de influencia, e cun pequeno desprazamento, serviría para que todos estes asuntos se trataran nun xulgado exclusivo, especializado e, dende logo, moito máis eficaz e moito máis rápido. Isto é o que estamos trasladando, e non entendemos por que a día de hoxe segue sen comarcalizarse.

O novo presidente do Tribunal Superior de Xustiza ten feito manifestacións dicindo que está de acordo con esta comarcalización, que vai facer todo o posible para que vaia adiante, e, dende logo, vai ter todo o apoio da Xunta de Galicia.

Preguntábame, en segundo lugar, polas medidas para mellorar as condicións para a protección das vítimas nas dependencias xudiciais. Dicía que estamos moi mal. Desde logo, hai que mellorar, pero creo que se avanzou bastante, moito nesta última época. Doulle algún dato. Sabe que estamos nun plan de infraestruturas xudiciais para grandes edificios. Eses, por suposto, levan xa as dependencias axeitadas para que non se crucen agresores e vítimas —estou de acordo en que iso é unha circunstancia terrible que hai que evitar—, pero o noso plan de obras menores, do que ás veces non se fala tanto porque se tapa cos grandes investimentos, está tendo iso moi en conta. Neste mesmo ano, á parte de obras nos grandes edificios, nos que se están facendo e nos que se remataron, fixéronse actuacións —xa digo— de separación, para ter instalacións axeitadas co fin de garantir esta separación, nos xulgados de Ordes, Bande, O Barco, Verín, Cambados e Marín. Estamos tamén traballando nunha sala de agarda nos xulgados de Viveiro, que tamén faría esta función. En total foron 14 actuacións este ano. Queremos facer 12 o ano que vén e 12 o seguinte, e así acabar con esta si-



tuación que se está dando agora mesmo en todos os partidos xudiciais, onde agora mesmo se atenden, mentres non haxa esa comarcalización, os asuntos relacionados coa violencia machista. Polo tanto, creo que se está facendo moito.

Vostede dicía que non hai un triste biombo. Non, non, hai obras feitas xa en moitas unidades xudiciais e vnse facer en moitas máis, e, dende logo, pódolle asegurar que, sempre que foi reclamado algún tipo de medida provisional como é un biombo, nunca faltou, e a Xunta de Galicia entregouno inmediatamente. Pero o que hai que facer son estas obras permanentes e, dende logo, é o que estamos facendo. Polo tanto, melloramos bastante. Pódolle asegurar que estamos bastante mellor que noutras comunidades autónomas, e que nun ano e medio, aproximadamente, intentaremos —dous anos como máximo— que estean feitas estas obras en todas as unidades xudiciais de Galicia.

Hai outras medidas, ademais. Hai medidas organizativas. Sabe vostede que simplemente cunha certa organización dos órganos xudiciais estes cruces se poden evitar. Ás veces, simplemente —entendo que non é o ideal— con esta coordinación, mentres non rematen esas obras, moitas veces se evita este tipo de situacións, que estou de acordo que son terribles.

Despois tamén estamos avanzando moito e moi rapidamente no Plan Senda da xustiza. Cada vez se instalan máis sistemas de videoconferencia. Xa están en todos os partidos xudiciais, pero intentamos instalalos en máis unidades xudiciais, e iso vai permitir que moitísimas veces non teña que haber desprazamentos da vítima e, polo tanto, que poida facer a declaración sen ter que ir fisicamente ao órgano xudicial.

Tamén estamos avanzando na Sala [...]. Sabe vostede que isto é unha novidade moi importante, sobre todo estou falando de cando teñen que declarar menores e, especialmente, cando son casos de violencia machista. Témolos xa en Ourense, estámolos montando en Santiago e en Lugo, e, dende logo, os novos edificios de Pontevedra e Vigo tamén a van levar. Creo que isto é unha actuación importante.

Todo isto —teño que dicir— con fondos propios. Dicía onte e volvo manifestar hoxe a nosa non conformidade, e imos seguir reclamando que no Pacto de Estado contra a violencia de xénero se nos permita facer obras para este tipo de instalacións. Non estamos pedindo facer ladrillo por ladrillo, como se nos chegou a dicir. Son obras fundamentais, vostede mesma o recoñece. É o obxecto desta interpelación e non ten ningún sentido que, desde logo na Administración central, non sei quen exactamente, estea dicindo que non ve prioritarios nin necesarios este tipo de investimentos e, polo tanto, non se poden adicar cartos do Pacto de Estado para facer estas infraestruturas.

Preguntábame tamén por outras medidas: as quendas de garda psicolóxica, as oficinas de atención ás vítimas... Intentarei na segunda parte da miña intervención non deixar de responder ningunha das súas preguntas.

A terceira, condicións laborais e formativas do persoal que traballa nos xulgados de violencia contra a muller. Estamos facendo unha especial incidencia na formación especializada do persoal da Administración de Xustiza, sobre todo dos que traballan nestes xulgados; nos es-



pecializados, dende logo, nos mixtos e, en xeral, en todos. Neste ano 2019 a EGAP ofertou 277 prazas para actividades formativas presenciais e 400 para teleformación. Tamén acabamos de asinar un convenio —40.000 euros— cos colexios de avogados e outro cos de procuradores —40.000 euros—, para darlles formación especializada, co fin de relacionarse, no seu desenvolvemento profesional, coas vítimas de violencia machista. Ademais, froito dos acordos que puxeron fin á folga do ano pasado, temos un complemento retributivo que se lles dá exclusivamente aos traballadores dos xulgados que levan asuntos de violencia de xénero. Dende logo, o que lle podó dicir é que, dentro da distribución de recursos xerais, sempre son prioritarias as necesidades materiais e de persoal dos xulgados que atenden a violencia machista. A proba é que temos agora mesmo 16 prolongacións de xornada nestes xulgados, que son aproximadamente 50.000 euros anuais.

Polo tanto, eu creo que se están facendo bastantes cousas. Estou de acordo en que queda moito camiño por percorrer, pero teña por seguro que, dentro da atención á vítima, todo o que ten que ver coa atención dentro do procedemento xudicial, o que dependa da Xunta de Galicia, hai que facelo, estámolo facendo e seguimos facendo máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor Rueda.

Tamén quero agradecerlle a seriedade e o ton na resposta, porque creo que en tres días xa tocaba, xa tocaba.

Hai varias cuestións das que respondeu nas que creo que hai que facer algunhas puntualizacións. En primeiro lugar, agradecerlle que recoñeza os motivos polos cales nós non podemos votar a favor do Pacto de Estado; porque un pacto de Estado sen recursos, en violencia machista, é papel mollado. Está ben que vostede o recoñeza, está ben, porque esa é a realidade, e os traballos profundos nese pacto de Estado é o que evidenciaron. Vostede mesmo está recoñecendo que os xulgados de Galicia, sobre todo os específicos, son vítimas desa falta de orzamentos do Pacto de Estado contra a Violencia Machista.

Vostede di que son críticos co Goberno do Estado. Nós tamén, nas cuestións nas que o temos que ser e nas cuestións prioritarias. Pero non vemos —repito— que insistan nas peticións, máis alá de que non entenda vostede por que non amosa preocupación o Executivo e o Ministerio Fiscal para aportar esta dotación orzamentaria; que o condenen como o déficit dos 700 millóns que nos deben a Galicia. Queríamos a mesma contundencia, sobre todo, cando hai tanto acordo na Comisión mixta, xuíces concretos e órganos que están para dar os debates, para explicar as situacións que temos e a importancia de ter estes xulgados específicos, que en Galicia imos mal.

Vostede sabe, por intervencións anteriores do noso grupo, que nós estamos a favor da comarcalización, co cal, nada que engadir, estamos de acordo. ¡Fíxese, hai cousas nas que podemos estar de acordo!



Nós tamén apostamos pola comarcalización. Iso si, todas as pequenas melloras que puideron existir —como en tantos eidos— non xustifican que as demandas sociais das mulleres que se ven nas rúas cada 8 de marzo, cada 25 de novembro e no día a día non estean sendo cubertas.

En canto ás cousas que se fixeron, efectivamente, voulle citar unhas cantas e tamén lle vou sinalar déficits que son moi graves e que se deben ter en conta, e pídolle unha resposta porque —igual que co do persoal do Imelga, que non respondeu que opina e que van facer con respecto á temporalidade do persoal do Imelga—, precisamente, os servizos psicosociais do Imelga denunciaron en numerosas ocasións certas cuestións como, por exemplo, que só existe unha sala específica de declaracións para menores en Ourense, non especificamente acollida para casos de violencia, pero que se emprega para iso. E deberíamos avanzar nesa multifuncionalidade no resto das cidades e vilas.

A sala específica de menores en Pontevedra —falaba das obras e neste caso hai un edificio novo que se está rematando— sabe que está dotada con xoguetes e recursos educativos achegados polas funcionarias, polas traballadoras, para crear un clima de sosego para o menor, non por parte da Administración; é unha iniciativa persoal das traballadoras que están alí.

En Pontevedra, lamentablemente, nas obras non se consultou cos servizos psicosociais do Imelga para o desempeño desa infraestrutura, co cal iso para nós, para o noso grupo, non está ben feito. Hai que consultar os expertos para que se fagan as cousas o mellor posible en atención ás vítimas. Pero non perdemos a esperanza de que se observe a normativa, señor Rueda, de que se faga.

Ferrol. As queixas sobre as instalacións son xeneralizadas no que á violencia machista se refire, nos lugares de espera —os comúns— para as vítimas, os agresores e as testemuñas —isto sabe vostede perfectamente que é así—. E tal e como denuncian os operadores xurídicos, en cidades onde existan dependencias físicas separadas —que vostede nomeaba— non sempre se cumpren as medidas de seguridade relacionadas coa normativa; por exemplo, a sala de espera das vítimas no Xulgado de Instrución número 3 de Lugo, entre arquivos e expedientes.

Despois, nos xulgados de vilas as queixas son aínda máis xeneralizadas pola insuficiente dotación das infraestruturas, malia que moitas delas foron construídas ou reformadas a mediados dos noventa en adiante e no momento da aprobación da normativa do bloque de seguridade. Pero iso non é excusa nin o exime do seu cumprimento.

Voulle poñer o caso dos biombos. É certo que hai algúns xulgados e salas de instrución, como na Coruña, onde hai biombos; pero, ¿sabe que pasa, señor Rueda? Que se pide un micro e o cable non chega. Pídese un micro inalámbrico e dise que non se pode traer porque non hai cartos para mercar pilas, e ao final tamén as teñen que mercar as funcionarias. ¿Vostede cre que isto é normal? ¿Cre que é normal? E non é un caso, é habitual.

Polo tanto, estas son competencias da Xunta de Galicia; isto non é unha cuestión do Goberno do Estado nin é unha cuestión coa que poida vostede poñerse de perfil. Por iso nós, ano tras ano —e este ano tamén—, incrementamos a petición de recursos para as partidas de loita, prevención e protección da violencia machista e a protección ás súas vítimas. E sabe vostede



que aquí aprobamos cuestións conxuntamente, como cando aprobamos a demanda, como mínimo, de xulgados exclusivos de violencia de xénero...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...—remato— en cinco cidades onde non existen. Tamén se pedía esa exclusividade —repito— cando se excedía o cen por cento da carga de traballo. E con respecto a pedir xuíces de apoio para a violencia de xénero nas salas de Vigo e A Coruña para desatascar, chegouse a acordos, pero fáltalles contundencia, señor Rueda, fáltalles contundencia.

E nas cousas que a vostedes lle corresponden, na protección directa nesas salas xa existentes, aquí en Galicia non están cumprindo as expectativas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e as necesidades das mulleres e das vítimas da violencia machista.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Sinto dicirlllo, pero é así. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Santos, supoño que era moi difícil, ao final, poñernos de acordo e que vostede recoñecera que a situación ten pouco que ver co que había hai non demasiado tempo e mesmo co que hai en moitos outros sitios.

Eu comprendo o seu intento..., pero non poña palabras ou interpretacións na miña boca que eu non dixen. Eu non vin aquí recoñecer que o Pacto de Estado... —nós estamos moi agradecidos, dixémolo sempre—, deseñado por un goberno de Mariano Rajoy e transferidos os cargos por un goberno socialista, con Pedro Sánchez de presidente. Facía falta e estábamos todos de acordo menos vostedes, que non votaron a favor. Púxose en marcha e viñeron moitos recursos, que eran moi necesarios e que antes non existían. Polo tanto, o Goberno da Xunta de Galicia —téño dito cada vez que tiven ocasión— cremos que foi un avance importante, aínda que cremos que hai cousas que mellorar, loxicamente.

Vólvolle dicir que non ten ningún sentido que non deixen facer este tipo de obras tan necesarias; outras cousas tamén, pero hoxe estamos falando das obras nos xulgados para garantir



a maior seguridade e a maior privacidade das vítimas. Din que non absurdamente, din que non sen ningunha explicación, e nós seguimos dicindo que iso non ten moito sentido. Pero non quero dicir, nin moito menos, que sexa un fracaso porque non viñeron cartos —poderían vir moitos máis, estaríamos de acordo—, pero creo que a situación é moi diferente antes do pacto ou agora. Polo tanto, vostede pode ter unha opinión, pero eu teño outra bastante diferente nese sentido; eu e o Goberno da Xunta de Galicia.

E despois, outra cousa. Eu creo que non é bo facer dunha anécdota a regra xeral e dicir que todo é un desastre porque non hai pilas. ¡Oia!, fixéronse uns avances moi importantes tamén en novas tecnoloxías. Non dubido de que o que vostede me conta é un caso concreto, pero non me diga que nada funciona nos xulgados porque non hai cartos nin para pilas. Creo que a xente que traballa aí recoñece que hai moitas cousas que se poden mellorar, pero, en xeral, a mellora é importantísima, e en novas tecnoloxías moitísimo máis. Polo tanto, non creo que sexa unha boa táctica facer dunha situación puntual —non lle quero chamar anécdota— a regra xeral para dicir que nada funciona, porque lle din unha lista, creo que bastante longa, de actuacións que se teñen feito.

Eu podía facer o que están facendo outras comunidades autónomas, onde vostedes gobernan, por certo, en coalición e onde están dicindo que, mentres o Pacto de Estado non permita que se poidan facer obras nos xulgados para separar vítimas de agresores, non van facer nada. Nós o que facemos é reclamar que isto cambie, e mentres, facelas con fondos propios. Polo tanto, creo que é un pouco inxusto que vostede diga que é todo un desastre por este tipo de anécdotas.

O edificio xudicial de Pontevedra está a punto de abrir, Agardamos pola licenza de primeira ocupación, aínda non funciona. Polo tanto, non entendín moi ben iso que vostede me di respecto de se se consultou o Imelga. Por certo, sobre a pregunta do Imelga, todo o persoal do Imelga está na relación de postos de traballo; os psicólogos xa están incorporados na RPT —na relación de postos de traballo—. Pedín o dato cando vostede mo dixo porque me sorprendía moitísimo, non pasa nada, pero vostede non ten o dato ben. Os traballadores sociais, que son dunha incorporación recentísima, tamén están na RPT. É certo que hai dous lugares —que son Ferrol e Lugo— onde non se puideron cubrir de xeito estable porque non había voluntarios nas bolsas de traballo. Pero, ¡vamos!, a temporalidade, unha vez que están na relación de postos de traballo, decae por si mesma. Polo tanto, eu diríalle que actualice ese dato para ter unha visión das cousas como están.

De verdade, señora Santos, que estamos facendo un esforzo moi importante. Témoloo clarísimo, agora que temos eses recursos, por iso nos gustaría que se abriera máis o abano de posibilidades para poder investilos ben dentro do Pacto de Estado. Creo que agora se poden facer cousas importantes, e nós, desde logo, imos seguir facéndoas.

Na quenda de gardas psicolóxicas, 500.000 euros, son precisamente para cando unha vítima vai denunciar e vai ter que pasar todos os traumas que supón o desenvolvemento do procedemento xudicial e mesmo a estadía física nos edificios dos xulgados. Eu son perfectamente consciente de que iso impresiona a todo o mundo, e moito máis a mulleres nesa situación, e creo que é unha cousa moi importante que teñan un profesional de psicoloxía atendéndoas. Son 500.000 euros ao ano o que estamos dedicando iso.



Os traballadores sociais, que as aconsellan e as asesoran sobre todos os recursos que teñen á súa disposición, que van estar nas oficinas de atención ás vítimas, xunto cos psicólogos, que están nas RPT, e cos funcionarios da Administración de Xustiza que paga a Xunta de Galicia e que tamén están nesas oficinas —14 profesionais nas 7 oficinas que existen—, creo que é un esforzo importante. Mellorable, por suposto, pero importante tamén.

E postos a mellorar —para rematar a miña intervención—, e nun ánimo totalmente construtivo, diríalle que, para ser completamente coherente, vostede debería fixarse nas emendas que presentaron aos orzamentos. Na emenda á totalidade, sácanlle 100.000 euros á dirección xeral porque inventan ingresos e transfírenlle outras partidas; 892 millóns de euros a maiores que poñen. ¿Sabem canto dedican á xustiza e, polo tanto, cando dedicarían a estas medidas que me di que é urxente que a Xunta de Galicia tome e que non estamos tomando porque non poñemos os recursos suficientes? ¡Cero!, señora Santos. ¡Cero!

E nas emendas ao articulado —por se nas emendas á totalidade na globalidade se lle foran eses detalles— retíranlle á Dirección Xeral de Xustiza 1,9 millóns, dos cales unha parte importante ten que ver coa calefacción, electricidade e consumo de auga nos propios xulgados; gasto corrente e material, ese material que vostede me reclama, retíranos. Tamén retiran unha parte importante das obras que estamos facendo para modernizar os edificios. E deses cartos que lle retiran á Xustiza, non lle dedican nin un só euro a todo o que me está pedindo, mándanos —é certo— a un Plan galego de memoria histórica e ao fomento do galego na Administración de Xustiza, pero a estas obras para atender as vítimas nos xulgados non dedican nin un euro. Polo tanto, un pouco de coherencia aquí tamén, para que todos acertemos e avancemos, sería moi importante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Interpelación de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señora conselleira.

Permítame antes de nada expresar as nosas sentidas e sinceras condolencias.

Dito isto, e procurando ter neste momento a máxima empatía —palabra que vostede emprega reiteradamente—... A empatía non só se practica, tamén se aprende. Hai países como Dinamarca nos que os nenos e as nenas de 6 a 16 anos teñen unha hora semanal de empatía, e os resultados son espléndidos.



Vostede, señora conselleira, dende o meu punto de vista, lidera a Consellería máis importante de todas as consellerías que pode ter un Goberno. Porque hai unha realidade, e é que, se toda a sociedade pasa por un espazo común, ese espazo é a escola. E a escola ha ser —e este é o tema de hoxe— un espazo inclusivo, porque a exclusión só xera conflitos. Entón, vostede ten un reto, un desafío inmenso. É unha consellería complexa, é unha consellería que exige moitas responsabilidades. Cremos que, se hai algún reto, algún elemento crucial en calquera Goberno, este é o tema da inclusión. É un tema absolutamente prioritario.

A atención á diversidade é complexa, como dixemos, e vostedes supoño que estarán xa estudando o marco de actuación do novo paradigma que marca a Unesco, de acción 2030. ¿Cal é a política?

Vou cambiar un pouco o argumentario porque pasou moito tempo e adíuse esta interpelación, e vouno centrar en seis puntos: un plano político, porque falamos de política educativa; un plano legal, porque estamos nunha cámara lexislativa; un plano de control da comisión, que ten a obriga de informar sobre o cumprimento dos acordos coa ONU; a comparativa con outros países; que din os expertos; e que cambios son necesarios. Reducirei as preguntas a dúas ou tres, porque algunhas xa as foi contestando ao longo das súas comparecencias.

En primeiro lugar, ¿cal é a súa política? Sabemos que vostedes teñen unha política fundamentalmente orientada ao mercantilismo, queren facer negocio con todo. A concertación en Galicia é dun 30 %. ¿E vostedes que din? Que temos a educación máis inclusiva de todo o Estado. E non soamente o di vostede, tamén o di o señor presidente Feijóo. Temos a educación máis inclusiva de todo o Estado, ¿e isto en que se basea?

Nós cremos que utilizar esta frase, este slogan propagandístico, ten unha finalidade sen fundamento real. ¿Por que cuestionamos esta afirmación? Primeiro porque o cumprimento da lei non é unha opción, é unha obriga. Segundo, ¿que métodos empíricos de investigación empregaron para facer tal afirmación? ¿Os seus argumentos son —como dicía o seu predecesor— o informe Pisa do ano 2015? Está en cuestionamento. O seu argumento é que o 90 % do alumnado está escolarizado en centros ordinarios. Mire, a mera asignación de alumnos en centros ordinarios non garante a inclusión. O que garante a inclusión é a auténtica participación deses nenos e nenas, en igualdade de condicións cos nenos e nenas sen discapacidade, en todos os aspectos do sistema escolar.

Isto non acontece na nosa comunidade. E menos se deixan baleiros de significado e eliminan medios, como reclaman as familias de moitísimos centros de Galicia. Ademais, tampouco cumpren as reivindicacións que todos os sindicatos unanimemente solicitan. Teña empatía, fale cos sindicatos, fale cos representantes, fale coas familias, por favor. Porque pedir 18 horas lectivas en secundaria e 21 horas en primaria non é un capricho, tamén ten relación directa coa atención á diversidade. Necesítase tempo, e os departamentos de orientación necesitan que os equipos funcionen. E os equipos están deseñados para que haxa persoas de áreas científicas, da área de formación e orientación, tamén das áreas lingüísticas, pero non están funcionando realmente así. Se temos o maior nivel de inclusión de todo o Estado, unha de dúas: ou moi mal están as outras comunidades, ou non encaixa coas demandas.



Con respecto a isto, señora conselleira, vostede sabe mellor que ninguén nesta Cámara, pero debemos sabelo todas, que a inclusión non é unha opción política, é unha obriga política e legal. ¿Por que digo isto? Porque temos un marco. O primeiro rango das leis é a Constitución, ¿verdade? Pois o segundo a nivel de ensino, no que respecta á diversidade, márcao a convención da ONU, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. No rango legal, é de obrigado cumprimento, tanto polo Estado como polas comunidades autónomas. Temos esa obriga; non é unha opción, é unha obriga, sabémolo moi ben.

E son dereitos. Por iso nós dicimos que temos un decreto —moi ben— e temos protocolos —non tan ben, pero ese é tema doutra interpelación—. Con respecto á lei, a este marco legal, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, ten nove artigos, e o primeiro xa hai que mudalo, está obsoleto. ¿Por que? Porque aí se recolle que a inclusividade e a equidade son principios. ¿E que di a lei de segundo rango xerárquico? Que non son principios, señoras e señores, son dereitos. E se falamos de dereitos, isto é moi serio e vincula, é vencellante.

Aínda que esta convención está asinada dende o ano 2008, levamos once anos e hai moitísimo que facer. Entón, por favor, non sexan tan triunfalistas, non se gaben tanto de algo que teñen que facer, que é cumprir a inclusión, e actúen e modifiquen os artigos necesarios, porque aínda que está subscrita e vixente, aínda que forma parte da nosa lexislación, hai que reconverter paseniñamente os centros, por exemplo, de educación especial. Paseniñamente, non da noite para a mañá, pero levamos once anos e isto non muda.

Con respecto ao comité que estuda o cumprimento das persoas con discapacidade, fixo un informe durísimo, terrorífico. A nivel xeral, España é un dos países que suspende estrepitosamente, por iso, que Galicia sexa a mellor do resto das comunidades ten un valor moi relativo. Están falando dende este comité, e este comité ten unha repercusión moi seria, non é baladí. Fala de modelo clínico, e por certo, o último protocolo de altas capacidades vai por ese modelo clínico, señora conselleira, e isto vai en contra das directrices da ONU. Fala de enfoque e fallo de cumprimento dos dereitos humanos. Fala de graves violacións, de sistemáticas violacións, do dereito á inclusión. Non invento nada, soamente hai que ler os documentos e desentrañar as leis. Fala de progreso limitado, fala de carencia de capacitación e formación. En comparativa con outros países, hai que dicir que ata Italia foi pioneira, Inglaterra, Bélxica, Suecia, Dinamarca. Eu puiden comprobar en dúas ocasións como funciona o sistema danés. Dinamarca, que ten 5 millóns de habitantes —que podería ser algo moi análogo a Galicia—, ten un sistema no que excepcionalisimamente os nenos con necesidades especiais de atención educativa —excepcionalisimamente— están segregados, están todos incluídos, ata nos Estados Unidos. Hai moitos datos de comparativa internacional: non se debe aparcar a ninguén.

Nós dicimos que hai tamén análises e valoracións. Recomendolle que lea o informe de Marta Medina, que fala dos centros, das estruturas de xestión, do profesorado e das medidas de atención. É revelador e luminoso. Nós dicimos que hai que facer cambios necesarios. Enumero seis moi rapidamente e deixo as preguntas para que dea as respostas que queira, e despois seguimos falando.

Axuste razoable. Observatorio galego. Temos transferidas as competencias. Mudar o decreto para axustalo ás consideracións da ONU. Realizar o proceso de transformación. Avanzar realmente, non ser tan triunfalistas e buscar a mellora. Avanzar cara á inclusión. Eliminar...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...—xa remato— as diferenzas territoriais e incluír, por suposto, as familias e o alumnado na toma de decisións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Grazas, señora Cuña, polas súas condolencias. Ese foi o motivo do aprazamento desta interpelación.

Tamén teño que agradecerlle que considere a Consellería de Educación como unha das máis importantes, porque considera a inclusión como unha liña estratéxica non só da Consellería, senón do Goberno galego. Estou totalmente de acordo en que a inclusión non é unha opción política.

Poderíamos falar moito de empatía. Hai empatía práctica, empatía aprendida, empatía in-nata, empatía social, empatía cultural e incluso empatía idiosincrásica. Probablemente, nos países nórdicos desa teñen pouca. En calquera caso, como coñecedora da psicoloxía infantil e educativa, non son nada partidaria de programas *ad hoc* para ensinar cousas tan importantes como a empatía.

Imos ao que nos ocupa. Como vostede tamén dicía, para dar resposta á interpelación vou soar un pouco repetitiva, xa que moitas, ou case todas as súas preguntas, quedaron xa reflectidas e explicadas cando falei de atención á diversidade e de inclusión na comparecencia de inicio de curso e tamén na de orzamentos.

En calquera caso, con gusto, porque ademais estou de acordo con vostede en que a inclusión non é unha opción política, tratarei de reforzar algunhas ideas respecto do compromiso da Consellería de Educación coa atención á diversidade e á inclusión no ensino galego. É, polo tanto, un compromiso cunha acáida atención do conxunto do alumnado, e en concreto daquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Da súa exposición de motivos e da súa intervención, está claro, queda en evidencia, que para vostedes a atención á diversidade e a inclusión só é posible con máis recursos, tanto humanos como materiais, ou máis horas. Non importa a eficacia deses recursos, non importa o modelo, non importa a organización, a adaptación á situación cambiante no sistema. Evidentemente, a súa posición é lexítima, pero coido que a realidade é moito máis complexa.

Os recursos son necesarios e fundamentais, pero non poden ser a única ferramenta, porque fai falla un modelo que tamén teña en conta a adaptación constante da normativa, as inno-



vacións pedagóxicas e metodolóxicas, e a formación do conxunto do profesorado e tamén das familias. E por máis que repitan unha e outra vez o contrario, a realidade é que Galicia conta cun modelo para abordar a atención á diversidade no conxunto do alumnado galego que inclúe unha normativa, tanto estatal —á que vostede aludía— como autonómica, que eu creo que vai máis alá do que vostede mencionou; unha normativa que ademais —como xa manifestei— estamos a actualizar.

Recursos, tanto materiais como humanos, que nos últimos anos presentan crecemento, pese ao que vostedes din dos recortes. Ademais, Galicia conta cunha das mellores redes de orientación educativa que si funciona, garantindo que todos os centros educativos —con independencia da súa tipoloxía— contén con este servizo, xa sexa con carácter interno ou con carácter externo. Estou a referirme aos equipos de orientación específica.

Ademais de normativas e recursos, innovación, a través do deseño de instrumentos como os protocolos educativos —eses protocolos que tanto lles preocupan—, e o premio das boas prácticas inclusivas.

E por último, a formación. Formación en atención á diversidade, para propiciar unha resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado, a través das accións recollidas no plan anual de formación do profesorado, que é unha das liñas de traballo dos proxectos de formación en centros.

Este enfoque contribúe a que o ensino galego —sinto que lles custe tanto admitilo— sexa o máis inclusivo de España. E non o di o presidente Feijóo nin o digo eu, nin o di a Consellería, reflícteno os datos.

Segundo a última estatística do Ministerio, Galicia é a comunidade autónoma que ten a maior porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais, e isto non é un dato cualitativo, que tamén, senón que se fala de que o 92,7 % do alumnado con necesidades educativas especiais está integrado. Eu mesma acabo de chegar agora dun centro educativo de ensino secundario no que había alumnos na aula, con necesidades educativas especiais de todo tipo, absolutamente integrados.

Efectivamente, isto non quere dicir que estea todo resolto, non quere dicir iso. Sempre pode aparecer algún caso novo, algunha casuística diferente de alumnos e de alumnas de distintas dificultades, de distintas patoloxías, que precisan atención.

A realidade é que cando ese caso está detectado, con criterios psicopedagóxicos e non clínicos, aínda que moitas veces ten que haber un diagnóstico clínico en determinado tipo de trastornos —estamos a falar sempre de avaliación psicopedagóxica—, a Consellería actúa e presta atención. Vostede quere saber se está garantida unha adecuada e unha equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nos centros sostidos con fondos públicos. Insisto, con fondos públicos. Estamos a falar do 70 % de centros públicos. Vostede falaba do 30 %, pero hai que falar do 70 % de centros absolutamente públicos en Galicia, e, ademais, dun ensino público de calidade e de excelencia.



A resposta a esta cuestión é coñecida, clara e evidente, agás que interesadamente se prefira negar a realidade confundindo o todo pola parte, que na lóxica clásica non era demasiado recomendable. É dicir, a realidade do sistema con casos puntuais antes de ser atendidos. Está garantida porque así o establece a normativa que debe cumprir a Administración educativa —e estou de acordo, é algo lexítimo, non é unha opción política—, tanto na Lei orgánica de educación como no Decreto 229/2011, polo que se regula esa atención á diversidade, que é xustamente ese decreto. E, insisto —xa o dixen nesta Cámara—, estamos a proceder á súa actualización, porque está claro que co paso do tempo hai cousas que hai que actualizar.

Este decreto galego foi, sen dúbida, unha normativa modélica porque significou implicar a todos no desenvolvemento das potencialidades de cada estudante e tamén na promoción dunha escola inclusiva, e serviu para proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado a través de medidas ordinarias e de medidas extraordinarias. Insisto no das medidas ordinarias, porque creo que é moi importante falar de medidas ordinarias.

O procedemento de escolarización do alumnado realízase segundo o establecido pola normativa correspondente, partindo sempre dunha valoración inicial por parte dos equipos especialistas e tendo en conta os resultados da mesma para axustar a resposta educativa e de escolarización ás necesidades que presenta ese alumnado. Pero con frecuencia xorden opinións e interpretacións que desacreditan ese procedemento regulado pola normativa vixente. Non é algo que responda á opinión que sobre un caso poida ter unha familia ou un grupo, hai que respectar o traballo dos especialistas —creo que é moi respectable—, que estudan con perspectiva e con rigor cada situación; hai que seguir unha normativa e hai que respectar as valoracións técnicas.

Existen diferentes modalidades de escolarización posibles: en centros ordinarios, en centros de educación especial e a escolarización combinada, que está a dar moi bos resultados. Determinase ou priorízase unha ou outra na procura dun ensino de calidade e do desenvolvemento persoal e social do alumnado, tendo en conta moitos criterios. Primeiro, os principios de normalización, inclusión e equidade. Segundo, as circunstancias persoais de cada alumno ou alumna; recursos que se precisan e os que existen nos centros; informes psicopedagóxicos e ditames dos servizos de orientación; e a flexibilidade e reversibilidade. Polo tanto, está claro que hai unha serie de criterios que están facendo con seriedade que o ensino de calidade e o desenvolvemento do alumnado con necesidades educativas especiais sexa un feito.

Tamén quero resaltar os programas formativos de formación profesional básicos para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, porque lles permiten dar continuidade a esa traxectoria académica ou profesional nos centros.

E chegamos a outro asunto que poñía vostede enriba do estrado e que lles interesa moito, que é o tema dos protocolos: a existencia de protocolos para atención á diversidade, a mellora da convivencia e a prevención do abandono escolar. Son moitos e non temos tempo para citalos todos; son moitos e engadiremos máis.

Quero poñer en valor eses protocolos educativos que están á disposición das comunidades educativas. Estes documentos non poden entenderse como plans que establecen programas



de actuación a desenvolver cun carácter temporal, senón que deben entenderse como un conxunto de normas e pautas para orientar e servir de guía na intervención. Insisto, non é certo que todo estea feito, poden aparecer circunstancias puntuais e circunstancias particulares, pero a Administración debe asumir esa dobre tarefa, por unha banda, de actuar de xeito global e cun modelo de atención á diversidade e á inclusión educativa; e, por outra banda, de resolver eses casos individuais no momento en que van aparecendo.

Polo tanto, a Administración educativa está en permanente contacto cos centros de ensino. A Consellería dotou o sistema educativo de máis profesionais de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, superando as cantidades mínimas recollidas no Acordo do catálogo persoal asinado en 2007 entre o Bipartito e os sindicatos, e nós non consideramos que haxa recortes. Está claro que o labor do control ao Goberno é necesario, pero quizais deberían reflexionar sobre se fronte á crítica en serie e á pretensión de desgaste á acción política, a maioría dos cidadáns prefiren, quizais, máis rigor e máis traballo en positivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Rigor é o que pedimos, e estudos empíricos tamén.

Señora conselleira, ¡claro que temos normas!, ¡claro que é unha cuestión de política! ¡Que digamos que é de obrigado cumprimento unha lei non quere dicir que non haxa modelos políticos! O noso modelo é ben diferente ao seu, simplemente moi, moi diferente. E cando dicimos que o seu modelo é mercantilista... Bueno, traerei outra interpelación que lle afecta directamente, porque o modelo que se expresa no protocolo de altas capacidades —no que vostede é experta— é o modelo Renzulli. Díganos que relación ten vostede, por exemplo, co señor Renzulli, sen ir máis lonxe, para que teñamos as cousas claras.

Vostede fala de normas. A primeira norma é a Constitución; a segunda norma, os tratados internacionais; despois estaría a norma estatal e despois o Decreto 229/2011. Fíxese, o tratado internacional é do ano 2008; o noso decreto é do ano 2011 e xa está obsoleto. Está moi ben que nos diga que están querendo actualizar, hai unha raioliña de esperanza aí. Independentemente do que dicía Galeano, de que ás veces a esperanza escorra polo peto abaixo depende da hora do día, esta é unha hora moi crucial, e eu non estou falando só de teoría, estou falando de práctica.

Hai dezasete anos, a primeira alumna hipoacúsica, xorda, de Ourense en facer bacharelato non tiña ningún recurso. Foi a súa nai —unha nai coraxe— quen nos trouxo unha maletíña con indicacións, porque nos centros non sabiamos ben aínda como atender esas necesidades. Si había estudos teóricos, pero había falta de práctica. Falamos da primeira nena; aínda non estaba a lingua de signos considerada debidamente.

Mire, señora conselleira, non sempre é doado criar e educar a nenos e nenas non verbais e saber como axudalos. O que pasa é que a diferenza do noso decreto, que reconece o principio,



a recoñecelo como dereito... Non me fale de educación combinada e de bos resultados. En Portugal, este país veciño fraternal, teñen o 1 % de alumnos con necesidades especiais; non só con necesidades educativas, senón con necesidades especiais, que tamén atinxe a nenos con TEA, a nenos con síndrome de Down e a nenos con parálise cerebral. Estes nenos teñen dereito, ¡dereito!, a estar en aulas ordinarias, absoluto dereito, e eses son os pasos que temos que dar.

Unha cousa é que teñamos distinto modelo político. Reivindicamos un modelo non mercantilista, e o ensino público é gratuíto en todas as súas dimensións. E outra cousa é que vos tedes teñen un modelo de fagamos negocio con todo, coa sanidade, coa educación, co que sexa. Nada que ver. Pero os dereitos internacionais obrigan, a iso nos referiamos.

Despois, vostede acaba de dicir que hai equipos de orientación en todos os centros: é mentira. ¡É mentira! Os colexios que teñen seis e oito unidades non teñen departamentos de orientación —vostede sábeo—, teñen como moito departamentos compartidos en centros. Os que non chegan a seis unidades figuran adscritos. A Universidade Laboral de Ourense ten adscrito Seixalbo e ten adscrito Mariñamansa, por poñer un exemplo.

En canto ao equipo de orientación específico, señora conselleira, hai un especialista por provincia, e o especialista de sensoriais de Ourense —¡que casualidade!— é unha vacante, unha praza sen cubrir. Os nenos e nenas que nos preocupan especialmente, os máis vulnerables, son os que teñen trastorno xeneralizado de desenvolvemento, e son os que máis hai que atender, sobre todo os nenos e nenas con problemas de integración psicosocial. Non temos que pretender que eles se adapten a nós, temos que nós adaptarnos a eles porque teñen dereito; e porque se nós imos ao seu mundo, no canto de forzalos a entrar no noso, avanzaremos nunha sociedade inclusiva, porque no ensino é onde se forxa a inclusividade social do futuro. E está sen cubrir o persoal.

E despois, en relación cos alumnos, se falamos soamente de TEA, e falamos, por exemplo, da provincia da Coruña, vostede dime: había máis que no Bipartito. Mire, ¡eu estou farta das referencias ao Bipartito! Falemos do hoxe, do presente e do futuro, porque hoxe hai setenta nenos, que naceron este ano, de trastorno xeneralizado. Entón, se hai máis nenos onde antes... Eu levo corenta anos no ensino, señoras e señores, non falo de teoría só, falo dunha práctica real e con coñecemento de causa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: E tivemos a unha alumna Asperger que cuestionaba a maldade do parricida de Burgos porque coincidiron no mesmo centro. Todo o traballo de equipo que había que facer para sensibilizar e para non ser xuíces, para crear inclusividade, para entender, respectar, tolerar e incluír é moi grande, e non se pode centrar só no voluntarismo do profesorado. O profesorado ten dereito a ter unha formación permanente e actualizada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bueno, seguirei no...



O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da interpelación, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Señora Cuña, eu veño a esta Cámara como conselleira de Educación, a miña traxectoria laboral anterior está temporalmente en excedencia. A Consellería acode a expertos galegos, a expertos nacionais e a expertos internacionais para asesorarse en todos os temas que atinxen á educación galega, e normalmente faino coa seriedade que ten o seu percorrido en investigación e o seu percorrido académico.

E por máis que repitan unha e outra vez o contrario, a realidade é que Galicia conta cun modelo para abordar a atención á diversidade. Vostedes queren dicir que non hai modelo, pero si o hai. Un modelo que aborda esa atención á diversidade e que inclúe normativa —volvemos aos mesmos puntos—, tanto estatal como autonómica. Non o estamos a mirar, estamos facendo esa actualización. Non é unha especie de previsión a medio prazo, é algo que está ocorrendo neste presente. E tamén recursos, tanto materiais como humanos; innovación, a través dese deseño de instrumentos; formación en atención á diversidade, para propiciar unha resposta educativa ás necesidades do alumnado recollidas nese Plan de formación do profesorado; e ademais unha das liñas de traballo dos proxectos de formación en centros.

E non é un tema menor —vostedeolveuno citar— a existencia e o funcionamento da rede de orientación educativa, porque garante que todos os centros educativos contan con este servizo. Todos contan con este servizo, independentemente de que haxa orientadores compartidos, pero todos os centros contan con este servizo.

Este enfoque global contribúe a que o ensino galego sexa o máis inclusivo de España, e —repito— non o digo eu nin o di o presidente da Xunta. Pero estamos ante un asunto complexo que require moita sensibilidade á hora de afrontalo, son consciente. Temos un camiño percorrido, seguimos comprometidos e afrontamos novos obxectivos e novos retos. Somos conscientes de que Galicia, mantendo e potenciando o que funciona, debe actualizar o seu modelo educativo universitario para os cidadáns do século XXI. Por iso quero lembrar que neste curso renovaremos a aposta pola atención á diversidade e pola escola inclusiva, e activaremos —falaba vostede do 2030— esa Estratexia de inclusión, Eduinclusión 2025, coa actualización —volvo insistir— da normativa referida á atención á diversidade, favorecendo tamén a escolarización do alumnado de necesidades específicas de apoio educativo en centros ordinarios. Por suposto que é un dereito, e ademais é unha liberdade das familias facelo así. E impulsaremos a especialización dos centros de educación especial na súa faceta como centros de atención ás necesidades educativas especiais e como centros de recursos educativos. Elaboraremos un plan de choque formativo —estámolo a facer xa para as persoas especialistas na atención á diversidade, as primeiras actuacións, as primeiras sesións, xa están



rematadas — dirixido especialmente ao colectivo de cuidadores. Pretendemos con iso especialización académica e profesional dos axentes que interveñen na atención á diversidade. Pretendemos crear redes de axuda entre os mesmos, compartir coñecemento e boas prácticas e construír entre todos e todas un modelo de atención á diversidade, coa implicación e colaboración entre Consellería, centros, asociacións e familias para reforzar a cultura inclusiva e mellorar a atención á diversidade no ensino galego; e, ademais, esa convocatoria anual do premio ás boas prácticas educativas, que visibiliza e reconece as experiencias máis potentes na creación da cultura da inclusión nos centros educativos e o fomento da participación da comunidade educativa.

En definitiva, propiciaremos que o alumnado que teña algún tipo de necesidades educativas especiais, necesidades tamén de apoio, se inicie en todo o que os demais teñen ao seu alcance. Cremos que xa hai un camiño percorrido. Unha das últimas iniciativas é que tamén se inicien nalgún deporte ou actividade deportiva e que poidan participar nas diferentes competicións deportivas, para o que formaremos o profesorado responsable de educación física que asiste.

Non temos ningún tipo de interese oculto mercantilista, pódollo asegurar. E a nosa colaboración coas entidades e coas asociacións, fundamentalmente de familias que teñen fillos e fillas con algún tipo de dificultade ou con algún tipo de necesidade especial, é unha colaboración limpa, unha colaboración constante e ademais unha colaboración creo que cada vez máis frecuente. Xa mantivemos dúas xuntanzas coas entidades e coas asociacións, e creo que ademais o están a agradecer dunha maneira moi explícita.

Así que nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as catro e media.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi boa tardes.

Se lles parece, continuamos a sesión coa última das interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa extracción de berecho nas rías de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.



Boa tarde.

Boa tarde, señora conselleira. Nesta acumulación de plenos sucesivos que vimos tendo creo que imos cambiar un pouco o terzo das temáticas que se levan tratando. Plantexamos hoxe unha cuestión de interese —que ten que ver cunha análise máis global, aínda que partindo da situación actual— e que ten que ver cunha cuestión na que nós creo que podemos coincidir nalgunha valoración e probablemente discrepar nalgunha outra sobre unha cuestión de planificación. Nós hoxe queremos falar concretamente da produción do berberecho e a partir dunha cuestión que é obvia, e é que hoxe vai ben. Sempre pode ir mellor, pero vai ben. Isto é de interese para nós porque nos permite facer unha análise sen que intentemos —e seguramente conseguiremos— que sexa unha cuestión de ir ao regate curto e á cuestión menor. Xa llo adianto, e sabe que eu tamén son partidario de facer ese xogo do regate curto ás veces, pero intentarei facer unha valoración un pouco máis global.

E dicimos que hoxe vai ben porque os datos —aínda que faltan os de final deste ano— apuntan a un bo número, aparentemente non igual ao mellor dato dos últimos dez anos pero si dentro dos mellores, ¿non? En todo caso, hai unha cuestión que nós quixeríamos avaliar, que é esa variabilidade e esa diversidade de datos que se veñen ofrecendo nos últimos dez anos. Utilizamos dez anos, e basicamente non é por nada máis que por establecer unha década, que é un período razoable. Pero obviamente falaremos, concretamente, dende a entrada no 2012 do problema da *Marteilia*, que afecta probablemente á maior parte do dato, se non é a todo practicamente, e condiciona todo o proceso extractivo nestes últimos tempos.

Dende o noso punto de vista, hai agora evidentemente unha situación boa, pero cremos que existiu en certa maneira unha actuación certamente errática da Consellería. E apuntamos por que o dicimos: dende 2012, basicamente a finais do 2012, que foi cando naceu o problema na ría de Arousa —nos lombos do Ulla, focalizadamente—, estendeuse a outras zonas, máis ben cara ao sur, e naceu un problema de volume de extracción e o problema de que non se sabe realmente o que pasa con ese produto, que a afectación da *Marteilia* empeza a provocar unha perda considerable da capacidade extractiva. O sector que depende deste produto, ou deste conxunto de produtos, pero en particular do berberecho, vese afectado por dúas cuestións: unha, porque non ten produto que extraer e vender; e, dúas, porque non existe unha capacidade de previsión sobre o que pasa.

Nós, sobre todo, imos a isto, para plantexarlle o que nós consideramos que non se fixo correctamente dende o noso punto de vista. Xa temos algo debatido na Comisión de Pesca e coñecementos de que a Consellería defende a súa actuación, non podería ser doutra maneira. Pero temos algunha discrepancia, e sobre todo na perspectiva do que vai pasar. Ese é o noso plantexamento: ¿que sabemos do que vai pasar?, ou ¿que podemos prever para dotar o sector de algo no que seguro que coincidiremos, que é a capacidade de planificar dentro da inestabilidade natural que este medio e que ese sector ten? Porque dentro de toda a inestabilidade que pode ter, si podemos facilitarlles, na media do posible, esa previsibilidade.

Como dicíamos, os datos foron certamente erráticos. E nalgunha ocasión temos debatido na Comisión sobre cal era a situación. Dende o noso punto de vista, a negación e a falta de autocrítica foi grande. Existe unha certa potencia investigadora, bastante interesante e bastante



boa, en Galicia, pero á que non se atendeu por completo, senón que moitas veces se usaron unicamente as argumentacións que defendían que a Consellería non era culpable. A Consellería non é culpable da chegada da *Marteilia*. Xa sabemos que, se nós a acusamos diso, acabaremos asumindo que a culpa é de Pedro Sánchez tamén. Pero non estamos niso, non é culpa da Xunta que aparecera. O noso plantexamento é que, unha vez que aparece, a actuación foi certamente errática porque non houbo unha capacidade de ofrecer unha explicación real do porqué. É probable que non sexa posible facelo en termos globais, porque —vostede coñeceo mellor ca min— é un campo de traballo no que ás veces a explicación ao cen por cento non é posible, e menos neste caso, do que ademais vostede, particularmente, é moi coñecedora.

Pero, en todo caso, nós si cremos que o sector —e así nolo veñen trasladando estes anos— non tivo unha resposta directa, nin foron quen de obter unha planificación a longo prazo. Probablemente o que obtiveron foi, como nos pasou a nós, unha negativa a compartir informes, a compartir información global. E incluso tivemos algunhas situacións nas que, se se aumentaba o prezo do recollido ou o volume global do prezo obtido polo berberecho en Galicia ao longo dun ano, se celebraba. Se aumentaban os quilos extraídos, celebrábase. Pero, por unha cuestión de mercado, moitas veces que aumente o prezo quere dicir que diminúen os quilos, ou viceversa, en termos naturais. Curiosamente neste caso nin sequera tivo que ser así, porque entran outros aspectos que inflúen, como a calidade do produto, o que pode ser derivado incluso do lugar onde se recolla —porque dependendo de onde se recolle tamén vai ter máis calidade ou menos calidade—, ou tamén que o produto vai ser distinto en función de quen é o destinatario final.

Polo tanto, reducir toda a asunción de críticas a que nun momento dado, un ano dado, hai máis cartos ingresados ou máis quilos recollidos evidencia para nós unha falta de autocrítica —polo menos en público— da situación. Nós asumimos que iso entra ás veces dentro do debate parlamentario, pero en realidade é o traslado final de que o sector pois non tivo esa repercusión que debería ter. E polo tanto atopouse un pouco desesperanzado e desprotexido ante unha situación que se vai acumulando a outros problemas que temos debatido noutras ocasións, como a baixada de permisos de extracción nos últimos anos. Agora estamos por debaixo dos 4.000, cando este Goberno recibiu unha situación, en números redondos, con 6.500 permisos de extracción en Galicia e prometendo superar os 8.000. Recibiron 6.500, prometeron superar os 8.000 e estamos por debaixo dos 4.000. Coñezo tamén a argumentación, é evidente. Xa sei por onde imos discutir neste punto, pero estes son os datos fríos. Pero, pechando esta paréntese, a realidade é que, con esa imprevisibilidade e esa variabilidade de actuacións, non lle ofreceron ao sector un plano estable para traballar. E nós cremos que iso é importante.

Polo tanto, unha vez pasado ese debate, nós non compartimos que existira unha gran previsibilidade —e a Consellería asume que si, lexitimamente, dentro do seu punto de vista—. E vemos que os datos foron erráticos, porque, se un atopa os datos, ve que ese punto máis baixo foi 2014. Creo lembrar que os datos de recollida tiveron unha alza no 2016 pero baixaron no 2017 e volveron subir no 2018. E nesa ausencia de previsibilidade e nesa incapacidade de planificar a longo prazo pois ofreceron solucións diversas: primeiro, digamos, apañar todo o que se podía antes de que entrara máis problema; logo deixar para que se acu-



mulara e ver se así se recuperaba; logo non saber o que facer. E a xente, que vive moitas veces ao día, pois ten que ter unha capacidade de previsibilidade, que é o que lle debe de aportar a Administración autonómica.

En definitiva, esa alteración e esa falta de previsibilidade leva a unha dificultade para planificar, para planificar os investimentos, incluso para facer unha pequena planificación persoal ou colectiva dalgunhas confrarías a medio e longo prazo.

Nós plantexamos, unha vez pasado ese debate e aproveitando —insisto— que agora a situación parece boa, as nosas dúbidas, as nosas preguntas, sobre a previsión que teñen, sobre se a previsión da Consellería é que a continuidade vai ser en positivo, coas naturais variacións que poden existir pero en positivo, se non o vai ser e polo tanto debe de alertarse o sector de que a situación pode non ir a ben, e de que pode ter que existir un período aínda de precaución extrema, ou se sinxelamente podemos seguir debatendo de como vai a cousa en cada momento e un día presumir dunha cousa e outro doutra pero sen dar ningunha resposta porque en realidade non se sabe o que vai pasar —que é o que nós percibimos que existe agora pero que sería a situación máis problemática—.

Nós confiamos na capacidade dos investigadores que a Consellería ten e dos centros de investigación cos que traballan, das universidades, especialmente as galegas, coas que se traballa. Pero cremos que é importante compartir certa parte da información e ser capaces de dar unha estabilidade ao sector na previsión do que teñen que facer. Polo tanto, aproveitando o momento no que vai ben —tamén para intentar que non se nos poida acusar de ir ao detalle das cousas que van mal—, preguntámonos que vai pasar no futuro e que previsión teñen sobre en que camiño se debe de ir, ou en que situación imos estar non ao final deste ano que estamos xa rematando senón o ano que vén, e en todo o medio e longo prazo que sexa posible.

Por agora máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, como vostede ben di, coincidimos ao dicir que aventurar cal vai ser o comportamento dunha especie no medio mariño é, cando menos, complicado. Facer previsións a medio e longo prazo neste aspecto pode ser aventurado, pero facelo incluso a curto prazo tamén o pode ser. Por iso, permítame que sinale a nosa aversión a facer conxecturas que poden ser estragadas por múltiples factores.

Nesta situación da evolución das extraccións de berberecho podemos buscar unha cifra potencial das capturas que se poderían facer ao abeiro dos diferentes plans e do número de



persoas que neles faenan. Pero indo máis alá poderíamos caer nun erro por múltiples causas. Entre esas causas están moitas das variables ás que afecta a extracción do berberecho, que podemos resumir en catro grandes cuestións.

A primeira está marcada polas chuvias e a chegada da auga doce aos bancos marisqueiros, o que afecta de forma sensible ao nivel de salinidade das augas onde se atopa o berberecho, e consecuentemente ao seu crecemento e viabilidade.

A segunda, inserida nas correntes e réxime de ventos, que afectan de forma directa os afloramentos e que levan a marcar, por eles, tres factores fundamentais nesta cuestión, como poden ser a achega de alimento, a presenza de toxinas que obrigan a decretar peches, ou a elevación ou diminución da temperatura das augas.

A terceira pode estar marcada pola presenza de depredadores ou patoloxías, que, se ben poden non ser mortais, poden acrecentar a súa influencia por outros factores que afectan esta especie, que é unha das potencialmente máis afectadas.

E a cuarta, e por iso non menos importante, é que está delimitada no volume de extracción realizado anteriormente e que pode afectar o recrutamento das novas cohortes de berberecho e definir de forma directa os reprodutores existentes para o seguinte ano.

Con todo isto, permítame que sexa cauta e, polo tanto, non faga prospeccións de futuro, mais si me ha de afectar, como vostede explicaba na súa intervención, que podemos ver como foi neste ano e consecuentemente ver como vai ir, posiblemente, cara a finais do ano.

No período que vai de xaneiro a outubro do ano 2019 lévanse descargado nas lonxas galegas máis de 2.250 toneladas de berberecho, cifra que ofrece un rendemento económico no entorno dos 15 millóns de euros. Estamos, polo tanto, nun 33 % por riba do ano pasado para estas mesmas datas, e superamos nun 44 % a media, como vostede dicía, da última década.

Do mesmo xeito, sobordamos nun 34 % a cifra de facturación do pasado exercicio por estas datas, mentres que esta cifra acadou un ascenso do 78 % respecto da media de facturación dos últimos dez anos nos mesmos períodos de xaneiro a outubro. Tanto é así que, con estas cifras e á falta de consolidar e sumar os datos de novembro e de decembro, case acadamos os datos do ano 2018 completo, nos que se sumaron 2.482 toneladas de produto extraído, e case 15,5 millóns de euros en facturación. É dicir, estamos nestes momentos á altura do que foi todo o ano pasado.

Estes datos parece que aportan un novo sostemento á xeral consideración de recuperación desta especie en moitas zonas, cuestión que é de público coñecemento e que se percibe non só nestas cifras. Con todo, non quero ocultar que esta especie atravesou unha liña negativa nos últimos anos, cunha afectación xeral que nos levou mesmo a contar con cifras que non acadaron nin o 50 % da produción deste ano. Entre os factores que os científicos dan para esta situación, atópanse varios, entre os que se sinala a forte presenza de choivas nalgúns anos, a aparición da marteilose, que minorou a resistencia a episodios de baixa salinidade, ou tamén as altas cantidades extraídas en anos precedentes.



Por todo isto, tampouco quero facer aquí triunfalismos cunha cifra deste ano, que, se ben son boas, teñen que consolidarse e reforzarse, para o que deberemos traballar nunha liña de múltiples medidas para atender unha afectación tamén de múltiples factores. E para iso estamos traballando en cuestións, como ben coñece, como no que ten que ver coa rexeneración de zonas improdutivas. Máis de 13 millóns de metros cadrados xa foron recuperados para o marisqueo grazas aos 9 millóns de euros investidos en 255 proxectos que foron desenvolvidos polas propias confrarías. No segundo aspecto, traballamos na racionalización da explotación desta especie, como en case todas. Tamén traballamos na busca de avances no control e predición de mareas vermellas e na presenza de toxinas en xeral, na que o Proxecto Alertox-Net vén traballando nos últimos anos da man de once socios de cinco países, entre os que se atopa a Universidade de Santiago e o Intecmar. Tamén traballamos na busca de aplicacións prácticas para evitar a influencia e impacto de parasitos como a *Marteilia*, no que estamos traballando dende os Cima en tres proxectos que suman para o ano 2019-2020 case 500.000 euros.

Pero entre esas medidas que quero citar destaca, pola súa especificidade e dedicación, o Proxecto Cockles. Este proxecto que está financiado pola Unión Europea, a través dos fondos da convocatoria Interreg Espazo Atlántico, leva consigo un investimento global de 3,4 millóns de euros. E, a través deste proxecto, no que se involucran 23 entidades de cinco países —entre elas o Cima, o Intecmar, a Universidade de Santiago e o Cetmar, ademais da Confraría de Cambados—, preténdese acadar o obxectivo de recuperar a produción e os servizos que proporciona o berberecho ás rexións atlánticas europeas. Un dos seus sete obxectivos estaría centrado na adopción de procedementos de cultivo de berberecho, na obtención dunha mellora xenética para producir estirpes resistentes á marteiliose, tratando de desenvolver procedementos de cultivo, avanzar na selección xenética e en modelos de recuperación destas especies nos bancos.

Pero aínda hai máis cuestións para engadir neste proxecto, xa que, dende que apareceu o parasito *Marteilia* no berberecho no ano 2012, a Consellería do Mar traballou para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo. Neste senso, planificou unha acción específica de investigación no ano 2013 e desenvolveu un proxecto de investigación máis amplo, realizado polo Cima e coa colaboración do CSIC, cun dos obxectivos, como coñecer a transmisión da enfermidade, cuestión clave para ter a solución ao problema. Simultaneamente, no Cima desenvolvéronse outras accións de investigación sobre o protocolo do cultivo do berberecho, un eido que ata o de agora non estaba desenvolvido. Como obxectivo principal deste traballo está poñer a punto o cultivo da especie e a máis longo prazo a repoboación das zonas coa cría en *hatchery* e a selección de estirpes resistentes. Pero non debemos esquecer que boa parte do rendemento do berberecho vese na lonxa e non só no que sae dos bancos. Refírome á consecución —como vostede dicía— dunha valoración económica ascendente en lonxa, cuestión que se está a conseguir. Así, neste ano 2019, o prezo medio vai un 20 % por riba media da última década, cuestión que referenda a evolución positiva que nos leva a ter un maior volume de facturación cun nivel equilibrado de extracción, xa que de nada serve ter grandes cantidades de produto se non o valorizamos axeitadamente, e de nada serve sacar grandes cantidades de produto se o único que facemos é debilitar a capacidade de recrutamento dos novos exemplares. Fuxamos, pois —como vostede ben dicía—, do pan para hoxe e da fame para mañá, aínda que a esa fame lle vaíamos poñendo remedio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora conselleira.

Para a rolda de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, conselleira, coincidimos na análise puntual. Discrepamos en parte do porqué de chegar ata aquí. Xa sabiamos antes no que discrepabamos e xa sabiamos o que compartiamos, porque os datos son os datos. De feito, vostede di que estamos achegándonos aos datos do ano pasado e que os superaremos, pero o dato oficial da propia *web* da Consellería di que xa estamos por riba, tanto en quilos coma en importe, e que temos este ano o prezo medio máis caro. Iso xa está.

Vostede dixo que temos que ser cautos. ¡E tanto! A maior previsibilidade foi ata fin de ano. Estamos a 20 de novembro, xa non lle queda moito. Quero dicir que facer unha previsión para o mes que vén tampouco é unha previsión tan enorme, ata o mes que vén xa non queda moito. Aínda que o día de hoxe sexa un día moi interesante, non queda nada para a fin de ano. É certo que non se pode facer unha grande previsión, pero nós plantexamos que algo saberemos ou algo saberá a Consellería, ou algo poderá estimar. Entendemos toda a cautela con respecto a non aventurarse —como dixo vostede—, e está ben. Pero algunha previsión haberá de terse. Porque xa tivemos experiencias de anos en que se incrementou notoriamente. Teño os datos: despois dun ano 2012 malo, 2013 peor, 2014 practicamente igual que 2013, en 2015 houbo un momento grande; pero despois diso, que parecía que podía ser a nova aparición e que estaba superado o problema, en 2016 houbo un baixón enorme. Está claro que non hai que aventurar, pero queremos saber por que. E é responsabilidade da Administración autonómica dar algunha resposta. Entendemos que non se pode responder ao cen por cento a cuestión, nin asegurar toda a situación, pero si entendemos que algunha resposta se debe dar. Compartimos a cautela, parécenos ben, pero a cautela non pode ser un hermetismo extremo sobre cal é a situación. Porque, en realidade, o que estamos dicindo é que isto vai ben hoxe e que non sabemos como vai ir mañá. Algo debemos de saber, probablemente non o cen por cento. Sabemos iso, non hai problema, pero algunha cuestión debemos saber. Porque a pregunta final é: ¿que lle contamos ao sector? ¿Que lle dicimos? Díci-moslle: Non, mire, vostede vaia hoxe pero mañá non sabemos se vai poder ir ou non; e se ten que facer algún investimento pois fináncieo ben, porque non sabemos se o día de mañá vai ter que quedar na casa.

O sector é plenamente consciente —vostede sábeo— da variabilidade das situacións. Pero necesitan algunha realidade, ou polo menos algo ao que aferrarse. E agardamos que o que se lles poida aportar sexa algo máis que dicirlles «eu ¿que sei?, ¿que sei eu?». Porque non debería ser esa a situación. O ano pasado estivo ben, o ano anterior estivo ben, este vai aínda mellor. Polo tanto, parece que a situación é boa. Pero antes de lanzar campás pois deberemos de entender que existen mecanismos, existen mecanismos de investigación. A Consellería ten bos investigadores. E aproveito para lembrar unha proposta que fixemos sobre a creación dun instituto propio que aglutinara todas as liñas de investigación, que puidera acoller a colaboración con universidades, como teñen en Euskadi, por exemplo, que fan un bo traballo nese sentido e que quizais podería darnos máis respostas, mellores espazos e posibilidades de traballo aos investigadores. Pero en todo caso é outro debate.



Pero a cuestión está entón —dende ese ano fatídico de 2012 no que apareceu a *Marteilia*, e dende 2015, que foi o peor ano— no que sabemos. E xa van alá catro, seis anos, sete anos... Porque non podemos estar ao abeiro do que diga o aire —neste caso do que diga o mar—. E, polo tanto, nós plantexamos e reincidimos na nosa cuestión de ser capaces de prever e saber o que vai ocorrer. Con todas as cautelas, pero con algunha certeza, porque necesitamos dar certezas a un sector que ten complicacións —isto xa o temos debatido moitas veces— e que ten unha necesidade de saber o que vai pasar no seu futuro. E, polo tanto, nós insistimos na necesidade de que dean algunha resposta.

Xa lles adianto, e aos grupos que a terán que debater, que a nosa proposta para a moción vai ser a obtención de datos, ou polo menos compartir os datos. Ata o de agora —permítanme reivindicalo— a señora conselleira non comparte ningún dato, as investigacións nunca se comparten, os informes de investigación que teñen nunca os facilitan. E imos plantexar iso non por nada, senón porque nós cremos que é posible que, se se comparte a información, sexamos capaces, polo menos, de que o sector teña algunha información máis, que tamén ten os seus recursos para aportar e ao que moitas veces non se lle pide ningunha axuda —só a algunha parte do sector e non a todo—. Pero o da conflitividade que alimentan no sector xa é froito doutro debate que tivemos outras veces, non é debate para ter hoxe. Pero iremos por aí, ademais doutros plantexamentos, sobre a necesidade de compartir a información, que agardamos que sexa nese momento, aínda que sexa só nese punto, compartida con todos.

Ata entón, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Torrado

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, bueno, vostede dime que non estou facendo previsións máis que a curto prazo. E as previsións que se fan no campo do marisqueo en Galicia dende o ano 1991 fanse a través dos plans de explotación —como vostede ben sabe—. Nós aprobamos os plans de explotación todos os anos, e no propio plan xa se di que son as previsións do que se pode obter ese ano. Logo, ir moito máis alá vostede xa sabe que é complicado. De todos os xeitos, xa lle adianto que nestes momentos hai suficiente documentación científica e traballo, a través dos biólogos de zona e das asistencias técnicas que se lles financian a todas as confrarías que teñen plans de marisqueo, como para facer unhas predicións practicamente a tres anos. E, polo tanto, os plans de explotación, a partir do ano que vén, pasarán a ter unha duración de tres anos. Polo tanto, xa podemos, dalgunha maneira, confirmar as previsións de produción ao longo deses tres anos.

Agora, sorpréndeme que vostede siga dicindo aquí que nós ocultamos información, que non fixemos nada, que non informamos o sector. ¡Home!, eu pódolle dicir que a *Marteilia* se empezou a detectar no ano 2012. Perdón, no ano 2012 empezouse a detectar a mortalidade e non



se sabían as causas. E nese mesmo momento xa se lle encargou unha acción de investigación específica ao centro de investigacións que depende da Consellería, que traballou en colaboración tanto con Consello Superior de Investigacións Científicas como cos diferentes departamentos da Universidade de Santiago. Puxéronse a traballar e investimos máis dun millón de euros en diferentes proxectos de investigación, encabezados todos eles polos investigadores propios da Consellería —como digo, en colaboración con todas as universidades e cos centros de investigación tamén dependentes do Estado—.

Hoxe xa podemos dicir moitas cousas: xa coñecemos cal é a enfermidade que estaba atacando o berberecho; xa conseguimos avanzar en cales son os hóspedes intermediarios que utiliza este protozoo para contaxiar o resto dos berberechos; xa sabemos que os berberechos enfermos non contaxian os sans senón que necesitan este hóspede intermediario, como mínimo un; xa sabemos que na ría de Muros e Noia non existe este hospedador intermediario e, polo tanto, alí non avanza a enfermidade; xa sabemos que no río Anllóns tampouco temos este hóspede intermediario e, polo tanto, alí tampouco chega a información; soubemos e valoramos a afectación en todas as zonas de produción do berberecho da ría de Arousa, da ría de Pontevedra e da ría de Vigo; fomos capaces de conseguir facer estirpes en principio resistentes a esta especie. Desgraciadamente, despois de dous anos roubáronnos os berberechos que estaba expostos nunha batea e tivemos que volver empezar os estudos. Pero todos estes datos —como digo— son coñecidos por todos os científicos, son debatidos en todos os proxectos de investigación. O Proxecto Cockles, que é o proxecto Interreg —como lle dicía—, no que traballan investigadores de 23 países, pois está incluso en youtube. Ou sexa, que eu creo que máis difusión non se lle pode dar.

Se vostede quere que eu compareza aquí explicando un por un todos os proxectos de investigación, pois non teño ningún problema en facelo. Aos científicos xa sabe que lles custa un pouco máis, mentres que non teñen pechados todos os traballos científicos, dar a coñecer os resultados preliminares que teñen. Hai algún proxecto de investigación que arrancou no ano 2013 e que aínda o volvemos revalidar para o ano 2019, o 2020 e o 2021; é dicir, que os científicos seguen a traballar. Eu confío plenamente no traballo dos científicos, sei que o sector fala cos nosos investigadores todos os días e que teñen, como mínimo, tanta información como temos os responsables da Consellería do Mar. Se vostede desexa coñecer con detalle calquera destes proxectos de investigación que están en marcha, por suposto que llos faremos chegar sen ningún tipo de problema. Porque, dende logo, a ciencia non se fai para que quede nun caixón, senón para a súa divulgación e para buscar solucións aos problemas que ten, neste caso, o sector do mar, que é o que máis padeceu o problema da marteiliose, en concreto nos lombos do Ulla.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleira.

Pasamos ao seguinte punto, o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D.^a María Ángeles Antón Vilasánchez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas mestras que está a implementar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes.



O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora conselleira, o Grupo Parlamentario Popular presentou esta pregunta porque consideramos que non se pode falar de ensino de calidade sen a formación permanente e continua dos profesionais sobre os que pivota o sistema. A formación dos corpos docentes é unha constante preocupación cando se deseñan, elaboran e redactan normativas e programas de calquera clase no eido educativo; entendendo que é un dos factores máis salientables do sistema e que merece unha atención prioritaria. Así se constata nas normas nacionais, tanto na lei do 2006 como na súa modificación de 2013, e na normativa galega, co Decreto 74/2011. E vou referirme a esta normativa, porque á raíz deste decreto autonómico Galicia conta cun novo escenario sobre o que desenvolver a formación educativa destinada aos corpos docentes, o que supuxo unha nova visión, unha nova ollada, na forma de entender a formación continua.

O decreto establece tres ferramentas ao servizo dos docentes:

Un servizo de formación do profesorado —creando unha unidade de referencia dentro do organigrama da propia Consellería—, encargado para atender exclusivamente a competencia de coordinar as estruturas de formación permanente do profesorado, así como a promoción, xestión e rexistro das accións formativas.

O Centro Autonómico de Formación e Innovación. Este órgano, creado por este decreto, ten como función a análise das necesidades do profesorado e o deseño dos plans anuais de formación. Xustamente, se fixeramos un repaso polas actividades formativas dende a súa creación ata hoxe, veríamos como o CAFI recolle as inxerencias sociais, os avances tecnolóxicos, o impulso da innovación e a preocupación polo que nos é propio: a lingua, a cultura e o patrimonio.

E a terceira ferramenta, como dicía antes, son os centros de formación e recursos, que son o último e o primeiro elo da cadea, porque son as unidades encargadas de executar as accións aprobadas anualmente nos plans, ao tempo que son as unidades que detectan e recollen as necesidades e demandas dos centros educativos.

Así pois, con estes vimbios a Consellería de Educación leva formando os corpos docentes dos diferentes niveis do ensino en Galicia nos últimos oito cursos académicos. E creo que é acaído destacar aquí a sensibilidade e o compromiso dos responsables da formación dos corpos docentes, que é tanto como dicir da propia Consellería, pola convivencia, a inclusión e a igualdade, materias transversais que terán presenza en todos os seminarios independentemente da súa temática, como se recolle no actual plan en vigor.

Dende o noso punto de vista, señora conselleira, a creación destas tres ferramentas foi todo un acerto, porque non é posible implementar novas liñas de actuación no ensino sen dotar



de recursos os docentes e os centros. E aquí, novamente, teño que salientar o compromiso da Consellería ao destinar á formación permanente dos corpos docentes máis de 7,2 millóns de euros para o orzamento 2020, que, como lembraba vostede na súa comparecencia, é a cifra máis alta de toda a serie histórica; e a vontade e recursos para implementar estratexias como Edulingüe, Edixgal, Educonvives, ou plans como o de igualdade, bibliotecas, ou programas como Proxecta e contratos-programa.

Señora conselleira, ¿cales son as actuacións de futuro para a formación pensadas dende a Consellería? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Antón.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Efectivamente, señora Antón, un sistema educativo de calidade asóciase con rapaces e con rapazas ben formados e ben preparados, para o que tamén é fundamental propiciar que os docentes de todos eses rapaces e rapazas, e os equipos directivos dos centros educativos, estean ao día, que estean ao día para responder ás necesidades, ás demandas e aos retos que ten ante si o alumnado.

Saben que desde a Consellería, dentro das competencias atribuídas, apostamos pola formación permanente, polo que potenciamos a aprendizaxe de linguas estranxeiras, a adquisición de competencias científico-técnicas, a igualdade e a coeducación, así como a inclusión e a orientación vocacional e profesional. Ante cada novo curso escolar, deséñase un novo plan anual de formación do profesorado, que xorde precisamente a partir da detección do interese e da demanda de formación dos propios docentes, dos resultados das anteriores actividades programadas e das necesidades reais do sistema.

Aproveito a súa pregunta para salientar que ao abeiro do plan de formación do curso 2018-2019 se realizaron un total de 3.350 actividades formativas, un 8 % máis que no anterior curso; e alcanzáronse os 25.000 profesores e profesoras formados, con 86.200 horas de formación, un 14 % máis. Ao igual que nos anos anteriores, en torno ao 65 % desta formación levouse a cabo nos propios centros escolares para facilitar que non houbera desprazamentos.

Asemade, por temática, as liñas máis demandadas son a integración didáctica das novas tecnoloxías, o traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais de educación dixital, a convivencia escolar e o clima da aula, centros saudables, relacións coas familias e iniciativas formativas no ámbito STEM; e, en segundo lugar, a escola inclusiva, de atención á diversidade, e a actualización científica e didáctica do profesorado.



No ámbito da formación do profesorado partimos dunha premisa esencial: hai que acompañar as principais iniciativas educativas con formación específica para o profesorado e para os equipos directivos. E por iso para o presente curso 2019-2020 seguimos a fomentar a formación permanente das profesoras e profesores galegos a través dos centros educativos, do CAFI e dos centros de formación e recursos.

Quero salientar, de xeito especial, a aposta polos plans de formación permanente do profesorado dirixida aos centros públicos que imparten primaria, ESO e bacharelato. O obxectivo desta iniciativa é actualizar e perfeccionar as competencias profesionais dos docentes necesarias para responder aos retos educativos actuais, impulsando a súa aplicación e desenvolvemento na aula e buscando a excelencia educativa e a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, conselleira, pola súa resposta.

Vaime permitir facer aquí unha reflexión e un agradecemento. O agradecemento é para os corpos docentes, porque a súa implicación está máis que demostrada coa participación nas actuacións formativas, coa elaboración de novos materiais didácticos e temáticos que serven de guía para toda a comunidade educativa, coa participación tamén en programas de cooperación, mesmo alén da nosa comunidade autónoma; en definitiva, co obxectivo que ten a propia Consellería: un ensino de calidade baseado na inclusión, na convivencia e na igualdade.

E a reflexión, señora conselleira, é que a formación dos docentes é un dos temas que están sobre a mesa da axenda política dende hai algún tempo. De feito, foi o reputado socialista señor Rubalcaba quen acuñou o termo «MIR educativo» no ámbito político para introducir no debate a necesidade de reformular o acceso á formación da profesión de docente, co obxectivo de mellorar a formación dos corpos docentes —sobre todo a formación inicial—, xa que, segundo diferentes informes de ámbito internacional, as cualificacións dos docentes en España están moi por debaixo da media.

Dende o 2010 estamos escoitando o da necesidade de mudar o acceso á docencia, sen que ata o de agora se teñan dado pasos nesa dirección. Porén, nos programas electorais dos principais partidos políticos que se presentaron ás recentes eleccións xerais tan só os do Partido Popular e Ciudadanos falan especificamente dun sistema MIR para os docentes e dun estatuto do docente. E parece que sería necesario que souberamos realmente as intencións de cada partido, porque, segundo a Constitución, a educación é un dereito que regula o Estado, polo que o proceso de acceso á formación docente tamén ten que ser do Estado, malia que logo sexan as comunidades autónomas as que deban de executar, desenvolver e avaliar o devandito acceso. Por tanto, e para finalizar, gustaríanos que comentara esta cuestión, porque, como temos dito moitas veces, os corpos docentes son a pedra angular do sistema.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Antón.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Señora Antón, efectivamente é certo que nesta Cámara a Consellería xa defendeu en varias ocasións a idea de que para garantir o bo funcionamento do sistema educativo galego resulta importantísimo propiciar que os docentes e os equipos directivos estean ao día para responder ás necesidades, ás demandas e aos retos que ten ante si o alumnado. Tamén apostamos forte pola formación permanente, competencia da propia Consellería, pola que potenciamos esa aprendizaxe de linguas, a adquisición de competencias científico-técnicas, a igualdade, coeducación e inclusión, e a orientación vocacional e profesional.

Pero non podemos esquecer que é importante asegurar tamén que os futuros docentes contan xa cunha boa formación inicial, como paso previo ao acceso á súa profesión, á función docente. O profesorado é unha peza clave na formación do alumnado. E quero lembrar o informe da OCDE que alerta sobre a súa preparación. Asegura que o 52 % dos profesores españois non están o suficientemente preparados nin no contido nin na pedagogía nin na práctica na aula das materias que ensinan, segundo os datos do informe TALIS —da OCDE—. Ese informe apunta tamén que só un 48 % das persoas que estudan para converterse en profesor reciben unha educación inicial que inclúa o contido da materia que imparte, a pedagogía e a práctica docente nalgunha ou en todas as materias que ensina. Por iso desde Galicia queremos volver reclamar a necesidade de mellorar a formación inicial no acceso á profesión docente, e analizar distintas fórmulas, como a creación dese MIR educativo ou outras alternativas, ao tempo que se articulan avances na formación permanente do profesorado.

Parece que finalmente —parece— o Estado vai ter un novo goberno. Aproveito para pedirlle, como fixen xa por carta á señora ministra, que afronte con seriedade e rigorosidade os asuntos que impliquen unha mellora real do ensino. Desde Galicia apelamos ao Ministerio de Educación para que abandone a xeración de polémicas innecesarias e que, por contra, comece a traballar polo ensino.

Neste sentido, apelamos a que o futuro Goberno central afronte dunha vez a elaboración dun estatuto da función docente, na que se teña en conta a opinión das comunidades autónomas e por suposto dos sindicatos. Lembremos que, ante as eleccións do 28 de abril, PSOE, PP e Cidadáns propuxeron un estatuto da función docente. E, como vostede ben dicía, PP e Cidadáns falaban claramente dun MIR educativo. Pero parece que o Partido Socialista o limitou a reorientar e reforzar a formación docente e o acceso á profesión, á investigación e ao coñecemento de novos modelos pedagóxicos entre o profesorado.

Polo tanto, estamos totalmente a favor de reconducir, unha vez máis, esa posibilidade dun MIR docente e de mellorar substancialmente a formación inicial dos nosos docentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Pomar.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A seguinte pregunta, a 7.2, foi retirada polos seus autores e pasamos á 7.3.

Pregunta de D^a Olaia Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas direccións do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Centro Coreográfico Galego

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todo o mundo. Boa tarde tamén ao conselleiro.

Preguntámoslle hoxe desde o BNG, señor Rodríguez, polo futuro de tres centros culturais que son chave para o noso país e que o Partido Popular leva desmantelando durante a última década. Falamos do Centro Dramático Galego, do Centro Coreográfico Galego e do Centro Galego de Artes da Imaxe, centros que se atopan actualmente, nos tres casos, sen dirección e que seguen aínda hoxe padecendo os recortes orzamentarios do Partido Popular.

No caso do Centro Dramático puxeron vostedes a andar o concurso público para renovar a dirección o 30 de agosto, aínda que sabían desde o mes de maio que Fefa Noia deixaba o cargo; unha remuda, ademais, que se produce sen que a Xunta teña escoitado nin atendido as demandas do sector do teatro para a necesaria refundación do que é, sen dúbida —ou ten que ser— o buque insignia do teatro nacional deste país.

No caso do Centro Coreográfico están sen dirección desde o mes de outubro, cando Mercedes Suárez cesou no seu posto. Fíxoo, ademais, entre durísimas críticas dos profesionais da danza deste país, que denunciaban a inacción, a inactividade, con case tres anos sen produción propia, sen un plan de actuación para as artes do movemento, cunha enorme opacidade á hora de render contas e co mantemento de incompatibilidades que nunca se xustificaron por parte da que foi a súa directora durante moitos anos.

De igual maneira está descabezado o histórico CGAI. Guillermo Escrigas, que asumira a súa coordinación no ano 2007, xubilouse este verán e a Xunta de Galiza non cubriu aínda a día de hoxe a súa vacante.

Pero o CDG, o Centro Coreográfico e o CGAI non só están descabezados, non só manteñen a súa estrutura sen dirección, é que seguen vostedes recortándolles cada vez máis os orzamentos. E as cifras, ademais, falan por si propias. No proxecto de orzamentos para 2020 recortan os orzamentos do Centro Dramático Galego en 250.000 euros. No caso do Centro Coreográfico deixan o orzamento para 2020 en apenas 50.000. E no caso do CGAI pasan de 175.000 euros —que xa era moi pouco— a 132.000.



O que lle preguntamos hoxe é que futuro lles quere dar o Partido Popular na Xunta de Galiza a estes centros culturais, se van perpetrar este recorte e, sobre todo, cal é o futuro que lles espera ás direccións tanto do Centro Coreográfico como do CGAI.

De momento, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, para contestar, o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora Rodil.

A verdade é que agradezo a súa preocupación e o interese que manifesta pola Axencia Galega de Industrias Culturais e polos centros de produción que dela dependen. Por suposto é un interese e unha preocupación que o Goberno comparte. E agradecemos sinceramente que faga esta pregunta porque nos vai dar unha oportunidade. Eu case mesmo cheguei a pensar que era do noso grupo. E digo que nos dá a oportunidade de anunciar que nos próximos días, de xeito inmediato —practicamente nos próximos días—, se vai publicar o anteproxecto do novo estatuto que vén a regular a Axencia Galega de Industrias Culturais, onde vai atopar, sen dúbida, a resposta ás preguntas que vostede formula.

¿Por que o facemos? ¿Por que plantexamos este novo estatuto? Pois por unha sinxela razón: ao contrario da súa idea e da súa mensaxe de desmantelamento, estamos cun proxecto de futuro, estamos cun proxecto nun momento de cambio e de fortalecemento da Axencia. Este cambio, este fortalecemento, quere facer fronte e vai facer fronte, sen dúbida, aos desafíos que presentan as industrias culturais modernas. E quere facer a través dun novo estatuto que vai harmonizar, regular e plantexar unha nova estrutura organizativa, primeiro, para adaptala aos diversos cambios normativos dos últimos anos —por exemplo, aos derivados da Lei de contratación pública—, e tamén aos cambios derivados da propia evolución natural do propio sector. Como vostede sabe, estamos ante un sector moi complexo que nos últimos anos está a experimentar unha auténtica revolución e, con esta situación, debemos adaptar a nova estrutura orgánica da Agadic.

Ben, estes cambios estanse producindo nestes momentos e estamos coa nova estrutura. Vostede plantexou aquí unha serie de baixas, baixas por distintas razóns: por xubilación, no caso de Guillermo Escrigas, ou tamén por un ascenso profesional —cousa da que nos alegramos moito—, no de Fefa Noia.

Voulle dicir as novidades que presenta o novo estatuto. O primeiro é a creación dunha nova figura para a axencia, que é a figura do xerente. É unha incorporación moi necesaria que vai permitir coordinar toda a xestión administrativa —que é moita— da axencia. O segundo é que se vai incluír o Centro Galego de Artes da Imaxe, o CGAI, dentro da estrutura da Agadic.



Ata o de agora estaba adscrito e agora vaino facer a nivel estatutario. Respecto deste caso hai que dicir que, a pesar da xubilación —como xa dixemos— do seu director, de Guillermo Escrigas, o centro seguiu funcionando perfectamente grazas a que ten moi bos profesionais que desenvolvían a súa actividade con total normalidade baixo a dirección directa, neste caso, do director da Agadic. Outro cambio tamén relevante será a creación dun departamento para o fomento e apoio da danza galega, do cal dependerá o Centro Coreográfico Galego, e cuxa principal misión vai ser impulsar a danza galega a través de programas específicos de apoio ao sector.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): En definitiva, estamos ante un cambio, unha transformación, ante un novo estatuto que, sen dúbida, lles pode dar resposta ás súas dúbidas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para a réplica, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu teño que recoñecer que non deixan de sorprendeme nunca, señor conselleiro. Primeiro, ¡que casualidade que o Bloque Nacionalista Galego trouxese esta pregunta hoxe aquí e vostede saque da manga agora o anuncio dese novo estatuto da Agadic! (*Aplausos.*) Eu o primeiro que lle preguntaría é con quen o negocian (*Aplausos.*) Porque, antes de traer esta pregunta ao Pleno —como pode comprobar, e eu estou segura de que a vostede iso que non lle sorprende—, nós consultamos co sector, co das artes escénicas, co sector do teatro, e expuxémoslles cales eran as contas que vostedes pretenden aprobar co orzamento de 2020. E, sorpresa absoluta, descoñecían ese recorte orzamentario. E formulámoslles tamén as nosas inquiredanzas, a nosa preocupación, por ese descabezamento deses dous centros de produción e mais do CGAI, e tampouco tiñan ningún coñecemento de que se estivese nin elaborando un novo estatuto para a Agadic nin de que contidos vai ter ese estatuto. Creo que todas as persoas, tanto do sector das artes escénicas, do teatro, da danza, como os actores e actrices do noso país, como o propio Bloque Nacionalista Galego é a primeira noticia que temos. Vostedes recentemente tiveron unha comparecencia na Comisión de orzamentos para falar e presentar as contas para o ano 2020, e unha das preguntas que insistentemente lle trasladei por parte do Grupo do BNG era cal ía ser o futuro tanto do CDG como do Centro Coreográfico. E vostede tampouco dixo nada de que se estivese preparando ningún estatuto. (*Aplausos.*) A mín o que me parece é que acaba de sacar vostede isto da manga agora para intentar buscar unha xustificación ao inxustificable, (*Aplausos.*) que é que están desmantelando desde hai unha década tanto o Centro Dramático como o Centro Coreográfico, e que agora o que vemos é que, despois do recorte de persoal que desde o ano 2016 sofre o CGAI, vostedes tampouco teñen pensado mudar de rumbo. E aí está o que se plasma nos orzamentos, nas contas para o ano 2020, que son —e con isto remato, presidente— a plasmación do proxecto político que o Partido Popular ten.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Insisto...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...¿van perpetrar ese recorte...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...ou apoiarán a emenda do BNG para aumentar eses orzamentos? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Bueno, señora Rodil, vostede rexistra —se non está mal este papel que vostede fixo— o 11 de novembro de 2019 esta pregunta. E vostede case está dicindo que estamos plantexando un novo estatuto a raíz da súa pregunta. Debería saber que poñer en marcha un estatuto dunha axencia, dun ente público, é un proxecto e é un proceso que leva moitísimo tempo; sobre todo —fíxese— se estamos creando novas prazas, porque simplemente hai que consultar a función pública, hai que facer os debidos axustes orzamentarios, hai que plantexar os niveis administrativos, etc. Co cal creo que vostede se equivocou, e por iso lle agradecín moito que a fixera, porque nos deu a oportunidade de plantexar en sede parlamentaria o traballo que se está facendo. Este é un traballo de cambio, de transformación, dunha axencia que está pensada e orientada a dar servizo aos sectores culturais, á produción cultural, do país, e, por suposto, aos centros de produción que dependen da mesma.

Xa llo dixen, imos crear unha nova praza —neste caso de xerente—, imos crear un novo departamento de danza. Obviamente vostede terá que presumir, terá que presumir, que isto está consensuado cunha parte moi significativa do sector. Eu non sei con quen fala vostede pero pode estar perfectamente segura de que isto está falado co sector. E tamén lle pode dicir claramente, claramente, que no caso do Centro Dramático Galego estamos en proceso de selección dun novo director. ¿Por que? Porque a directora que había ascendeu —e estamos moi contentos—, e iso é unha mostra de que había bos profesionais na dirección técnica deste servizo, absolutamente bos profesionais. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ascendeu! ¡Ascendeu! (*Aplausos.*) E, claro, hai que facelo seguindo os trámites e hai que seguir os procesos e as garantías establecidas pola lei, que entendo que vostedes apoian.

E neste caso, respecto do CGAI, tamén lle estou dicindo que no CGAI, unha vez que estea aprobado o novo estatuto —xa o dixen antes e repítollo agora—, imos proceder á selección do seu responsable. Entenderá que cun cambio de estrutura organizativa da axencia hai que



esperar a dotala dun novo director. E o mesmo sucede neste caso co novo departamento de danza, que vai ter entre as súas misións dirixir o Centro Coreográfico Galego.

Señorías, este, sen dúbida, é un momento complexo. Hai moitos cambios na xestión cultural, na produción cultural, e isto obriga a modificar as estruturas preexistentes e a adaptalas. Por iso hai un novo estatuto, que se vai publicar de xeito inmediato. E, por suposto, entenda que se leva traballando xa dende hai moito tempo —non dende o 11 de novembro, como vos-
tede plantexa—, lévase moito tempo traballando neste ámbito. E a verdade é que isto vai poder dar resposta a unha industria cultural puxante que está en constante evolución e que, pese á súa visión pretendidamente catastrofista (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*), creo que ao final os datos e os resultados son o máis importante. Hai moi bos profesionais nestes centros e desempeñan o seu traballo con total liberdade e sempre pensando en fomentar e crear públicos, e en potenciar as industrias culturais galegas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Así se fixo e así se vai seguir facendo coa nova estrutura...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...que vai derivar, e que se vai publicar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor conselleiro, moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as modificacións aprobadas pola Consellería de Sanidade no calendario vacinal de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

A vacinación é un asunto de grande importancia para a saúde dos galegos e das galegas, porque non debemos esquecer que hai só cen anos as enfermidades infecciosas eran a principal causa de morte no mundo, incluso nos países desenvolvidos. Na actualidade calcúlase que a vacinación salva 3 millóns de vidas cada ano.

Nas últimas datas estamos vivindo unha situación grave para a saúde pública da cidadanía europea. Por unha banda, é pola actividade dos grupos antivacinas, que están promovendo



campañas contra a utilización das mesmas. Ata algunha eurodeputada galega se converteu en negativa estrela mediática apoiando estes grupos, grupos cos que para nada están de acordo moitos científicos, que din que son un dos tres grandes problemas que deberá encarar a sociedade de aquí a 2050.

Hoxe mesmo liamos na prensa como o Nobel de química 2015, Tomas Lindahl, preguntado por estes grupos antivacinas, di: *«Creo que es vergonzoso, porque las vacunas protegen a tantos niños... Si retrocedemos unos años, la viruela era un grave asesino de niños, o los desfiguraba. Imaginar que este movimiento contra las vacunas esté cobrando tanta fuerza no tiene ningún sentido»*.

E, por outra banda, tamén inflúe o certo relaxo da sociedade ante determinadas enfermidades que criamos erradicadas. A primeira muller que descubriu as dúas vacinas, a da tose ferina e a do meningococo B, preguntada tamén por esta febre antivacinas, respondeu contundentemente que, se hai enfermidades que non se coñecen, é porque xa hai alguén que foi vacinado antes. E advertiu: *«Isto non o debemos esquecer»*.

Nós somos conscientes da importancia de que en todos os países se sigan promovendo campañas de vacinación —como se fai en Galicia—, xa que se demostrou que, cando os índices de cobertura descenden, volven aparecer enfermidades que quedaran relegadas. Estamos a coñecer o caso do incremento de casos de enfermidades infecciosas, como o sarampelo, enfermidade vírica que é habitualmente benigna pero que nalgúns casos pode ter graves complicacións e incluso a morte.

En 2018 a OMS lanzaba a alerta e exixía medidas aos países ante o risco de tirar por terra décadas de progreso na protección da saúde pública. Aparentemente a salvo das correntes antivacinas, Galicia mantén altas coberturas de vacinación que permiten ter un bo nivel de protección comunitaria. As coberturas do programa superan o 95 % recomendado na maioría das vacinas incluídas no calendario. E aínda así a alerta está acendida. Hoxe mesmo detectouse un brote de papeiras no campus de Pontevedra e xa a xefatura territorial de Sanidade de Pontevedra ten activado o protocolo. Galicia dispón dun moi bo calendario, tanto infantil como de adultos, que está en continua revisión, adaptándose aos cambios que se van producindo. Por iso lle preguntamos: ¿que cambios se aprobaron no calendario vacinal galego?

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada.

«As vacinas salvaron 1.500 millóns de vidas, non vacinar é un crime», dixo o bioquímico Jules Hoffmann, premio Nobel de medicina 2016. Pese a isto, e como vostedes saben, as vacinas están a sufrir un constante ataque desde diferentes frontes, e en distintos países estase



a producir un repunte de enfermidades consideradas como eliminadas no noso medio, como é o caso do sarampelo. Diciáo —como ben sinalaba vostede— esta mañá nos medios Tomas Lindahl, premio Nobel de química 2015.

Por iso, este ano a Organización Mundial da Saúde considerou as dúbidas que se pretenden difundir sobre as vacinas como unha das principais ameazas globais contra a saúde. Por iso non podemos baixar a garda, e desde a Consellería de Sanidade traballamos na defensa e mellora do Programa galego de vacinación, porque é un eixo básico da nosa acción de goberno. E a aposta está clara nos orzamentos presentados hai unhas semanas, que esperamos aprobalos antes de fin de ano. Son 16 millóns de euros para vacinación. Creo que é unha aposta importante e con presuposto.

Neste sentido, quero recordar algún dos fitos máis significativos destes anos, como foi a aprobación e posta en marcha dun novo calendario vacinal infantil e tamén a aprobación e posta en marcha, por primeira vez en Galicia, do calendario do adulto. Entre as novidades máis recentes quero sinalar que, desde o pasado 22 de xuño, substituímos a vacina bivalente fronte ao virus do papiloma humano pola vacina nonavalente, que aumenta a protección fronte aos cancros que inducen este virus —cancro de cérvix, vulva, vaxina, ano, pene, orofarinxe— e ademais protexe fronte ás verrugas xenitais. Tamén ampliamos a partir do 22 de xullo os grupos de risco que se poden beneficiar das vacinas existentes no mercado; por exemplo, no caso da vacina do papiloma humano ampliouse a novos grupos de risco, como as persoas con infección polo VIH ou en situación de prostitución, homes que teñen sexo con homes, mulleres con transplante de órganos sólidos, ou de proxenitores hematopoiéticos. En todos os casos ampliámolo ata os 45 anos, ampliando a recomendación promovida polo Ministerio, que o limitaba nalgún caso ata os 25 anos. Nós elevámolo ata os 40 anos. O investimento nesas vacinas incrementouse en 590.000 euros —comparando o 2019 con o 2020—. Ampliamos e impulsamos o seu uso en persoas con inmunodeficiencias, sexan primarias ou secundarias.

Este mesmo ano aprobáronse tamén cambios na vacinación meningocócica, que se implementarán no próximo mes de decembro. Pasarase a usar a vacina tetravalente, que en poboación preadolescente, de 12 anos, substitúe a vacinación actual coa vacina monovalente fronte ao serogrupo C; e amplía as novas cepas W e Y, que están empezando a crecer en España, como xa o fixeron noutros países europeos.

Por tanto, seguimos traballando na mellora deste calendario vacinal, tanto infantil como de adultos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Pois moitas grazas, conselleiro, pola súa resposta.



Unha vez máis confirmamos a preocupación da Consellería de Sanidade por actualizar e mellorar os calendarios vacinais de Galicia, seguindo de cerca a evolución das coberturas poboacionais e ampliando —como vostede acaba de dicir— os grupos de risco que se poidan beneficiar das vacinas existentes no mercado.

Hai quince días liamos nun xornal que o rotavirus é a principal causa de gastroenterite aguda en nenos menores de 5 anos, e que o risco de complicacións aumenta entre os nenos nados prematuros. ¿Ten prevista a Consellería algunha pauta de vacinación para este virus?

E xa para rematar, xa que estamos inmersos na campaña de vacinación da gripe, tamén está presente nos medios estes días: «*El sindicato médico valenciano critica la falta de vacunas para la gripe y critica la falta de previsión de Sanidad*». Di: «*La falta de vacunas de la gripe en casi todos los centros de salud de la Comunidad Valenciana obliga a dar citas para un mes o mes y medio, y ha criticado la falta de previsión de la Consejería de Sanidad por las consecuencias que pueden llevar para la población en riesgo*».

E non vou falar aquí, dende logo, da desaparición das vacinas de gripe en Andalucía. Dos 27 millóns de euros, se o relacionamos co de onte..., pois non quero falar diso. Quero dicir que, a pesar de que nos critiquen os grupos da oposición, nós temos a sorte de que isto non ocorre en Galicia. Hai vacinas da gripe para todos os cidadáns e temos un goberno estable que é previsor e que cumpre os seus deberes e o seu traballo.

Gustárame preguntarlle, conselleiro, neste segundo turno se se fixo algún cambio nesta vacina para esta campaña de 2019.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Pois si, a verdade é que estamos contentos porque a campaña de vacinación da gripe deste ano vai mellor incluso que a do ano pasado, co incremento da participación dos cidadáns. Pero, ademais diso, si melloramos a calidade das nosas vacinas con vacinas de maior actividade inmunoxénica. Xa o ano pasado utilizamos por primeira vez en Galicia, nos menores de 15 anos e nas mulleres embarazadas, unha vacina tetravalente de cultivo novo que incorpora unha segunda cepa contra o virus B da gripe a maiores das tres que porta a vacina trivírica que ata ese momento se utilizaba.

E nesta campaña do 2019, á parte de ampliar unha semana máis a campaña de vacinación, tamén xeneralizamos o uso da vacina tetravalente en cultivo celular a toda a poboación entre 15 e 64 anos. Esta vacina minimiza o risco de cambios que se estaban a ver nas vacinas producidas en ovo respecto da cepa H3N2 do virus A, asegurando así unha mellor correspondencia entre a vacina e a cepa contra a que se quere protexer. Ampliouse o uso da vacina



adxuvada, que provoca mellor resposta inmunitaria en persoas maiores de 65 anos. Ata esta campaña só se indicaba para maiores de 75 anos e, como digo, baixamos ata os 65 anos.

E tamén as melloras introducidas no caso de vacinación antigripal loxicamente levan un incremento de orzamento, que está en torno a 1.300.000 euros para todo isto.

Neste mes de novembro e tras a súa aprobación na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial, introducimos a vacinación fronte ao rotavirus nos nenos e nenas prematuros galegos nados entre a semana 27^a e 32^a de xestación que estean clinicamente estables e non teñan contraindicación. Hai que dicir que o número de prematuros se incrementa ano a ano, e, polo tanto, é moi importante a protección fronte a un virus que ten unha elevada mortalidade e que poidamos telos xa vacinados contra iso. Tamén supuxo un incremento de presuposto de 150.000 euros.

O calendario galego é un dos máis completos do mundo, e loxicamente imos seguir traballando nese senso para, ano a ano —como digo, coa coordinación co Ministerio de Sanidade—, aínda poder ir incrementando non só o número de vacinas senón tamén ese poder inmunoxénico.

E seguimos traballando, como digo, de maneira conxunta coa Comisión de Saúde Pública —non imos por libre— e coa Comisión Galega de Enfermidades Inmunoprevibles para continuar mellorando a protección da poboación galega mediante a vacinación, xa sexa introducindo novas vacinas ou ampliando indicacións.

Fronte a europarlamentarios desnortados, nós seguimos os científicos, como dicíamos ao principio, como Jules Hoffmann ou Thomas Lindahl, ou tamén a Organización Mundial da Saúde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. Mixto, sobre a data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde.

Estamos en novembro de 2019 —algo tamén evidente por esta voz arrefriada de quen lles fala—, pero o caso é que nesta data aínda non se dispón dun protocolo unificado no Sergas para abordar a perda xestacional e a morte perinatal.

Hai que destacar que a Xunta se comprometera a telo no primeiro trimestre de 2019 —e cito a subdirectora xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas—. Sería unha vía de abordaxe da morte perinatal e neonatal. Pero tamén hai que destacar que estamos xa rematando a segunda década do século XXI e estamos aínda reivindicando medios e protocolos para abordar este tipo



de situacións. É certo que ultimamente se visibilizou moito máis, grazas ao movemento feminista, á asociación de mulleres e profesionais tamén da propia sanidade galega, todo o que ten que ver coa reivindicación dunha atención sanitaria á xestación e ao parto máis «humanizada», centrada na muller e no seu benestar físico e emocional. Así pois, mulleres que sufriron distintas situacións de perda xestacional ou perinatal trasladaron publicamente de xeito valente —querémolo facer constar aquí— as súas experiencias, que en moitos casos foron absolutamente traumáticas e por causa, fundamentalmente —analizando os casos—, de descoñecemento e de falta de protocolos establecidos para abordar esta complexa situación a nivel psicolóxico. E, dependendo do hospital que tocaba, sucedía dun xeito ou doutro.

Segundo datos do INE, no Estado prodúcese unha media de 4,5 mortes perinatais por cada 1.000 nacementos. É certo que é unha das taxas máis reducidas do mundo, grazas, precisamente, a eses avances científicos e médicos, e tamén á vacinación masiva. Pero aínda que as taxas, tanto de morte perinatal como de perda xestacional, sexan baixas, o caso é que agochan historias de mulleres que sufriron verdadeiras situacións de terror, de traumas que tardan moitos anos en superar e que precisan axuda psiquiátrica e psicolóxica —e mesmo hai quen non é quen de superala ao longo da vida de xeito pleno—, e que poderían terse evitado nese nivel tan extremo cunha boa atención no momento da perda.

Falamos de situacións nas que nun control rutineiro se atopa un feto morto, da falta de coñecemento en como trasladar esa cuestión e de trasladalo de xeito abrupto; de negligencias como que non se lle explica á muller o proceso que vai ter lugar no seu corpo, sexa unha cesárea ou sexa un parto vaxinal, e que implicacións ten iso; os casos tremendos de mulleres que tiveron que enfrontarse a un proceso expulsivo dun feto morto compartindo espazos, salas, con mulleres que estaban no seu traballo de parto normal ou mesmo con mulleres con bebés recién nados; situacións de non recibir información sobre como facer o proceso do dó ou sobre a posibilidade de extraer leite materno. En fin, son unha serie de situacións que, con protocolos claros e con formación, se poderían ter evitado e que operan psicolóxicamente en moitas mulleres como unha verdadeira tortura. Xa non falemos da necesidade dese seguimento psicolóxico posterior.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: O caso é que lle preguntamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...cando vai estar o protocolo e, sobre todo, como se vai desenvolver e con que medios.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.



Dende a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde queremos dar resposta a problemas de saúde que aparecen ao longo do ciclo vital da muller de forma integral promovendo a saúde física, mental e social de todas as mulleres de Galicia, e mellorar a calidade da atención prestada. Iso non significa, baixo ningún concepto —como parece que traslada a señora deputada—, unha mala atención xeneralizada. Non estou de acordo para nada. O que queremos evitar con protocolos precisamente é a variabilidade de casos, e, desde logo, niso estamos.

A Organización Mundial da Saúde, a OMS, define a morte perinatal como a perda dun fillo que se produce desde a semana 22^a de xestación ata os primeiros sete días de vida. En España prodúcese 4 en cada 1.000 nacementos, segundo o Instituto Nacional de Estatística. Loxicamente unha frecuencia baixa non significa que para nós non sexa un problema importante. Éo, e por iso estamos volcados en mellorar esta atención.

Somos conscientes de que a existencia dun protocolo de actuación específico nos hospitais nos que dan á luz axudará as persoas que sofren unha morte perinatal e, como digo, diminuirá a variabilidade do sucedido.

Poucas circunstancias son máis duras de vivir e máis difíciles de explicar que a morte dun fillo, e, se esta ocorre no período perinatal, a dificultade para expresar a dor, encontrar unha explicación e comprendelo pode ser incluso maior. Por iso, desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, consideramos necesaria a elaboración dunha guía de atención no proceso de morte e de duelo xestacional e perinatal. Esta guía suporá unha clara mellora da calidade asistencial neste doloroso proceso. A guía ten como obxectivos homoxeneizar a atención profesional nestes casos, proporcionar ferramentas útiles aos profesionais involucrados na atención no proceso de morte xestacional e perinatal, proporcionar información para unha atención máis humanizada que favoreza un ambiente afectivo e empático para axudar a muller, a parella e a familia a aceptar unha realidade dura, moi dura, e potenciar a autonomía da muller na toma de decisións ofrecendo información veraz, de calidade, acerca das opcións terapéuticas, xestións que realizar, documentación que cumplimentar e, en definitiva, facer unha planificación anticipada e compartida fundamentada na exploración de valores a través dos encontros compartidos entre os profesionais e os pacientes.

Ademais, vai facilitar a continuidade de coidados entre o persoal de atención primaria e hospitalaria e prever os trastornos derivados dos duelos patolóxicos e crónicos, e, en canto estes aparezan, darlles o soporte oportuno. Son aspectos, todos eles, que sen dúbida contribuirán a mellorar a asistencia cando estes tristes momentos se produzan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, non me respondeu a cando vai estar a guía, que en teoría ía estar no primeiro trimestre deste ano. Pero estamos de acordo. É que precisamente é funda-



mental para evitar esa variabilidade de situacións. Nós tampouco dixemos que esta situación fora estendida, pero o que dixemos é que, cando se dá, son situacións tremendas para as que cómpre esa guía. É fundamental e queremos saber cando vai estar dispoñible. Pero tamén cómpren recursos para desenvolvela, e neste sentido pode apoiar o Partido Popular unha emenda parcial aos orzamentos na que pedimos recursos precisamente para desenvolvela. Porque é necesaria tamén formación despois para as profesionais, é necesario aumentar a ratio de matronas e matróns, porque estamos nun dos niveis máis baixos da OCDE —xa non falemos nas comarcas rurais—, e é necesario aumentar os recursos en saúde mental.

E a nós o que nos parece significativo, e mesmo delirante, é que no 2019 teñamos, xa dende hai unha década, grazas a unha lei retrógrada que se aprobou nesta Cámara, unha serie de asociacións para atención psicolóxica a mulleres vulnerables embarazadas que se poñen en contacto a través do Sergas, asociacións antiabortistas, e que non teñamos un protocolo de abordaxe da perda xestacional e da morte perinatal. É delirante porque estas asociacións —non hai máis que ler os seus panfletos— poñen ao mesmo nivel un aborto espontáneo, unha perda xestacional, que unha interrupción voluntaria do embarazo. É delirante e cruel ademais.

E, polo tanto, preguntamos cando a Xunta vai ter á disposición dos hospitais galegos, de todo o sistema sanitario, ese protocolo. Porque queda moito que facer na atención ás mulleres xestantes. Non chega con aprobar esa lei absolutamente retrógrada e de suposta protección da maternidade, fai falta ese protocolo, eliminar situacións que poidan considerarse de violencia obstétrica, despatoloxizar procesos naturais e abordar personalizadamente a saúde das mulleres. Por certo, tamén en relación con esa depresión posparto, hai que incluír o test sobre depresión posparto en mulleres vulnerables a esta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora VÁZQUEZ VERAO: É dicir, estamos nunha situación na que en 2019 se permite o contacto de mulleres vulnerables con asociacións antiabortistas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao. Grazas, terminou o tempo.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...e aínda non sabemos cando estará o protocolo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

A verdade é que é curioso que, ante un feito positivo como é a elaboración dun protocolo, o que xurda sexa ese tipo de críticas. E fala de despatoloxizar cando está falando de ideas delirantes. Delirar é unha patoloxía, é un síntoma de enfermidades determinadas. Creo que non é serio, debemos respectar as crenzas de cada un e os valores que cada un defende. Eu non creo que sexa necesario entrar nese debate.

Pero si teño que dicirle que, para facer unha guía destas características, se precisou de tempo e de prazos máis longos dos inicialmente previstos. Porque é certo que, se escoitamos



a señora deputada, esta mesma tarde ela podería facer a guía. Ten todos os coñecementos, sabe de todo, e entón a guía estaría feita. Pero nós cremos que non só os profesionais deben facer esta guía. Esta guía debe estar feita polos profesionais, pero deben estar as asociacións de pacientes, deben estar, como están nesta guía, implicadas tamén persoas que pasaron por esta dura realidade. E iso non se consegue nunha tarde parlamentaria. Conséguese en meses de traballo.

Polo tanto, eu creo que é máis importante facer unha boa guía que ter unha guía. Nós queremos a mellor guía posible e ímolo conseguir. E, como digo, vaise presentar. A pregunta, a única pregunta que lle importaba a vostede, non era tanto o que hai, o que debe ser esa guía, senón cando se presenta.

Pois mire, vaise presentar nas XIII Xornadas de saúde perinatal e reprodutiva, que se celebrarán na EGAP na próxima semana. Exactamente o día 26 pola tarde será presentada esta guía, e, posteriormente, vaise publicar na páxina *web* da Consellería. Loxicamente, faremos unha campaña de coñecemento entre profesionais, entre asociacións e entre a cidadanía en xeral para que haxa coñecemento.

Gustárame destacar e agradecer a participación na súa elaboración de profesionais de todas as categorías que poden estar implicadas no proceso de atención da morte perinatal. Este grupo de traballo contou con médicos de familia, pediatras —tanto de atención primaria como de hospitalaria—, psiquiatras, psicólogos, médicos especialistas en Xinecoloxía e Obstetricia, pacientes e profesionais que viviron esta situación, técnicos da Subdirección de Atención Primaria, psicólogos, matronas de atención primaria e hospitalaria, enfermeiras de atención primaria, etc.

Ademais, por primeira vez —das primeiras veces que o facemos—, este documento enviouse tamén ao Consello de Bioética de Galicia, que nos indicou algúns aspectos que hai que ter en conta para melloralo.

A todos os que fixeron posible este documento queremos darlles as grazas, xa que é un documento de calado que pretende mellorar a existencia nun momento moi difícil da vida das persoas e familias que o sofren. Protocolos como este seguen a liña marcada na Estratexia de humanización da asistencia sanitaria da Consellería de Sanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías que vai ter por quenda e no cómputo global o novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.



Boa tarde, señor conselleiro.

A pregunta tena vostede por escrito e di así: ¿cal vai ser o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías profesionais que prestan servizo na nova cociña do CHUO por quenda e no cómputo global?

Somos coñecedoras, e vostede tamén, de que se ten traído esta cuestión numerosas veces a este pleno pero, sobre todo, á Comisión de Sanidade polos diferentes grupos da oposición.

Sen embargo, a pesar desta situación e de que esta é a situación da cociña actual, na que, por suposto, continúan dándose accidentes laborais, na que hai ratas e na que os traballadores e as traballadoras teñen que desempregar a súa función nunhas condicións absolutamente inaceptables no século XXI, vostedes continúan sen abrir a cociña. Pero para máis problema, como xa teñen denunciado e ademais se ten preguntado nesta cámara, planea sobre o persoal da cociña unha redución do número de efectivos, fundamentalmente no que ten que ver cos pinches de cociña.

Vostedes implantan un modelo novo de cociña e en troques de agardar a que se poña en funcionamento e despois avaliar a necesidade de persoal no servizo, polo que se ten trasladado, vai haber unha redución. Vostedes dixeron aquí nunha resposta que non se ía reducir o persoal, pero, sen embargo, o que temos agora orzado son cento trece pinches de cociña cando na realidade só traballan no servizo noventa e seis, e só vinte e dúas destas persoas están nunha condición de traballadores e traballadoras fixas.

Teñen vostedes unha elevada precariedade, ademais de ter unha carga de traballo elevadísima, que fomenta, por suposto, a concentración dos accidentes laborais dentro dese servizo. Un servizo que prepara arredor dun milleiro de menús diarios e que, polo tanto, ten unha elevada carga de traballo, que segundo vostedes vai incrementarse máis toda vez que decidiron trasladar o servizo que se ofrece agora mesmo no Hospital de Verín.

A estas alturas, coa cociña nova pechada, co servizo actual dentro dunha cociña absolutamente insalubre e que é un perigo para os traballadores e as traballadoras, e rodeadas dun contorno no que caen as pranchas do teito, que se desmontan os fornos, no que hai pezas do chan levantadas e hai tropezos, señor Almuíña, xa non só queremos que nos diga cando se vai abrir a cociña nova, senón que nos garanta o que está por escrito, é dicir, número de profesionais por categoría, por quenda e cómputo global. Porque non queremos que nos digan que non se vai botar ou que vai haber o mesmo número de traballadores, e que o que signifique iso sexa que os traballadores están pero desprazados a outro servizo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boa tarde.

A verdade, curiosamente, si é certo que xa levan varias preguntas parlamentarias sobre a cociña; sen embargo, en ningún momento faláron do forte investimento que se está facendo



precisamente no Complexo Hospitalario de Ourense, e loxicamente na cociña. É que na cociña estamos investindo 5,2 millóns de euros, precisamente porque entendemos que a cociña que había ata este momento pois era mellorable. E por iso está facéndose ese cambio. Ese cambio leva —como digo— a un investimento de 5,2 millóns con adecuación das distintas zonas que permiten mellorar as instalacións para o seu correcto funcionamento e o cumprimento da normativa en electricidade, fontanería, iluminación, frío industrial, clima, saneamento, gas, incendios, voz e datos.

Con esta nova cociña evítaranse os cruzamentos da circulación, minimizando os riscos hixiénico-sanitarios, mellorando as condicións laborais de todos os profesionais. O que queremos é acurtar eses prazos. Está claro, é así. Pero diso non se fala nada, parece que se tomou unha decisión de non facer cambios. Estamos facendo cambios, e despois do novo edificio de hospitalización imos seguir co plan director, e loxicamente a cociña para nós é prioritaria e trataremos de corrixila.

Como xa dicía na resposta doutra pregunta parlamentaria, a cociña vai seguir sendo xestionada directamente polo Servizo Galego de Saúde; sabe que hai noutros centros que non é así. E non só manterá todos os postos de traballo actualmente desempeñados por persoal estable, senón que se incrementarán coa introdución de novos postos de traballo. Concretamente, creamos catro novos postos de traballo para profesionais titulados en Dietética e Nutrición, que aportarán garantía e seguridade e calidade ao servizo, e ademais incorpórase un cociñeiro a maiores da dotación actual.

Insisto: as convocatorias para a cobertura de postos sempre se realiza consonte a normativa de selección e provisión vixente.

E respecto do actual xefe de cociña, non existe ningunha previsión de xubilación.

Polo tanto, non se perden prazos, senón que, pola contra, se incrementan —como digo— con estes catro novos especialistas e un cociñeiro.

A xerencia presentou un plan funcional adaptado á nova cociña realista e adecuado pero suxeito a negociación. Hai que ter en conta cando interpretamos un plan funcional que non se pode equiparar presenza a persoas, porque para garantir as presenzas son necesarias máis profesionais que as da suma total.

Por outra parte, continuamos nun proceso de negociación aberta coas organizacións sindicais, como non podía ser doutra forma. O día 18 houbo unha reunión e o día 22, dentro de dous días, haberá unha nova reunión coa comisión de centro para seguir avanzando.

Por certo, teño que dicirlle respecto do que pasou a pasada fin de semana, que xa a anterior parlamentaria na pregunta dixo que houbo un accidente laboral, se se entende que a rotura dun cristal dun forno que non afectou para nada o exterior, entendemos que non houbo ningunha implicación ao persoal. Polo tanto, creo que hai que deixar de alarmar.

Desde logo, hai que tratar entre todos de acurtar prazos e imos poder facelo no menor tempo posible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, o modelo de cociña e o custo tan elevado da cociña decidíronos vostedes. Unha cociña tradicional de liña quente era máis barata, era a que querían os profesionais, era a que se lles pediu por parte das centrais sindicais e era a que se lles pediu por parte dos diferentes grupos parlamentarios. Polo tanto, vostedes saberán en que gastaron os cartos. Nós aínda non o sabemos, porque a cociña segue sen abrir.

Debería informarse sobre o accidente laboral, porque houbo unha fractura, e o tema do forno é outro tema. E hai problemas graves, se a vostede lle parece normal que estale unha porta dun forno, que se desprenda un teito e que a xente caia no chan, que foi o que aconteceu. Por iso, probablemente vostede non o saiba, seguramente non o informaron (*Interrupción.*) —¿podo seguir facendo a pregunta?, ¿podemos terminar o pleno?— seguramente, señor conselleiro, debería estar moito máis preocupado por esta situación. E reitero: unha cociña na que hai ratas, e aparecen ratas mortas, e nesas condicións estanse facendo mil menús diarios no hospital. Esa é a situación, señor Almuíña.

E eu fixen unha pregunta que vostede ten por escrito e unha pregunta moi concreta. Se se incorporan dietistas parécenos estupendo, porque xa era hora de dar cumprimento a esa iniciativa que se propuxo por parte de Alternativa Galega de Esquerda na pasada lexislatura e que se aprobou nesta cámara. Pero o que queremos saber é o que vai pasar sos pinches de cociña e cal é o número de profesionais que vai haber en cada quenda, porque non se fían os traballadores e as traballadoras e pedíronnos que preguntáramos isto.

Vostede dixo que non se ía reducir persoal, pero —insisto— dos noventa e seis pinches que traballan agora mesmo, só vinte e dous son fixos, e polo tanto vostedes, como non teñen unha praza estabilizada nese servizo, poderían mover traballadores. E esa é a realidade, e poderían reducir as prazas daquelas persoas que están de xeito eventual e que non teñen esa praza en propiedade.

Polo tanto, o que quero é que conteste a pregunta que ten por escrito: número de traballadores por categoría profesional, por quenda e non global.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

A verdade é que é a primeira vez que a oposición me di que invistamos menos, que lle parece moito investimento o da cociña. Eu creo que é o que é, e sabemos exactamente en que se inviste porque está todo publicado. O coñecemento téñeno moi claro, van á páxina de contra-



tación e téñeno claro, non hai ningunha dúbida. E, desde logo, imos seguir investindo cada vez máis en sanidade; é así, aínda que non que lles guste.

Mire: imos ter nas próximas semanas unha excelente cociña que contará con luz natural, ventilación, climatización, maquinaria adaptada ás necesidades da ergonomía, co fin de ofrecer un axeitado contorno de traballo aos nosos profesionais. Para a dotación do equipamento da cociña tívose moi en conta de xeito particular a saúde dos traballadores desde o punto de vista tanto de condicións ambientais como de ergonomía. Vai ser unha das mellores cociñas hospitalarias que hai a nivel nacional. E, desde logo, xa sei que non gusta, pero vai ser así. Profesionais que mantiveron distintas reunións coa Xerencia, profesionais que manterán os seus postos de traballo e —como digo— ampliando incluso eses postos de traballo; a máis persoal, máis especializado do que tiñamos ata este momento, eses catro novos postos profesionais titulados de Dietética e Nutrición mais ese de cociñeiro.

Unha cociña que vai traballar en liña mixta con alternancia da liña quente e fría. Unha vez definidos os procesos para levar a cabo que constituíron a esencia e o deseño da planta de cociña configúrouse unha cociña central onde poden desenvolver os procesos en liña quente e fría de xeito combinado para dar servizo ao complexo hospitalario. O sistema aportado permítenos unha xestión personalizado das dietas, microproduccións, alerxias e a elección do menú por parte dos pacientes, todo iso sincronizado coas instalacións, a arquitectura da cociña e o equipamento que persegue o obxectivo norma UNE 16070:2014, sobre a liña fría e a lexislación sectorial vixente. Todo isto sen menoscabo da calidade do servizo nin da calidade alimentaria.

Quero aclararlle que o acontecido na cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense que vostede referiu no pleno da semana pasada, non foi vostede, foi unha deputada que dixo que houbo un accidente laboral cunha explosión dun forno. Ligou o forno ao accidente laboral, e non foi así. Corrixíuse de forma inmediata.

Polo tanto, quero dicirlle que imos seguir traballando para mellorar a calidade de servizo, de todo tipo de servizos, e por suposto para nós a cociña é fundamental.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Murmurios.)

Xa terminou a pregunta.

Tranquilidade, xa está.

Pregunta de D Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para garantirlle unha alternativa habitacional a unha familia residente en Vigo que pode ser desafiuzada do seu domicilio nos vindeiros días por non poder afrontar o pagamento do seu alugueiro cos ingresos da Risga



O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Antón Sánchez, do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde, señora conselleira.

Unha familia de Vigo —pai, nai con dúas fillas de sete e trece anos— vai ser desafiuzada. Non é un caso illado, desgraciadamente, nin neste país nin na cidade de Vigo. A Xunta de Galicia, o Goberno galego, non dá solución, porque non se lle pode chamar solución a ofrecer unha vivenda pública en Vila de Cruces, a 132 quilómetros, ou na Cañiza, a 56 quilómetros, sacando a familia, xa nunha situación moi difícil, do seu contorno, dos colexios, das amizades, etc.

Nunha cidade que sofre dende hai anos, como en todo o país, o drama dos desafiuzamentos, a Xunta de Galicia, despois de dez anos de Goberno Feijóo, non ten un parque público de vivenda para dar solución a casos coma este, para dar solucións para a mocidade que quere emanciparse ou para regular o mercado da vivenda e frear a escalada dos prezos. ¿Como é posible?, preguntámonos nós. Cremos que é por falta de vontade para facer políticas que garantan o dereito á vivenda; non se defende o dereito a unha vivenda digna.

¿Que vai facer o Goberno galego neste caso concreto, señora conselleira? ¿Que vai facer o Goberno para cambiar as súas políticas de vivenda se ten vontade? Hoxe, 20 de novembro, é o Día da Infancia, e utilízase ese día para dar a coñecer os dereitos dos nenos e das nenas; entre eles está o dereito a un fogar, a unha vivenda, a unha estabilidade. E estas nenas levan moito tempo sufrindo unha situación que non deberían de sufrir nun país que se preocupase de todos.

Señora conselleira, é intolerable o que está pasando día tras día, porque vostedes non fan unha política de defensa dos dereitos das persoas.

Vostedes son coñecedores de que os salarios de moita xente non dan para pagar alugueiros, non dan para pagar unha hipoteca, e están sendo desafiuzados diariamente. Estanse destinando cada vez máis recursos ao pago das vivendas, e non hai ningún mecanismo que poñan vostedes enriba da mesa para regular os prezos. Non poñen ningún mecanismo para darlle alternativa habitacional, como debería de ser nas cidades como Vigo onde hai este problema, nas cidades como A Coruña onde non están construíndo vivenda pública porque a teñen paralizada, porque non queren; teñen paralizada a construción de vivenda, de protección, etc. ¿Cando van cambiar dunha vez por todas?, ¿cando se van preocupar destes verdadeiros dramas que están pasando todos os días no noso país, señora conselleira?

Non nos cansaremos de insistir en que é unha enorme inxustiza que desde as administracións públicas se fagan políticas para incrementar os beneficios dos especuladores e se deixen de lado, e se trate de invisibilizar, problemas que ocorren a diario como o desta familia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.



Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Boa tarde, señor presidente.

Moitas grazas, señor Sánchez.

A Xunta de Galicia leva dende o ano 2012 poñendo enriba da mesa doce medidas de loita contra os desafuzamentos, en defensa do dereito á vivenda. Dentro desas medidas, chegamos a acordos coa Sareb e coas distintas entidades financeiras e, ao mesmo tempo, seguimos ampliando o parque de vivendas, non só con nova vivenda senón tamén a través do ámbito da rehabilitación. Pero somos totalmente conscientes de que o número de vivendas —nin as propias do IGVS, nin tan sequera as cedidas polas entidades financeiras— son suficientes. De aí que se puxese tamén enriba da vivenda e dentro do que é o programa social o Programa de vivendas baleiras.

O obstáculo a este programa en Vigo foi total e absoluto, e alí onde vostedes gobernaron o obstáculo foi tamén total e absoluto. ¡Bah! Se total é que a vivenda non lles compete aos concellos. ¡Bah! Se total a vivenda é simplemente obxectivo da Xunta. Pois aí teñen a Lei de bases de réxime local, que no artigo 25 atribúe esa competencia. E di a patronal —só a patronal, porque despois si que hai outros datos— que só en Vigo hai cinco mil cen vivendas baleiras. ¿Que poñía a Xunta? O orzamento. ¿E que tiña que facer o concello? Simplemente a xestión; a adhesión a través dun programa que foi a través da Fegamp, e aínda así non quixeron facelo. E é unha mágoa, ¡vaia se é unha mágoa!

Por un lado, dentro deste programa finánciase o cen por cento do custo de seguros de impagados, en multirrisco, porque, segundo as distintas enquisas, se estas vivendas non saen ao mercado é porque cren que teñen un risco e, polo tanto, non as poñen en alugueiro. Ese seguro de multirrisco e de fogar cubría o cen por cento a Xunta de Galicia e, á parte, ofrécense axudas de ata oito mil euros aos propietarios das vivendas adheridas para a adecuación previa antes de sacalas ao mercado. Pois este é o caso de Vigo, pero poderíalle dicir algún caso máis no que se dixo: non me adhiro ao Programa de vivendas baleiras. Pero sen ningún tipo de explicación.

Poderíalle dicir máis. Estou de acordo cando vostede di: é que teñen freado o desenvolvemento da vivenda social en Vigo. Pois a verdade é que temos investidos no caso de Vigo doce millóns de euros, que podemos dicir que están tirados, agardando simplemente por que se aprrobe un plan no Concello de Vigo, e de repente a única escusa é: é que quero un instituto. E digo eu: ¿que terá que ver a vivenda de promoción con querer un instituto? Pero despois tirámonos dos pelos, e dicimos: é que non hai solución. E, ao final, ¿que é o que concede a Xunta de Galicia? O bono alugueiro. E faino a través do programa Reconduce, que xestiona a Consellería de Política Social.

Esta familia ten concedido...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Ten outra rolda despois.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Despois céntrome en concreto nela.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, eu non sei como ten tan pouca vergonza de falar aquí do Programa de vivendas baleiras cos resultados que levan obtido. Xa lle teño dito moitas veces: no ano 2018, dúas subvencións en todo o país. ¿Que pasa con Ourense, que se adheriu? ¿Que pasa con Noia, que pasa con Cambre, que pasa cos sesenta e nove concellos que se adheriron, señora conselleira?

¡Como ten tan pouca vergonza para cando lle pregunto por algo tan concreto dunha familia que vai ser desafiuzada á que en Vigo a Xunta de Galicia non ten ningunha vivenda pública que ofrecerlle e á que mandan a 132 quilómetros como única solución, ou á Cañiza a 56 quilómetros! ¡Como ten tan pouca vergonza de botar balóns fóra, de botarlles a culpa aos demais e de non asumir a súa responsabilidade! É unha auténtica vergonza. ¡Conteste! ¡Conteste! É o seu deber darlles solucións a estas persoas! Solucións que non lles dan.

Día tras día, a xente que ten problemas en Vigo non ten vivenda. E a min non me importa e a esa xente non lle importa que se boten os trastes do Concello para a Xunta e da Xunta para o Concello. Son os dous responsables, pero que o Concello de Vigo non faga os seus deberes non é excusa para que vostedes tampouco os fagan. *(Aplausos.)*

Porque hai catorce mil demandantes inscritos no Rexistro de demandantes que piden vivenda de protección; dez mil deles en alugueiro. E vostedes construíron vinte nos últimos catro anos, que hai datos oficiais. ¡Vinte! ¡Vinte, señora conselleira! É de vergonza.

Conteste claramente sobre que vai facer para cambiar as súas políticas, que son unha auténtico fiasco. Esas doce medidas son un fiasco, porque na realidade pasa o que pasa: a unha persoa na cidade máis importante de Galicia vostedes non teñen unha vivenda que ofrecerlle. ¿Que lle van ofrecer a esta familia para darlle unha solución que non signifique irse a 132 quilómetros da súa residencia actual? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Peche, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, tal agresividade non é boa, sobre todo cando falamos de familias e cando hai polo medio menores... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Non, perdoe, agresividade é a súa, e polo tanto deberíámonos de calmar.

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, silencio. (*Murmurios.*)

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Doulle datos, señor Sánchez.

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Concello de Vigo: cincocentas vivendas propiedade do IGVS... (*Murmurios.*) Non sei se lles interesa ou non.

O señor PRESIDENTE: Por favor, está no uso da palabra a conselleira. Dígollo porque deben de respectala. Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Concello de Vigo: cincocentas vivendas propiedade do IGVS, adxudicadas en réxime de alugueiro, ás cales hai que sumar seiscentas cincuenta vivendas adxudicadas en réxime de acceso directo con opción de compra. A isto temos que engadir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*) Si, señor Sánchez, vaia vostede a Patrimonio da Xunta... (*Murmurios*) ¿Como que onde? En Vigo: cincocentas en réxime de alugueiro, seiscentas cincuenta en réxime de alugueiro con opción de compra. ¡É capaz de dicir que non! É que está no Patrimonio da Xunta de Galicia, señor Sánchez. A iso temos que engadir que agora mesmo se están construíndo sesenta e oito máis, que temos convenio de once vivendas coa Sareb, oito con Abanca, e que, ademais, se rehabilitaron cento seis no casco vello. Total: 1.343 vivenda, señor Sánchez. Pero é certo que podíamos estar construíndo mil seiscentas máis, e é certo que no orzamento levamos seis millóns de euros que non puidemos executar tampouco este ano porque estamos pendentes de que alguén tome a determinación, que é o Concello. (*Murmurios.*)

Aínda así, eu dígolle, desta vivenda en concreto e desta familia en concreto: está sendo atendida polo programa Reconduce, solicitou o bono alugueiro social, asesorouse os afectados, concedéuselle o bono alugueiro —son 225 euros ao mes durante un ano, prorrogable ata tres anos— e unha axuda inicial única de seiscentos euros. Á parte disto, e efectivamente como a familia non foi quen —porque non había quen lle alugara, independentemente de que hai cinco mil cen vivendas baleiras segundo a patronal—, fáiselle unha adxudicación directa por parte do IGVS, señor Sánchez. E fáiselle alí onde as hai —porque comprenderá que non podemos quitar cincocentas familias nin seiscentas cincuenta familias que están vivindo nos réximes concretos— e ofrécéselle en Caldas de Reis e en Tomiño. Ao non dar resposta, porque me imaxino que eles estarán buscando a través dese bono alugueiro, pois é certo que a de Caldas xa foi adxudicada a outra familia, e queda a opción de seguir tendo a de Tomiño e tamén a da Cañiza.

Polo tanto, non é que non se dea resposta; dáse resposta na medida das posibilidades á familia e non se deixa desamparada a familia. Ademais, faise a través do que é o programa Reconduce, que é o que está habilitado neste momento a través de Política Social.



¿Podíase facer máis? Por suposto. ¿E que hai competencias por parte dos concellos? Tamén hai competencias por parte dos concellos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): O que lle podo dicir é que nos orzamentos son cento dezaoto millóns de euros, dos cales trinta e seis van dirixidos a acceder á vivenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Consellaría respecto do posible impacto do acordo da Unión Europea con Mercosur para o medio rural de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta do señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Conselleiro, estamos cansos de que a agricultura e a gandería sexan a moeda de cambio; son quen sempre perde nas operacións de penetración nos mercados. Agora, unha vez máis, volvemos ao sacrificio para beneficiar a industria automobilística, as grandes compañías e os bancos, porque Mercosur é xa o principal exportador de produtos agrícolas básicos á Unión Europea. Porque xa en 2018, a Unión Europea importou de Mercosur produtos agroalimentarios por valor de 18.570 millóns de euros, e as exportacións europeas de volta non superaron os 2.200 millóns.

As organizacións agrarias conscientes levan tempo alertando de que o sector agrogandeiro vai sufrir un serio descalabro se non se arbitran medidas de contención, e a experiencia dinos que o rural galego leva demasiado tempo apandando. Non hai medida que beneficie España ou Europa que non se veña para nós do través.

E agora como non abundaba co que había, para que se notase a importante presenza española, vai o Goberno do Estado e encabeza con Alemaña o empuxón definitivo para axilizar e rematar o tratado con Mercosur, que levaba vinte anos tratándose.

¿Quen se beneficia? Xa o dixemos: a industria do automóbil, maquinaria, químicas e as grandes compañías e os bancos. ¿E quen as vai pagar? Pois miren: prevense ao redor de cen mil toneladas de carne de vacún a baixo prezo e con baixas exixencias sanitarias, medioambientais e de trazabilidade nos nosos mercados.

O comisario Phil Hogan recoñeceu que foron feitas significativas concesións en materia agrícola e agroalimentaria, e fala das IXP como posible alternativa de defensa dos sectores pola súa penetración nos mercados dos países de Mercosur para consumo de elites sociais.



Desde o BNG, cremos que cómpre poñer na balanza, ademais dos grandes beneficiados polo tratado, os milleiros de explotacións familiares que se verán afectadas negativamente.

Francia e o seu Goberno encomendou a un grupo independente de expertos un estudo completo e transparente do impacto deste acordo sobre a produción francesa. Cremos que a súa consellería a estas alturas debera ter cando menos unha posición e algunha previsión sobre as consecuencias do tratado na produción e transformación do noso rural.

¿Cal é pois a valoración que fai a consellería do impacto que este acordo pode ter para o noso medio rural?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi boas tardes, señor presidente, señorías.

Moi boas tardes, señor Rivas.

Antes de nada, teño que recoñecer que me parece a súa unha pregunta moi interesante. Mire: Galicia ten exactamente 29.575 quilómetros cadrados...

O señor PRESIDENTE: Micrófono, micrófono. Suba o micrófono para arriba, que se escoita mal.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ¿E que lle fago? ¿Así escóitase fóra?

O señor PRESIDENTE: Si, si. Aí escóitase mellor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Non me conte estes segundos. (*Risos*)

Nin un quilómetro máis, nin un quilómetro menos. E nestes 29.575 quilómetros temos a fortuna de vivir 2,7 millóns de galegos e de galegas que amamos a nosa terra por riba de todo. Somos un pequeno gran pobo, un pequeno gran pobo que ten no seu sector primario os mellores produtos do mundo.

Estamos nun mundo cada vez máis competitivo e globalizado. Esta nova época fai que os países máis afastados se acerquen, e con eles os seus produtos. Un mundo máis competitivo e globalizado no que, señor Rivas, hai que estar, porque, entre estar ou non estar, Galicia decide estar. E eu sempre digo que en Galicia temos que competir non por cantidade senón por calidade. Galicia non é de extensión, é de excelencia. Eu, que entendo profundamente a súa pregunta, como bo galego, téñolle que dicir que depende.



Evidentemente, penso que este acordo é moi beneficioso para as dúas partes; tanto para a Unión Europea como para Mercosur. Como en todo acordo comercial no que se eliminan os aranceis, é previsible un aumento progresivo de intercambio de mercadorías e servizos entre a Unión Europea e o Mercosur. Isto suporá —é certo— unha maior entrada na Unión Europea de produtos agrarios procedentes do Mercosur, pero tamén medrarán os produtos agrarios europeos exportados cara a alí.

Actualmente, a maioría dos produtos que a Unión Europea importa de Mercosur —é certo— son produtos agroalimentarios, pero tamén é certo que xa en moitos casos disfrutan de aranceis moi reducidos. Cómpre destacar ademais que a redución de aranceis prevista no tratado vai ser progresiva, e no caso de algúns produtos como a carne de vacún existen límites aos volumes de produtos beneficiados destas reducións con destino á Unión Europea. Isto deixa certa marxe de adaptación aos sectores que se podían ver prexudicados.

Neste mundo, cada vez máis globalizado e de contrastes, estanse poñendo de moda, señor Rivas, —e iso si que é preocupante— os illamentos. Só hai que ver o *Brexit* ou a guerra comercial entre China e os Estados Unidos. Ese proteccionismo é o que está facendo dano, en concreto a produtos galegos de máxima calidade. Mire os viños e o que está a pasar nos Estados Unidos. Polo tanto, eu desconfiaría máis dese proteccionismo e dese illamento que da liberalización do mercado.

Galicia —e remato xa— non se pode illar. E eu penso —e por iso son optimista de cara a este e outros convenios— que coa calidade dos nosos produtos, que son os mellores do mundo, Galicia pode competir neste mundo globalizado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: De verdade que me gustou moito iso de «un pequeno gran pobo», pero... ¿un pequeno gran pobo con eses non sei cantos miles de quilómetros cadrados que vostede dixo a pleno rendemento de produción, ou simplemente uns pouquiños para sacar uns produtos inmellorables e satisfacer as apetencias de certas propagandas? ¡Claro! Porque vostede non me falou nada de se hai previsións ou non hai previsións. Vostede non fixo unha prospección no mercado do impacto que vai ter esa entrada, ese aumento de intercambio —o «de intercambio» é unha tontería— ese aumento de exportacións por parte de Mercosur.

Mire vostede, o Estado francés fixo os seus deberes desde hai tempo. A Unión de Unións de organizacións agrarias levan petando na porta da UE e levan facendo moito barullo exixindo que haxa contramedidas, que haxa contraprestacións, pero vostede non me falou de nada diso. É dicir, ¿vai haber políticas compensatorias? ¿Vai ou non vai haber?

¿A Xunta de Galicia, e a súa consellería en concreto, fixo algún plan de continxencia, algún plan de presión sobre da UE e sobre do Estado español para que dunha vez por todas Galicia



non apande outra vez máis? É que estamos cansos de apandar. Entramos no Mercado Común e aquilo ía ser unha marabilla. Entramos nas mellores das condicións, aquilo ía ser a panacea da panaceas. Iamos ser xa cidadáns europeos e iamos desfrutar do Estado do benestar. Descúlpeme, *¡taratarí que te vi!* Non pasou nada diso, máis ben ao contrario.

É dicir, estabamos en pleno despegue agrogandeiro e resulta que se nos cortou. Pasóusenos a coitela e tivemos que agachar a cabeza. Viñeron as cotas e houbo que abandonar explotacións, ¡e pagóusenos por non traballar!, cousa que ningunha das persoas maiores que eu coñecín —e coñecín moitas na miña vida— concibiu e comprendeu como se nos pode pagar por abandonar o traballo. E agora vennos vostede dicir que temos que poñernos ¿en clave de que?, ¿como nos temos que poñer outra vez máis?

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Mire, señor conselleiro, fagan os seus deberes e defendan a agroalimentación deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señor Rivas, dende o aprecio persoal que sabe que lle teño, debe ter coidado, que está falando dos nosos agricultores e gandeiros, que o poden escoitar. Agora, que cobran por non traballar. Bueno... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* que falamos... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* é que volvemos...

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Rivas.

Xa está, estamos acabando.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Fala de barullo. ¡Bueno!

¿Sabe cal foi o primeiro mercado no que entramos agora, falando do Mercosur? O Mercado Común, a Unión Europea. Está a poñer en dúbida o beneficio que ten levado a Unión Europea á agricultura e gandería galega. Está poñendo en dúbida 2.000 millóns de euros en cada período da PAC, dos cales, 800 millóns son para desenvolvemento agrario. Señorías, é que xa son cousas que me custa ata comprender, descúlpeme que llo diga así, señor Rivas.

Eu o que digo é que Galicia pode competir e debe competir no mundo globalizado. Temos grandes embaixadores da nosa terra polo mundo adiante como poden ser os nosos viños, pero tamén a nosa carne, que vai competir, sen ningunha dúbida, neste Mercosur.

Galicia é un territorio ben coñecido pola nosa boa gastronomía e é algo que debemos seguir explotando, aproveitándonos de acordos como estes para seguir abrindo fronteiras aos nosos produtos. Deixémonos de illamentos. O rural ten que ser un dos motores do futuro de Galicia, do presente e da Galicia que vén. Por iso, abrir fronteiras e dinamizar industrias, apostando



pola internacionalización e polo investimento en I+D+i, é a clave á hora de garantir un futuro digno para o rural galego.

Dicía antes que Galicia ten que estar e ten que competir. Para iso, o que temos que ter é orgullo de levar polo mundo adiante os nosos produtos. Para min non os hai mellores, e seguro que para todos vostedes tampouco. Por iso, é vital mellorar o posicionamento dos produtos galegos nos mercados exteriores, reforzar a imaxe de marca e identidade vinculada á nosa terra por medio da coñecida «Galicia Calidade», que se ten que reforzar no ámbito agroalimentario tamén, e ademais, traballar na mellor eficacia da nosa promoción e comercialización.

E xa para finalizar, cómpre destacar que, segundo o que se coñece do acordo, señor Rivas, os produtos agrícolas que entren na Unión Europea procedentes dos países do Mercosur estarán sometidos ás mesmas exixencias —que xa son moi altas— que ata o de agora, e son as mesmas que teñen que soportar os producidos no territorio comunitario.

Hai moitas organizacións agrarias europeas, como algunhas das que vostede di, que temen os incumprimentos que poidan darse nesta teórica vara de medir. O cumprimento destas exixencias é responsabilidade, en gran medida, dos puntos de entrada das mercadorías no territorio comunitario, e isto depende directamente dos estados membros, neste caso de España.

Pola miña banda, nada máis. Agradezo moito a súa pregunta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Óscar Vilar Chento e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Vilar Chento.

O señor VILAR CHENTO: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor González.

A cuestión que eu hoxe lle formulo aquí, a estas alturas da lexislatura, non debería ser obxecto de debate. Este mandato acuñado por vostedes como «a lexislatura do rural» debería ter alcanzado os seus obxectivos máis importantes. Debería ter apostado pola xente que traballa, coida e reside no rural galego. Tristemente, os feitos e a realidade manifestan que a lexislatura do rural é unha lexislatura máis que cuestionable, unha lexislatura que está a quedar nun mero slogan.

Prometía o señor Feijóo no ano 2016 axudas para as pequenas explotacións lácteas, co fin de facelas máis rendibles e evitar así o seu peche. A realidade é que cada día pechan máis



explotacións leiteiras. Agora mesmo estamos nunha media dunha por día, tal como indican os datos do Fondo Español de Garantía Agraria.

Segundo estes datos, en outubro do ano 2016 había en Galicia 8.602 gandeiros e gandeiras con entregas. En setembro do ano 2019 baixamos a 7.249; é dicir, 1.353 explotacións leiteiras menos desde que vostedes gobernan. Tamén presumen vostedes de que se incorporaron máis de seiscentos mozos ás explotacións agrarias, e, despois, a moitos deses recentemente incorporados négalles as axudas para modernizas as súas instalacións. Esta é outra realidade.

Outro exemplo son as concentracións parcelarias decretadas e pendentes. Concentracións parcelarias que na gran maioría dos casos levan máis de vinte anos de atraso. Como exemplos: Gonzar II, no Pino, Vilvestro e Figueiras en Santiago, Noceda, Bendoiro, Anzo, Madriñán e Busto en Lalín, etc.

O Goberno galego anunciou *a bombo y platillo* que neste mandato remataría con todas as concentracións parcelarias, un compromiso ratificado en varias ocasións pola anterior conselleira e tamén polo presidente Feijóo. Señor González, vostede na comparecencia da Comisión 3ª para explicar os seus orzamentos esquivou este asunto. Non mencionou as concentracións. É certo que falou da futura lei da mobilidade de terras, pero non falou dos procesos de concentración. Sei que a estas alturas de lexislatura seguir mantendo e seguir ratificando este compromiso é difícil, e tamén é difícil de crer que se vaia conseguir. E digo que resulta moi difícil de crer porque basta con que repasemos os avances neste campo. A comezos do ano 2016 había en Galicia 137 concentracións pendentes e no ano 2018, 128. Agora quedan 104 procesos, xunto a outros 17 que teñen pendente a entrega de títulos.

Resumindo, dende o ano 2016 tan só avanzaron en 33 procesos, ou dito doutra maneira, a súa media está en 11 procesos por ano. Agora, vostedes queren que sigamos confiando en que nos nove meses que restan de lexislatura van rematar os 104 procesos. ¿Vostede tamén mantén este compromiso?

Sabemos que os procesos de concentración impulsan o desenvolvemento do sector lácteo, permiten unha ordenación da superficie agraria e forestal e, sobre todo, adaptan o territorio ás necesidades de cada zona segundo os seus usos.

Xa para rematar, formúlolle a cuestión: ¿cales son as causas do nulo avance nos procesos de concentración parcelaria nesta lexislatura?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vilar.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi boas tardes outra vez.

Teño que cambiar o encabezamento porque tiña o señor Pérez Seco, señor Vilar Chento.



Alégrome desta pregunta, de verdade, porque estou un pouco farto de escoitar moitas mentiras en relación coas concentracións. A ver se lle aclaro algo hoxe.

O primeiro que lle teño que dicir é que, ademais da Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia que está facendo o Grupo Parlamentario Popular, que vai significar unha revolución —seguro— na mobilización da terra en Galicia, estamos a traballar arreo nas concentracións. Polo tanto, eu son o principal defensor das concentracións.

Para falar de concentracións temos que poñer os datos enriba da mesa. Estamos a falar de que en Galicia se levan feito —tomen nota, señorías— 1.025 zonas de reestruturación parcelaria. Falamos de 540.000 hectáreas e beneficiamos a máis de 428.000 propietarios e 4,1 millóns de parcelas. Estamos a falar, no conxunto destas concentracións, dun investimento impresionante. Estamos arredor de dous mil millóns de euros.

Se temos en conta que vostedes, o Bipartito, gobernou catro anos nesta comunidade autónoma, concordarán comigo en que a maior parte desta cantidade foi feita polo Partido Popular, polo partido que eu represento, que aí demostra o seu compromiso coas concentracións parcelarias. Son 1.025, o 90 % xa rematadas e un 10 % aínda activas, 121, como ben dicía vostede. Neste momento temos abertas concentracións parcelarias que supoñen un total de 120.000 hectáreas e uns 90.000 propietarios. Señorías, nestas 121 concentracións parcelarias abertas temos realizado o 95 % do investimento, quedáanos só un 5 %, e boa parte dese investimento fíxose nesta lexislatura, máis de cen millóns de euros. Ademais destas 121 abertas, temos outras 130 peticións de concentracións parcelarias.

O que fixemos no ano 2015 foi modificar a lei que regula as concentracións para axilizar a súa tramitación administrativa, Lei 4/2015, que é a Metaga. E fixemos algo máis no 2015, algo que dita o sentido común, dixemos: «rematemos as concentracións parcelarias que están abertas antes de decretar outras novas». ¿Saben quen fixo o mesmo? Un conselleiro que se chamaba Alfredo Suárez Canal, que nos catro anos que estivo decretou só seis zonas novas de concentración e ao que se dedicou foi a finalizar as que tiña abertas. Por certo, deixou bastantes abertas.

¿Saben que pasou tamén no ano 2015? Que se produce unha modificación da lexislación hipotecaria que supón un importante atranco para poder avanzar na tramitación das concentracións ata a entrega dos títulos. En concreto, obríganos a que nos planos das concentracións teña que coincidir o metro co que pon nos títulos. Isto é practicamente imposible en planos de concentracións que se iniciaron, algunha delas, hai vinte anos. É un traballo moi custoso e moi laborioso para a súa adecuación.

Na réplica continuarei explicando como está a tramitación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Vilar Chento.

O señor VILAR CHENTO: Moitas grazas, señor presidente.



Señor González, non me respondeu ás cuestións que eu lle formulei. Volveu vostede falar da nova Lei de mobilidade de terras. Eu non lle preguntei sobre esa futura Lei da recuperación e posta en valor da terra agraria en Galicia. Haberá tempo para falar diso nesta Cámara.

Eu pregunteille por un asunto moi en concreto. Pregunteille se vostede segue a manter o compromiso de rematar os 104 procesos pendentes no que resta de lexislatura. Pregunteille cales son as causas do nulo avance neste campo, cales son eses motivos, ¡algún motivo haberá! Dígame se é debido a trabas administrativas, se é debido a unha falta de recursos ou a unha falta de orzamento. Os feitos están aí, en tres anos tan só avanzaron en 33 procesos. Con data 20 de novembro do 2019 seguen pendentes estes 104.

Non falou vostede de orzamentos, pero o outro día tiñamos unha nota de prensa de Medio Rural sobre orzamentos. No que vai de lexislatura, levan investido nos procesos de concentración 80 millóns de euros. Con eses 80 millóns axilizaron 33 procesos. Este ano, segundo os seus datos, van investir 20 millóns, e pretenden con 20 millóns rematar os 104 procesos que hai abertos. ¡Xa me dirá vostede como van facer! Se precisaron 80 millóns para rematar 33, ¿como van facer con 20 para rematar 104? ¿Cal é a fórmula? *(Un señor deputado: Variña máxica.) (Aplausos.)*

Eu xa sei que vostedes son únicos acuñando slogans, acuñaron vostedes o da «lexislatura do rural», acuñaron vostedes o de «facer máis con menos». Pero gobernar é algo máis que acuñar slogans, señores do Goberno.

Señor conselleiro, non hai moitos días liamos unha entrevista dunha muller gandeira de Lalín que dicía que un dos peores problemas para o rural era a falta de concentracións. ¿Que lles responde a eses gandeiros que están a esperar polas concentracións? ¿Segue mantendo o compromiso de rematar as concentracións no que resta de lexislatura? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vilar Chento.

Peche da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Si.

Estamos de acordo nunha cifra que son as 121 zonas de concentración. Agora imos falar do que xa falei na primeira parte da miña exposición.

Dende o ano 2016, nesta lexislatura falamos de que se investiron, como ben di vostede, 100 millóns de euros: 80 millóns máis os 20 deste ano. Pero dinlle un dato que, ¡se fai os números!... Esas 121 concentracións xa teñen o 95 % do investimento cumprido. Queda o traballo final, que non é unha cuestión de investimento, e aí si que hai atrancos administrativos. Expliqueillo, pero vólvollo explicar, que non teño problema ningún.

No ano 2015 hai unha modificación da lexislación hipotecaria a nivel nacional que supón un importante atranco, porque di que os datos das fincas, é dicir, a realidade física, os planos, teñen que estar totalmente adaptados ao que poñen os títulos. Isto obríganos a facer un tra-



ballo de precisión para poder facer adaptacións e concentracións que igual teñen os planos de hai vinte anos. É un traballo moi custoso e moi laborioso, que foi o que dificultou que puideramos avanzar nesa última fase. Pero o que estivemos facendo durante estes anos é rematando todos os camiños, toda a planificación que necesitabamos das concentracións parcelarias. Por iso, repítole —e está acreditado— que temos o 95 % do investimento xa realizado nesas concentracións parcelarias.

Por suposto que temos un firme compromiso coas concentracións. Estes compromisos non serven de nada se non van asociados con cartos. Polo tanto, este ano 2020 volvemos investir os 20 millóns de euros que nos permiten rematar orzamentariamente as concentracións.

E a partir de aquí, dado que xa temos o 95 % do investimento, o que temos que facer é concordar cos notarios e rexistradores para poder axilizar a entrega dos títulos.

E contéstolle: a finalización administrativa das concentracións, é dicir, que teñan acordo, vaise dar en practicamente todas elas nesta lexislatura de acordo co compromiso que temos. E entregaremos títulos no maior número posible de concentracións sempre na medida de que este atranco administrativo —que eu llo estou explicando— nolo permita facer e que poidamos apurar nun ámbito que xa non corresponde á administración como son os notarios e os rexistradores.

Para min, e contestando á gandeira, diríalle que o rural se move, o rural é dinámico, o rural ten vida. E por iso entre todos temos que traballar por facer do noso rural un sitio onde se poida vivir e se poida vivir ben. E nestes procesos de concentración —e nós seguiremos apostando por eles porque iniciaremos e decretaremos novas concentracións parcelarias— imos seguir, sen ningunha dúbida, apostando.

Vostedes, señorías, sigan nesa liña de negar os avances do noso rural. Nós seguiremos a solucionar os problemas dos nosos agricultores, gandeiros e silvicultores, neste caso dotándoos da base territorial que necesitan, co noso compromiso que eu teño amosado coas concentracións parcelarias e tamén grazas ao Partido Popular coa Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de 2019

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Teresa Egerique Mosquera, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Presidente.

Boas tardes, conselleira.



O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega recollía compromisos específicos coa nosa frota de baixura. Por exemplo, afirmaba nun parágrafo extraído directamente do programa electoral: «Avanzaremos, da man da Administración estatal, na mellora da xestión das cotas no eido interno, de forma que se eviten consumos prematuros ou especialmente gravosos pola época do peche, fomentando unha distribución anual o máis equitativa e beneficiosa posible en termos de comercialización, de xeito específico no marco da actividade da frota de baixura e litoral na que se comparten cotas».

Ben, a frota do cerco galego, formada por cento cincuenta unidades, decidiu por maioría en xuño de 2019 establecer un tope para as capturas de xurelo durante todo o ano. O límite de 750 quilogramos por tripulante enrolado e día tamén servía para manter un nivel de prezos aceptable ao non inundar o mercado coa especie. Pese a que o acordo non foi unánime, a medida ten como principal obxectivo preservar a cota dispoñible e, por ende, o caladoiro en si. É unha medida que afectará todo este segmento, xa que ante a escaseza doutras especies o xurelo se converte no principal obxectivo do sector, sobre todo a partir dos veráns, cando se espera que a sardiña entre en veda.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicou as resolucións polas que se establecen os criterios para a xestión no 2019 das cantidades máximas de xurelo —foi no mes de agosto—: Resolución do 1 de agosto de 2019, do stock do xurelo do norte entre as distintas frotas e caladoiros; Resolución do 1 de agosto de 2019, dos stocks de xurelo de Fisterra cara ao sur e do xurelo do Cantábrico por parte da frota, e Resolución do 7 de agosto de 2019, do stock do xurelo do norte que pode ser pescado na zona CIEM VIIIc.

O xurelo, por tanto, desde hai anos, é o principal recurso da frota de baixura. E no que vai de ano, segundo a Plataforma Tecnolóxica da Pesca, descargou 7.100 toneladas. Estas capturas foron realizadas tanto polo cerco como polo arrastre, e alcanzaron un valor de 7,8 millóns de euros.

Polo exposto, coas resolucións das que falamos e os datos finais, señora conselleira, preguntámoslle: ¿que balance fai vostede da xestión do xurelo no ano 2019? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, quizais a definición coa que podo dar resposta rápida á súa pregunta é que a miña valoración é positiva con opcións de mellora, e digo «positiva» porque os datos así nolo din. Vostede falaba dunhas descargas, e eu pódolle actualizar os datos: no día de hoxe as descargas de xurelo nos portos galegos son de 35.400 toneladas e unha facturación de case vinte e seis millóns de euros —isto ata o mes de outubro—. E estes datos dan unha sensible



melloría e aumento tanto respecto da media anual dos últimos quince anos como respecto do ano anterior. Así, temos que sinalar que respecto do 2018 esta cifra subiu nun 27 por cento en capturas e a media dos últimos tres lustros —é dicir, nos últimos tres anos— un 67 por cento máis. Por outra banda, no relativo á facturación, esta ascendeu nun 15 por cento con relación ao ano pasado, e case nun 50 por cento con respecto á media dos últimos quince.

Mais cando digo positiva con opcións de mellora vou onde vostede quería centrar o tema, que é importante aproveitar as marxes que temos para mellorar. É dicir, temos que ser capaces de racionalizar as capturas e as descargas para facer un axuste entre a oferta e a demanda, de tal maneira que consigamos incrementar o prezo medio do xurelo, porque é importante que os nosos pescadores teñan que pescar, pero o máis importante é que lle saibamos dar valor a ese produto que obteñen do medio natural.

Por iso, tanto o sector como as administracións temos que ser capaces de lograr ese principio, temos que aproveitar todas as ferramentas legais das que dispomos para facer ese traballo de forma homoxénea en todo o caladoiro; non vale con que só unha comunidade autónoma tome esas decisións. Temos que ser tamén capaces de racionalizar o uso dos sobrantes, sobre todo para conseguir que esta especie —que, como vostede dicía, é tan importante tanto para a frota de artes menores como para a frota do cerco— teña unha axeitada explotación, sobre todo pensando na que se nos pode vir encima para o ano 2020.

De momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas pola súa explicación, conselleira, pola súa profusión de datos ofrecidos, porque eu non os tiña de todo actualizados. Pensei que eran bos, pero aínda os que deu hoxe vostede son mellores e amosan sempre o rigor co que traballa. Comprobámolo tamén na interpelación e o coñecemento que ten vostede do sector.

Moitas grazas, conselleira, tamén por seguir pensando no sector, sabendo ademais especialmente que moitas das cuestións non están na súa man por non ser da súa competencia, pero facendo sempre as propostas en positivo.

Tamén grazas por defender esa frota e unha mellora da xestión ante Madrid, facendo uso racional dos recursos e unha pesca racional. Debemos frear e evitar casos como o do peche e reapertura do bonito que se deu hai ben pouco. E debemos defender sempre o xeito que temos de pescar aquí en Galicia e a forma sostible, o que levamos anos facendo e que vostede leva anos defendendo en Bruxelas e en Madrid.

Moitas grazas, conselleira, por pensar no futuro. Falaba do 2020 e existe unha proposta de recorte das cotas desta especie tanto no Cantábrico como a de Fisterra cara ao sur. E pensou sempre no futuro —e digo isto tamén porque falo do 2009—, é dicir, vostede vén facendo un labor sempre pensando no futuro e hoxe tamén está falando deste tema.



Parece que o sector pide iso, pero tras consultas con eles polo tema do recorte das cotas sabemos que o facían con cláusulas de salvagarda. Polo tanto, incluso sabemos que antes o Goberno central enviaba persoal a esas xuntanzas e ultimamente deixou de enviálo. Polo tanto, preguntamos: se en Madrid ou no Goberno central están actuando deste xeito, ¿que vai facer Galicia neste caso, señora Quintana?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche desta pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señora Egerique, falando de futuro, vostede sabe que a nós nun momento determinado nos acusaron de facer un acordo de repartición de posibilidades de pesca que prexudicaba moito Galicia. Ben, pois vistos os datos que acabamos de citar, pódolle dicir que o ano en que máis descargas de xurelo se fixeron en Galicia foi de 22 millóns de quilos, e neste momento estamos sobre os 35 millóns de quilos. Esas son as perspectivas de malos augurios que algúns facían do que eran as nosas negociacións.

Así e todo, si que temos un problema que se está albiscando para o ano 2020, posto que nestes momentos a proposta que fai a Comisión para a repartición de cotas do ano que vén propón unha baixada dunha media dun 48 por cento para o xurelo, tanto para a zona do Cantábrico como para a zona de Fisterra cara ao sur, mentres que os datos do ICES apuntaban incluso para a zona de Fisterra cara ao sur un incremento dun 24 por cento.

Polo tanto, nós o que estamos dicindo é que a Comisión Europea non debe de dar por válido un acordo dun consello rexional de peláxicos onde os propios representantes do sector pesqueiro galego que foron a esa xuntanza dixeron que ese argumento non se sostiña para ser un plan que se puidera aplicar, porque os únicos países que estaban concernidos nesa situación eran España e Portugal, e que debían de ser estes dous países os que dixeran cal era a maneira de proceder para facer a mellor xestión posible dun recurso do que, polo que acredita o ICES, estamos facendo unha explotación que xa está no rendemento máximo sostible.

É dicir, ¿que vai facer Galicia? Pois Galicia vai seguir traballando, como o vimos facendo dende sempre. Neste caso estamos xa elaborando unhas táboas de impacto socioeconómico que lles aportaremos tanto ao Goberno central como a Bruxelas. Na próxima semana desprazarémonos a unha xuntanza na Secretaría Xeral de Pesca e tamén no Ministerio. Onte mesmo convocamos as comisións de cerco e de arrastre do Consello Galego de Pesca, onde se acordou, por unanimidade, facer este plantexamento e esta demanda tanto ao Goberno central como a Bruxelas. Isto é: Galicia seguirá aportando todos os datos necesarios para que o sector pesqueiro galego cada día siga indo a máis, como o vimos acreditando dende o ano 2009 que chegamos ao goberno.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Ben, antes de despedir como procede o señor Fernández Leiceaga pola súa designación como senador da Comunidade Autónoma, dúas comunicacións que eu quería trasladarlles a todos os deputados e deputadas:

Primeiro, estamos en período de vacinación. Eu recomendo que se vacinen, ¡vacínense! (*Murmurios.*) Porque tamén é a mensaxe que se debe trasladar á sociedade. É bo vacinarse. Entón, eu pídolles a todos vostedes, na medida do posible, que se vacinen. No Servizo Médico están as vacinas dispoñibles. Polo tanto, é un rogo que é bo para a sociedade.

Segundo, mañá imos presentar a colección de arte do Parlamento, un traballo feito e creo que interesante. ¡Era hora de que se catalogase o que temos aquí! Mañá vaise presentar. Só hai catro deputados anotados, e gustaríame que mañá que van vir todos os que teñen aquí máis ou menos unha obra —a maioría deles— os estiveramos arroupando un pouquiño ás seis e media da tarde. Polo tanto, eu pídolles un esforzo, se é posible.

E agora si, imos despedir o señor Leiceaga. Para iso imos dar unha rolda breve de intervencións.

Comezamos co señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Ben, pois aproveitando a oportunidade que nos brinda a Cámara, quixera despedir o deputado Leiceaga, o compañeiro Xaquín, máis compañeiro que adversario durante as sesións parlamentarias desta lexislatura. E darche as grazas tamén polas boas sesións e o bo debate parlamentario, así como polo moito que eu, particularmente, aprendín sobre a economía pública de Galicia. Tamén desexarche sorte na nova andaina na defensa dos intereses do conxunto do país e das súas xentes, que estou seguro, desde de En Marea estamos seguros, de que o farás con moita intelixencia e moita audacia en defensa do ben común.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, pois nós, desde o Grupo Parlamentario do BNG, o primeiro que queremos dicir é que entendemos que isto non é unha despedida, pois o señor Leiceaga abre unha nova etapa na súa vida. É certo que neste parlamento imos perder un deputado que sempre defendía con moita paixón as súas posicións, co que tivemos encontros e desencontros, como é normal en política. Pero creo que iso tamén forma parte do que nos enriquece, do que nos fai tamén aos demais ter máis audacia á hora de poder defender as nosas posicións, e sobre todo que fortalece o sistema democrático.

Tamén dicir que nos parece que ese salto ou non-salto, ese cambio de perspectiva, ten unha responsabilidade engadida polo feito de que realmente vai alí designado como representante



do Parlamento de Galiza. Creo que iso é un plus á hora de como se exerce unha responsabilidade nunha institución, por outro lado, que necesita que a prestixien un pouco.

E, sobre todo, o que nós desexamos é que teña moitos éxitos e que eses éxitos realmente sexan éxitos para todos os galegos e galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Ben, non unha despedida, senón un ata logo, como ben dixo Valeriano onte.

Eu coñezo a Xocas dende hai corenta anos, cando el era un pipiolo que entraba na facultade e eu xa era un veterano a punto de saír. Corenta anos non, que eu me atopei e me reencontrei moitas veces con Leiceaga en ámbitos diferentes.

O Parlamento de Galicia perde, sen ningunha dúbida, unha das persoas máis cualificadas que temos aquí. Leiceaga é un dos mellores economistas do país, un dos mellores dirixentes políticos que ten este país.

El vai levar iso ao Senado. Nese sentido, eu votei a favor de Leiceaga porque creo que vai ser un senador estupendo representando as ideas progresistas deste país. Pero, sen ningunha dúbida, ímolo botar de menos nesta cámara, fundamentalmente porque a súa aportación — como dixeron as persoas que me precederon — é relevante.

Eu remato cun desexo: Xocas, que sexa un camiño de ida e volta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Ben, dende o Grupo Parlamentario Socialista e como secretario xeral do PSdeG-PSOE, a verdade é que temos que poñer en valor a tarefa política feita por Xoaquín Fernández Leiceaga, por Xocas, ao longo dunha longa traxectoria. A súa cabeza ao servizo do país, o seu compromiso e a súa rectitude, a súa tarefa e arte parlamentaria aquí neste Parlamento galego creo que é un exemplo de como se pode traballar, cada un dende distintas perspectivas, por dignificar e por facer país.

Para nós, Xoaquín Fernández Leiceaga non fai hoxe unha despedida, senón que cambia de lugar e de espazo para seguir sendo unha parte fundamental do noso traballo político, e para facelo cumprindo máis alá de todos os debates que estamos tendo estes días e as típicas cuestións que se din no ámbito político, para recoñecer sinceramente un gran traballo político feito e tamén para cumprir o que eu dixen en moitas ocasións: Xoaquín está e estará onde queira estar. Non segue na Cámara parlamentaria porque considera que debe estar noutro lugar. Pero tamén hai que dicir que esta é a súa segunda etapa no Parlamento galego, e tamén é certo que non hai dúas sen tres, así que o tempo dirá onde pode estar.



Todo o agradecemento e recoñecemento a el e tamén ao resto dos grupos que falaron e que falen logo por poñer en valor a tarefa, o compromiso e o traballo ao servizo de Galicia dende o ámbito progresista dun economista de referencia, dun político de excepción e dun mag-nífico parlamentario.

Grazas, Xoaquín, polo teu traballo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Ben, señorías, eu teño que recoñecer en primeiro lugar que para min é unha sensación especialmente estraña ter que despedir a Xoaquín Fernández Leiceaga, porque a vida, que é caprichosa, tennos levado xuntos a moitos sitios, mesmo antes de que coñecera o señor Lago. (*Risos.*) Xuntos temos estado no mar de Noia, en moitos campos de deporte, nas aulas da Universidade de Santiago e, ultimamente, neste parlamento.

Dicía vostede o outro día, cando eu xa lle dixen que probablemente sería a última vez que coincidísemos na tribuna e nada máis que na tribuna, que seguiremos coincidindo. Estou seguro de que o faremos e, ademais, será un pracer a título persoal.

O que ocorre é que hoxe, efectivamente, non despido un amigo, senón un rival político que pecha unha etapa, e quedou claro que é unha etapa, non o peche de todas as etapas, unha etapa no Parlamento de Galicia.

Hai pouco *The Economist* publicaba ou daba unha información destas curiosas, que é que desde o século XIX no mundo houbo trescentas cincuenta guerras entre países, e ningunha delas foi entre dous países que tivesen democracia con oposición. Isto é o importante: que houbera oposición. Porque, efectivamente, a democracia funciona se hai unha oposición. Como dicía Jorge Wagensberg, a democracia é o máis racional de todos os sistemas porque practica o método científico. O método científico que está baseado na obxectividade, na intelixibilidade e na dialéctica. E certamente vostede honrou esta cámara porque fixo, nesta etapa que pecha, a súa oposición de forma obxectiva, intelixible, é dicir, con intelixencia, e, desde logo, cunha dialéctica que mesmo —como xa se dixo— resultou inspiradora para os seus rivais políticos.

E precisamente por iso debe de constar o respecto que lle ten o Grupo Parlamentario Popular, así como o desexo compartido por todos nós de que siga facendo o que fixo nesta cámara na súa responsabilidade no Senado porque —como tamén xa se dixo— será moi bo para Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Eu tamén lle quero desexar moita sorte e darlle as grazas por demostrarnos, señor Leiceaga, que defender os intereses lexítimos dun grupo parlamentario, o seu partido neste caso, non é incompatible co rigor e coa predisposición para chegar a acordos, como o demostrou vostede na súa etapa neste parlamento.

Grazas pola súa lealdade tamén e grazas por ser vostede un deputado institucional; diso dou fe e agradézollo en nome de toda a Mesa. Cada vez que eu tiven que entrevistarme con vos-



tede por algo que tiña que ver con temas parlamentarios, sempre vostede puxo por riba de todo esta institución. E eu iso quérolo hoxe agradecer especialmente.

Deséxolle moita saúde e moita sorte e, o máis importante, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Ben, pois antes de nada dicir que estou case emocionado e moitas grazas a todos e a todas de corazón. Ía dicir especialmente a aqueles que non son do meu grupo parlamentario, do meu partido, pero tamén —que xa se sabe como é a política— (*Risos.*) teño que agradecerlle a Gonzalo Caballero as súas palabras, igual que a todos os demais, que sei ademais que o fan de corazón.

Despois de escoitar a Manolo Lago e a Pedro Puy, entenderán vostedes que marcho ao Senado; xa toca, ¿non?, (*Risos.*) porque foron demasiados anos. Pero fágoos sen marcharme de todo de aquí. Máis de dez anos no Parlamento de Galicia en dúas etapas é unha parte moi importante da miña vida, xa non da miña vida política, senón da miña vida. E a verdade é que, sendo ademais senador en representación autonómica, vou estar pendente do que se fale, do que se diga e do que se aprobe no Parlamento de Galicia e intentar levar ao Senado as inxerencias e os intereses e as demandas que se fagan desde Galicia, como dicía o presidente, e sempre defendendo a liña política do meu grupo ou do meu partido.

Eu coincido na grande importancia que ten o Parlamento. Seguramente o primeiro parlamento europeo —segundo din— naceu en León, non lonxe de aquí, e del formaban parte naquel caso os nobres e os dignitarios eclesiásticos de Galicia, que naquel momento representaban os grupos que estaban presentes no parlamento. E novecentos anos despois estamos aquí cun Parlamento propio de Galicia nunhas condicións máis democráticas. E eu defendo a importancia que ten o Parlamento como o lugar onde se contrastan as ideas, onde se pode expresar o pluralismo e onde a partir de aí se concitan vontades para impulsar políticas en beneficio de todos. E eu creo que a racionalidade, é dicir, a lingua, a razón, que é o que está detrás da palabra «parlamento», debe estar tamén na nosa acción política.

Pido que me desculpen se nalgún momento tiveron algún comportamento que desagradou aos distintos deputados, aos distintos grupos. Créanme que intentei facer sempre a defensa das miñas ideas coa maior das cordialidades. Nese sentido levo como unha honra que nunca fun chamado á orde neste parlamento. (*Sorrisos.*) Aínda estou a tempo, pero espero que non no minuto que me queda.


E, de verdade, moitas grazas por todas as súas palabras e polo seu comportamento nestes anos. Moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remata aquí a sesión.

Boa noite a todos.

Remata a sesión ás sete e cinco minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

